





(Ourense, 1945-1946)


TÍTULOS PUBLICADOS:

1. *Lembranza de Ramón Piñeiro: catro discursos*
2. *Aturuxo. Revista de Poesía e Crítica*
(Edición facsímile, Ferrol 1952-1960)
3. *A Filosofía Krausista en Galicia*
4. *Estudios Galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*
5. *Guía de alimentación*
6. *Refraneiro galego da vaca*
7. *O Padre Feixoo, escolástico*
8. *Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía*
(Edición facsímile, A Coruña, 1948-Vigo, 1956)

Armando Requeijo








POSÍO

OURENSE, 1945-1946

EDICIÓN FACSÍMILE



POSÍO

OURENSE, 1945-1946

EDICIÓN FACSÍMILE

DIRECTOR DO PROXECTO
LUÍS ALONSO GIRGADO

COLABORADORES
XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE
BEGOÑA EGUILÁBAL GÁNDARA
AMELIA RODRIGUES ESTEVES

AGRADECIMENTOS

Esta edición facsímile de Posío contou co necesario permiso legal do director da revista, José Luis Varela, e co préstamo dos orixinais da mesma, procedentes da Biblioteca da Deputación de Ourense (Arquivo Alberto Vilanova). Tamén, co envío dun amplo material fotográfico privado da propiedade de Pura Vázquez. A todos eles, e moi particularmente a Segundo Alvarado pola súa entusiasta colaboración, o noso agradecemento.

Edita

XUNTA DE GALICIA
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS
E LITERARIAS RAMÓN PIÑEIRO

Coordinador científico

CONSTANTINO GARCÍA

Director Técnico de Literatura

ANXO TARRÍO VARELA

Deseño e composición

FAUSTO C. ISORNA

Imprime

DIFUX S.L.

ISBN

84-453-1394-0

Depósito legal

C-1073/1995

ÍNDICE XERAL

páx.

1. Presentacións

Pura Vázquez: Posío no Noroeste	13
José Luis Varela: <i>Medio século despois</i>	17
Segundo Alvarado: <i>Da palabra na antena á palabra na imprenta</i>	23
Luis Álvarez Piñer: <i>Cincuenta años de océano por medio</i>	27
Xabier Ron Fernández: “E vou namorada”. <i>Memoria e vivencia literaria</i>	29
José Ramón y Fernández Oxea: <i>Nosa Señora do Posío</i>	33

2. Introducción

2.1. Cincuentenario dunha revista: <i>Posío</i> no Ourense de 1945	37
2.2. Estudio de <i>Posío</i> :	42
2.2.1. Análise externa	42
2.2.2. A poesía e a prosa	44
2.2.3. <i>Posío</i> e as súas compañeiras de viaxe	50
2.3. A lírica galega nas revistas de posguerra (1940-1960)	52
2.3.1. Consideracións xerais	52
2.3.2. Caracterización das fontes principais: poéticas, literarias e culturais	56
2.3.3. <i>Corpus</i> de poesía galega:	77
a) Revistas	78
b) Autores	88
2.3.4. Noticia de fontes secundarias	102


3. <i>Posío</i> : texto facsímile	107
-----------------------------------	-----

4. Repertorio biobibliográfico dos colaboradores de <i>Posío</i>	191
--	-----


5. Índices

5.1. Sumarios	223
5.2. Colaboradores	225
5.3. Textos:	228
a) Verso	228
b) Prosa	230

6. Bibliografía sobre <i>Posío</i>	233
------------------------------------	-----



PRESENTACIONES




Catro alumnos, catro, foron os que caeron nas redes de Rius Zunón e Álvarez Piñer. E nas aulas, ó pouco tempo, dispúñase duns excepcionais esquemas utlizados nas clases de literatura con verdadeiro interese. Non tardaron en reunirse na pensión de Piñer, na Praza da Victoria, pasando de Quevedo a Valle-Inclán, de San Juan a Garcilaso. Sen embargo o que semellaba un bloque, preparado para fomenta-la vocación literaria dos catro mozos, foise dispersando, e o Grupo Posío, segundo se anunciaba na revista como unha premonición, dixo adeus. A obra realizada, mellor ou peor, está aí.

Como dixo o poeta, "se hace camino al andar". Agora, na lembranza daquel tempo, cabe pensar que a obra realizada posúe forza e que todo o que se fixo en Radio Ourense e en La Región debe valorarse como unha aportación de interese. O autor de Mi vida está callada, Alfonso Alcaraz, membro de Posío, morreu con moita poesía sen publicar. Os seus amigos teñen a obriga de reunirse e publicar esa poesía aínda inédita.

Segundo Fernández Covelo

Nace, nació, naciera o habría nacido en los términos del Gallaecia regnum, en un lugar que acaso cabría llamar Aguas Calientes o Augasquentes, y suele llamarse Orense, aunque lo que ahora con tal designación se conozca poco o nada tenga en común con el posible lugar de su supuesto nacimiento. ¿Deriva el nombre de Orense de un gótico Warmsee? ¿O tal vez de Aurasio o Aransio, divinidad latina de las fuentes, con lo que Orense y Orange serían lo mismo? Nada en el nombre ni en el lugar remite con fundamento a ninguna raíz áurea, sino a una raíz acua. Lo que allí viva o pueda haber vivido es hijo de las aguas. Aguas soterradas que, como señal o don de los dioses del fondo, vienen a la superficie burbujeantes, calientes. Bebió él esas aguas, que era necesario batir a causa de su grosor y que era necesario beber para defenderse de las miasmas de la muerte. Aguas. Burgo de las aguas. Burgas. Aguas placentarias.

José Ángel Valente



Posío no Noroeste

Pura Vázquez

A adolescencia

Unha vez rematada a Guerra Civil, retomei os estudos do que me quedara do bacharelato cando a vida, na tenra idade dos cumplidos 17 anos, me ficara tan ferida e maltratada, a miña e á miña familia. Todo se viñera abajo de socato. Como se unha man inmisericorde apagase dunha labazada tó dolos luceiros familiares que na noite e nos soños adoitaran encher os meus vogos soidosos onde aniñaban de nena xa as saudades más atropeladas, e cecais tamén se incubaba o xerme da Poesía.

Non me era posible desprenderme áinda daquela desaforada dor que me causaba a morte do primeiro noivo en serio, que tivera que apuntarse a lexionario para fuxir dos terrores do cárcere-convento da fermosa vila de Celanova, nin da pena fonda que me causara a cadea de meu pai nos case tres anos de loita, nin a más fame que fartura que todos tiñamos aguantado e seguiamos a aguantar ano tras ano.

Cando todo foi amainando un pouco, voltei á miña paixón de escribir versos, que tivera neses tempos por demais abandonada. Dende o primeiro ou segundo ano do bacharelato, facía intentos de poemas, e tamén intentaba escribir contos. Sinxelos contiños e sinxelos poemas que eu quería que fosen algo más que verbas sen moito sentido.

Gustábame imaxinar cousas. Escribía, nas noites longas e quentes do verán, de noite, cando as luces claras das lúas cheas se ceibaban sobre da miña xanela. E escribía no día, nas horas das clases, cando o desinterese do que se falaba me rendía. Enchía as páxinas ceibes dos libros e os cadernos, que andaban sempre cheos de pequenas ringleiras de palabras. Eu escribía e escribía. Era o que más me gustaba facer. No ano que cursei a preceptiva literaria, leváballos ó profesor, versos ou contos, e el collíamnos risoño e noutro día calquera mandábame lerlos ós compañeiros e logo el corrixíame aquello que ía mal, e facía algún comentario.

Alborecer da xuventude

Cando cumprín os 15 anos de idade meu pai mercoume unha máquina de escribir. Era de segunda man, pero eu sentíame feliz, e con ela acostumeime a escribir directamente o que inventaba. Cada vez gustábame más. Para min era un xogo precioso, áinda que non valera nada o que facía. A meu pai gustáballe a miña afección, sempre que ó mesmo tempo estudiara. Pero miña nai opinaba doutra maneira e chamábame tola, ou quitábame os papeis das mans e facíame coller os libros. De aí que moitas veces mentres todos durmían, eu estirara os ollos todo o que podía para escribir con luz de estrelas e lúa.

Ademais dos contos e os versos, escribín tamén nun caderno pequeno da primaria que me quedara ceibe de todo, o intento dunha pequena noveliña, titulábaa "La esposa niña". Un día viuna, ó cachearme os libros, un mestre que coñecía a meu pai e ó que lle facían moita gracia as miñas afeccións literarias. Colleume o caderno e púxose a lelo sen importarlle o meu enfa-



Dona Gala
Murguía (no
centro) con
Dora e Pura
Vázquez
(A Coruña,
1960)

Seguín cos poemas. E un día pregueille a meu pai que lle levara unhas follas escritas ó diario *La Zarpa*, da nosa cidade. Cursaba xa 3º de bacharelato, e a xente que os lía gabábaos díxome que estaban ben. O meu pai por compracerme levounos ó rotativo e entregoullos a alguén que coñecía. Ós dous ou tres días, saíume publicado un. Outro día, outro, e así... Todos os que levaba, publicábanmos naquel querido diario, o primeiro protector dos soños e da poesía dunha pequena escritora de liñaxe ben modesto e de ben comúns apelidos.

Con 15 anos áinda enredaba cos rapaces e as cativas coma min, bos compañoiros. Fóra das horas do estudio e das clases lía moito. Periódicos, algúns libros de versos que había na casa: de Lamas Carvajal, Curros, Rosalía. Lía tamén novelas das que traía miña irmá e podía pillarlle. Lía canto me caía nas mans. Non había papel impreso na casa que non lera. Íame formando en soledade, e iso sacudía de min os cachóns de aburrimiento e saudades que me embargaban, áinda que non tivera motivo ningún para sentirme triste.

Así rematou 1933, e pasaron 1934 e 1935, e xa era coñecida por case todos —Ourense tiña daquela moi poucos habitantes— e os compañoiros chamábanme “a poeta”.

Chegou un vento de morte

No 1936, cursaba 5º ano do bacharelato. En xuño, suspendín o Latín 2º e a Física. Tiña que estudiar todo o verán. Un mes despois comezou, inesperadamente, a Guerra. Todo se veu abaxo. *La Zarpa* desapareceu coma unha illa tragada por un tornado. Adeus ó meu periódico, ás miñas colaboracións. Adeus ó meu primeiro amor, ós poemas, ás ilusións. Todo foi trastornado por aquel vento de morte.

Ós poucos días, meu pai estaba lonxe, cun traslado. Logo levárono á cadea, onde estivo preto de tres anos no cárcere primeiro, e logo reconstruíndo mosteiros e cuarteis na provincia de Ourense, ata que finalmente o deixaron saír ceibe para a casa.

Neses inesquecibles anos miña nai envioume para onda Dora, miña irmá, quedando ela en Ourense ó tanto da casa e da finca, que por ser propiedade de heranzas súas, non nos puidieron arrebatar.

A min gustoume sempre a aldea. Así que, nese senso, más ben ganei. O que perdía de bo ó non estar en Ourense ganeino en saúde e nunha mellor compenetración con miña irmá, a

do. Díxome logo que estaba bastante ben escrita e que “cantas cousas sabía para ser unha rapaciña tan nova”. Pedíume que lle prestara o caderno para ensiñarllo á súa muíller. Deixeillo. Nunca máis volví a velo. Era no ano 1933. E tiña eu 15 anos.

Esquecinme daquelo. Pero sempre me quedou unha forte inquedanza loitando no subconsciente, que rexurdía anos máis tarde. Bastantes máis anos despois: escribir unha novela.

quen me ían acercando más os anos. Mientras ela estivo solteira, liamos moito as dúas e comentabamos os libros que mercabamos, que eran poucos, pero forneciámonos nas pequenas bibliotecas escolares e nas dos concellos. E tamén escribiamos ás veces; eu, poemas, e ensaiando contos, ela. Un día, pensamos que sería bo escribir xuntas unha novela "de verdade". Gozabamos coa idea.

E foi dito e feito o comenzala. Polas tardiñas escribiamos. Pensamos no argumento e atopámolo. E tamén inventamos un título: "A corte de San Hilario". Tratábase de tres solteironas e un só homiño, irmán delas. Escribimos máis de corenta páxinas, que nos facían rir moito, ó escribilas e logo ó voltar a lelas. Pero cando a cousa se ía enredando moito, non nos atrevimos a seguir. Perdeuse todo aquello, e eu quedeime con ganas de voltar sobre del calquera día. Pero Dora colleu novo e casou pronto. Tivo o primeiro fillo. E xa non había maneira de tratar de desenredar o novelo. O caso é que sempre segúin tendo desexos de escribir novelas.

Segúin co máis fácil —os versos— para os meus anos e coñecementos. O neno ía criado case, Dora tiña xa a compaña do marido, e eu tiven o bo acerto de voltar para Ourense, rematar os estudios, ó mesmo tempo que traballaba para axudar á familia, pois o meu pai estivo destituído de emprego e soldo 16 anos, ata que eu fun destinada a Madrid de novo, ó meu regreso de Venezuela. En canto cheguei a Madrid, o primeiro que fixen foi rehabilitalo.

Eu quería seguir escribindo e publicando. Aínda conservaba a máquina aquela que meu pai me comprara cando tiña 15 anos. E púxenme de novo a escribir poemas. Rematei o bachelato e fixenme mestra por un Plan Breve e estudiando duro.



Pura
Vázquez
entre Fermín
Penzol e
Ramón
Cabanillas.
Madrid,
Paseo del
Prado, 1955

O regreso a Ourense. Nace Posío

Ourense foi, dende sempre que eu o lembro, terra de poetas. De altos poetas galegos: Cuertos Enríquez, Lamas Carvajal, Prado Lameiro, e outros. Na década de 1940, logo de rematada a Guerra Civil, e ó pé das grandes figuras ourensás, que eran Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino López-Alonso Cuevillas, etc., con outras grandes figuras que formaron cos que quedaran vivos, o grupo xeracional Nós. Foron iles os antecedentes inmediatos da nosa xeración, dos que, sendo poetas, escritores, músicos, pintores, actores, intérpretes magníficos da poesía, creamos con entusiasmo, naquela sempre con amor lembrada Radio Ourense, para nos coñecida como Radio Puga, co aval e a axuda de Luis Álvarez Piñer, don José Rius Zúnón, educador e poeta, e outros que nos asesoraban, como don Vicente Risco, que era a figura primordial naqueles encontros das famosas tertulias do lembrado Café do Hotel Roma, tamén desaparecido. Álvarez Piñer ganou fai uns dous ou tres anos o Premio Nacional de Poesía Española. A marxe doutras persoas más significativas daquel tempo e dos de arresto que eu, vou presentar *Posío* neste volume da lembranza da primeira revista poética que naceu en Ourense despois da Guerra. Pero quero lembrar e render homenaxe a aqueles novos rapacíños que roldaban os 20 anos, entre os que me é marabiloso contarme, xa que eu era a máis



Unha
simpática foto
dos mozos de

Posío: de
esquerda a
dereita, Luis
Álvarez Piñer,
Segundo
Alvarado, José
L. Varela,
Segundo F.
Covelo e
Alfonso

Alcaraz
(Ourense,
1945)

benevolente diario *La Zarpa* publicara primeiro, para ser logo, os xa escritos baixo da éxida do Círculo Azor e da revista *Posío*, publicados inéditos no diario da cidade, chamado *La Región*, que tamén me acolleu con xenerosidade e con boa vontade ilimitada. Logo publiquei con eles o primeiro libro en castelán, *Márgenes veladas*.

Posío foi unha revista xestada e parida por nós. Todo o grupo participamos, cada un no que mellor se lle daba. O director era José Luis Varela. Os demais humildemente colaborabamos en equipo, non só en aportar material escrito e ideas, senón en recadar fondos, cousa que non se nos daba de todo mal, para axuntar con eso unha axuda pequena, pero real, a unha subvención, non lembro si xenerosa ou escuálida, que contribuíu a sostener a revista ata os seus catro números publicados, cando tamén a vida nos separou polos máis diversos camiños.

Agora, *Posío* resucita do seu soño cincuentenario. E con ela resucita un dondo e abondoso mundo onde todos nós convivimos e loitamos sen esquecernos nunca uns dos outros. E por certo que nestes altos anos, entre os que áinda vivimos, que somos todos, menos o inesquecible gran poeta que foi Alfonso Alcaraz, latexa a amizade máis fonda, aquel espiritual desexo dos encontros que de vez en cando a vida nos ofrece.

vella de todos eles. Tería uns 24 anos. A aquel primeiro grupo chamamos Círculo Azor e entre todos faciamos unha sección que era nomeada, pola Radio, Musa al Noroeste. Figurabamos, José Luís Varela, Alfonso Alcaraz, Segundo F. Covelo, Segundo Alvarado —un dos que sempre levaba a batuta e o traballo—, José A. Valente, eu...

Luis Piñer e Rius Zunón impuxéronse a tarefa nobre de abrir os meus ollos e a miña alma á fonte (copiosa xa) da miña poesía, da que as primerias canles foran aqueles poemas escritos durante o bacharelato, e que o

Medio século despois

José Luis Varela

Medio século despois daquela travesura —espontánea e interesada, sen dúbida; gratuíta e necesaria ó tempo, como quizais o sexa toda actividade xuvenil— vénseme ó recordo, mentres a evoco, unha afirmación de Ortega sobre a actividade do pensador e do artista, segundo a cal deberamos considerar nela tres compoñentes: un subsolo, un solo... e un adversario.

A verdade é que por moito que fурgo, palpo e sacudo os meus recordos daqueles anos ourensáns, non consigo ver senón o subsolo e parte do solo, pero o que se di adversarios ou antagonistas, ningún. Pola contra, resúltame moi patente un desexo de relación, incorporación, integración e suma, xamais de negación e resta. Suma de vellos e novos, de linguas familiares e distintas, de ideoloxías encontradas, de estéticas disímiles. Vexo, se se quere, un ríco eclecticismo, non exclusións nin vetos radicais ós que, por certo, tan proclive ou vulnerábel adoita se-la xuventude.

Fomos os de *Posío* os primeiros mozos da posguerra que nos agrupamos en Ourense cun vago pero vehemente propósito de continuar unha tradición local de cultivo fervoroso das humanidades. Mestres non faltaban, certamente; no meu caso particular, por poñe-lo exemplo más fácil, Otero Pedrayo e Pérez Colemán no instituto, Cuevillas nunha academia das “legalmente reconocidas” —como entón se dicía—, Risco dende *La Región* e en todas partes, sempre coa súa humilde accesibilidade socrática.

Creo que as primeiras manifestacións organizadas tiveron como aglutinante a Acción Católica e como “empresario” —que a súa gran bondade me desculpe— ó Consiliario mesmo da Rama de Xoves, un paúl entusiasta e máis xuvenil ca nós, o P. Bernardo Díez Obelar. Baixo o seu patrocinio fixemos algo de teatro, moitas lecturas poéticas e sobre todo organizamos unha páxina, moito máis literaria que apostólica, titulada “Pregón”, que saía en *La Región* cando podía, e acostumaba poder cada quince días, máis ou menos, e que me permitiu entrar en contacto coa rexa e singular personalidade de don Ricardo Outeiriño, daquela director do xornal, e de don Vicente Risco, o meu inesquecible mestre. De *La Región* pasamos á radio, a hospitalaria e encanastrada EAJ 57, Radio Ourense, dende onde comezamos a emitir teatro, poesía e prosa, todo baixo un palio emancipado de todo proselitismo, que denominamos Círculo Azor e que agrupou a un bo acio de rapazas ourensás, nómina rescatada compasivamente do esquecemento polo seráfico Segundo Alvarado no primeiro número de *Posío*. Pero hai que engadir a ese orteguiano subsolo unhas tertulias —exclusivamente poéticas: non lembro nin unha prosa nin o menor roce con temas políticos— en casa dun poeta vanguardista que a resaca bélica varara en Ourense: Luis Álvarez Piñer. Ignoro absolutamente por que o seu nome, a súa colaboración ou a súa presencia non nos acompañou nin pouco nin moito en *Posío*; o mesmo digo de José Luis López Cid, moi leal seguidor, amistoso por aquelas calendas de canto un emprendía. Pero o caso é que ningún dos dous figura senón como testigo naquela singular empresa, acometida sen retagarda ningunha, nin menos intendencia.

Vicente Risco





*Castroviejo e
José L.
Varela, nos
anos de
Posío, en
Tirán
(Pontevedra)* blo Gallego, de Vigo). Santamarina, Euxenio Montes e Vicente Risco figuraban na primeira liña das miñas devocións literarias; Manuel Antonio e Amado Carballo entre os poetas más queridos na lingua vernácula. Non é estranxo que estes nomes, con outros que pronto se engadiron (Cunqueiro, Castroviejo, Bouza, etc.) aparezan como destinatarios dunhas emisións monográficas da radio, que denominei Musa al Noroeste, simultáneas á edición de *Posío*, onde, co mesmo título dende o número dous, ocupará sempre as páxinas centrais da revista a poesía galega. Nesa antoloxía aparecen, se o recordo non me nubra, os primeiros versos gallegos de Pura Vázquez.

Pero xa que o seu nome xurdiu, non podo aprazar por máis o referirme a un home que ocupa moi boa parte do subsolo, orteguiamente falando, de *Posío*: Xosé María Castroviejo. Coñecino en maio ou xuño do 42, nun Castromil, camiño de Compostela, onde ía eu render contas do meu bacharelato, nunha parada interminable que fixo aquel cascallo no Ulla; interminable porque Xosé María entretiña ó conductor e revisores na barra dun mesón cuns viños dourados que, ante a impaciencia cada vez máis airada dos viaxeiros do autobús, saían a contrastar admirativamente ó sol. Por fin, arrincamos, e velaí o barbado poeta ven sentarse precisamente ó meu lado e somérxease na lectura dun libro en francés... Lembro que a expectación ante aquela rara especie, entre fidalga e bohemia, aumentaba o silencio dos antes alporizados, ata que Xosé María, consciente disto, sacou un fermoso pano de herbas e asoouse estrepitosa, escandalosamente cunhas trompetadas de ciclope... Abordeíno, e fomos entrañables amigos. Cando, sendo eu estudiante de Letras, caía por Compostela inesperadamente, a escridade do ambiente universitario e urbano se transfiguraba, de xeito que pedras, vultos e rincóns adquirían unha vivacidade descoñecida, espertaban a unha nova existencia, que ademais facía compartir con algún que outro "notable" que coa súa fantasía pícara arrincara de Madrid ou do estranxeiro: Juan Aparicio, Giménez Caballero, Walter Starkie, Juan Carlos Goyeneche... Precisamente a visita daquel singular xenio e enxeño do xornalismo de posguerra, Aparicio, culminou cun memorable almorzo nunha finca de Xeve, propiedade do pai de Álvaro Ruibal, e alí asistimos ó proxecto, moi cedo realizado, de adicar ás tabernas de Santiago de Compostela e ás campás españolas as páxinas centrais de *El Español*. Imaxínese a éxtase daquel novo universitario que eu era, ó recibir en Ourense, poucos días despois, un telegrama do Director Xeral da Prensa invitándome a escribir para *El Español* sobre a Berenguela compostelá e a arquidiócese das campás galegas. Tamén por Castroviejo entrei en contacto, xa en Madrid,

con dúas firmes admiracións súas, e por suposto miñas, Álvaro Cunqueiro, daquela excomungado polo prepotente Aparicio, e Santiago Montero Díaz, o máis brillante e fascinante dialéctico que un coñeceu xamais. Aparicio, que estendeu a súa invitación a outras creacións súas (*Fantasia*, *La Estafeta Literaria*), negouse, sen embargo, a autoriza-la reaparición de *Posío* en Madrid (1946) ante as dificultades económicas e doutro tipo que facían imposible a súa continuidade en Ourense. Así, con esperanzas de resurrección, perdeu definitivamente a súa existencia a revista, cando conseguira, co seu número catro, a prestancia física e a calidade que pretendiamos dende o seu nacemento.



Carmen
Conde
(á dereita),
con Pura
Vázquez e
Rafael
Montesinos

Subsolo, solo... e adversario. Non había propiamente adversario, porque o solo, o propósito do "solo", era pura e simplemente existir, e para existir comunicarse, convivir, o cal precisaba dunha operación previa e tan simple como o recoñecemento da nosa existencia. Dialogar co pasado inmediato (aí están como testemuños os versos de Gerardo, as prosas de Risco e Otero, daquela moi vivos e activos, pero mestres de xeracións e protagonistas de acontecementos non vividos por nós), co pasado remoto (Martin Codax) e o presente doutros grupos (*Halcón* de Valladolid, *Espadaría* de León, *Garcilaso* de Madrid, entre outros); conviven diaxionalmente en *Posío* o verso clásico e o verso libre, a prosa e o verso, o galego e o castelán, os poetas sociais, os relixiosos e os neoclásicos. Precisamente a miña facultade madrileña era unha boa canteira con todo o mostrario accesible, e servime con larguezas: Nora, Valverde, Vázquez Cuesta, Pedro Lezcano ou Blanco Montesdeoca eran condiscípulos meus, ós que cabe engadi-la contribución de mestres (Entrambasaguas) e a prometida e frustrada de Dámaso Alonso, quen, como sempre, prometeu con toda clase de pronunciamentos a súa colaboración, pero rematou enviando a de Carmen Conde, un longo ensaio crítico que non puidemos publicar pola súa extensión, pero que casualmente versaba sobre a obra poética de Dámaso Alonso. Por certo que non esquecerei a perrencha que me proporcionou Dámaso cun comentario sobre a revista. Sen dúbida coa impresión recente do número dous, que lle enviara, e que se abre con dous bizarros poemas cripto-nazis de Castroviejo, titulados "Londres" e "Berlín" (dúas follas dun tríptico iniciado no número anterior con "París"), Dámaso reiterou a súa promesa de enviar algo "para esa revista tan cosmopolita que hacéis en Ourense". Non sei que me feriu más no seu desdeñoso retintín, se o que se dirixía exclusivamente a *Posío* ou o que á miña vila se refería. O caso é que non cumpliu a súa promesa, e pola miña parte garanto que a "Oda al Botafumeiro", de Entrambasaguas, que abre o número tres no espacio que a el o agardaba, non constitúe ningún tipo de represalia.

A banda con lenda cancioneiril e galega que exhibe sempre a man da portada ocorréuse-me a min, e Ginés Liébana¹, exquisito debuxante e pintor que daquela coñecín na redacción de *El Español* ou no madrileño Café de Gijón, realizouna sobre unha man primorosa... que se perdeu antes de chegar á imprenta naquel grato *bric-à-brac* de Radio Ourense, rúa das Tendas, ó costado da catedral, no primeiro andar dunha das casas onde Blanco Amor sitúa o seu propio asomo con asombro á vida en *La catedral y el niño*, novela que pronto lemos en Ou-

¹ Vid. o poema que lle adica Pablo García-Baena en *Posío*, nº 4, 1946.

rense por se-la súa crónica e para a cal Risco enviara a Bos Aires unha fotografía do templo que facilitase ó editor a confección da súa portada. A man de Liébana perdeuse, dicía, de xeito que a que figura nos catro números foi unha reconstrucción ben intencionada de Peroxa, un amigo de Alvarado, dedicado, se recordo ben, a compoñer os grandes cartelóns cinematográficos dunha sala do Paseo. Pero penso que ese lema cancioneiril ("e vou namorada") da man pacificamente aberta contén máis sentido (aquí si que unha imaxe vale máis que cen palabras) que tódalas posibles eséxeses a *posteriori*, xa que cincuenta anos aventuren e disipan as vivencias máis patentes daqueles anos e aqueles mozos. (Produce certo sobresalto, un sobresalto que sume na más aniquiladora modestia, pensar que aqueles "venerables" mestres do Ourense de entón eran más novos que os que hoxe os evocamos).

Volvamos á banda, estampada —convén acentuar— na cuberta dunha revista de 1945 e 1946. E convén volver porque nalgún lugar subliñouse o feito de que, "en plena represión lingüística", Posío dedicara tanta atención á lingua e ás letras galegas.

Espadaña,
crítica e
polémica
*no seu
tempo, deu
noticia de*
Posío

Polo pronto, agradécese o eloxio, pero non se acepta de todo a súa eséxese. Morra o conto, señores. Xamais tivémo-la menor sensación de acometer algo prohibido, de emprender algo arriscado, rebelde ou indirectamente agresivo contra nada nin ninguén, dando cabida natural e lexítima ás nosas dúas linguas. A nada nin a ninguén nos encomendamos, ninguén nos felicitou por isto, ninguén nolo reprochou tampouco. Fixémolo coa naturalidade con que nos produciamos na rúa, no colexiou ou na radio. E cun chisco, se se quere, de vaidade singularizada, xa que a nosa sociedade literaria non podía face-lo mesmo en León, en Madrid ou en Valladolid, poño por caso. Non entro no asunto da "represión", non tomo partido aquí e agoira en tan polémica materia. Digo que para nós non existiu, sen máis. E como o feito de estampar vellos e novos textos galegos non nos presentou de entrada, nin a medio ou longo prazo, problema ningún, actuamos coa naturalidade da rúa e da sociedade galegas, de realidade bilingüe. ¿Dicían verdade os románticos cando reivindicaban en exclusiva o descubrimento das artes e letras medievais? ¿Mentían a propósito? Sen dúbida hai entre as xeracións problemas de perspectiva que dificultan unha visión obxectiva do pasado, áinda que este sexa inmediato, e áinda diría que o asunto se agrava cando é inmediato ou recente. Esaxeramos ou negamos para afirmarnos. E xa a malicia sabia do vello Goethe advertía que os fillos soen ir contra os pais, pero a favor dos seus avós.



(Con todo, o precedente *excursus* non pode esquecer a un posible destinatario, por se a súa intelixente bonhomía ten algunha responsabilidade neste asunto: José Fernández Gallego, delegado de Cultura ou como se chamase daquela o seu cargo, subscriptor de honra da nosa revista dende o seu nacemento, observador discreto e bondadoso das nosas inquietudes, profesor de Francés no instituto —áinda que, como permanente auxiliar, quizais o fora de *omnia re scibile*—, ó que chamabamos cariñosamente Canitrote porque así acostumaba cualificar ós seus malos estudiantes, parte viva e moi activa da bilingüe mesocracia —que xulgaba a aristocracia dende o clube local— daquel familiar e diminuto Ourense. ¿Aprobou Gallego en silencio a nosa iniciativa ou viuna simplemente coa mesma naturalidade con que esta se produciría?)

Cincuenta anos é un bo treito, pero non pode enganarnos: *Posío* foi unha gran promesa que quedou desgraciadamente niso. Como o exercicio da profecía retrospectiva é bastante fácil, cabe pensar que, de ter seguido dende Madrid ou dende Ourense, camiñaría por vieiros menos eclécticos, quero dicir que tomaría partido na polémica aberta entre *Espadña* e *Garcilaso* por exemplo, e privilexiaría unha faceta determinada das estéticas daquela en pugna. Porque eclecticismo pode significar madurez, moderación, liberalismo artístico e demais herbas. Pero tamén puro e simple despiste, escapismo ou pobreza. Nada máis elocuente, a este respecto, que o solo de pífano que constitúe a platónica exaltación da beleza á fronte do primeiro número; é, vista á distancia deste medio século —se para algúin avisado de entón non o significou xa no seu momento— a miña cautelosa omisión de todo compromiso. Claro que ó mellor nos fixeron bos algúns comprometidos que logo viñeron...


Consciente, pois, da ambigüidade estética e da discontinuidade do noso esforzo, a melancolia empápase agora de gratitud por unha iniciativa que desenterra a un morto prematuro. A súa exemplaridade reside en pouco máis que en existir nun tempo de cascallo e de esperanza, e ó que seguiu, para colmo, unha desgracia parecida á sufrida pola parte primeira do *Quijote* —e salvadas sexan, como é de recibo, tódalas distancias—: que antes da súa reaparición cervantina en 1615, o refungón Avellaneda aproveitouse da súa ventura, usurpando o seu nome e a súa personalidade, e do mesmo xeito outro *Posío*, de méritos que non regateo, seguiu ó noso, sen ter máis parentesco co orixinal que o do seu nome.

Nome, obra, home: que aguilloada melancólica ó repasar estas páxinas, e comprobar que, como páxinas tamén silenciosas, foron pasando para sempre vidas que significan tanto na vida dun, que sen elas non existe en gran medida a propia. Que acio de sombras: Alfonso, ebrio de versos, dilapidador de si mesmo, asoballador, afectivo; Xosé María, orxiástico e exquisito, imprevisible, camarada; don Vicente, inerme e util, sobrio, fondo; don Ricardo o dogmático e sedentario, vehemente, indulxente; Álvaro, imaxinativo e erudito, vulnerable e triste... Este novo *Posío* rescátaos e ponos en pé co seu rostro e voces propias. Eu deilles a miña man, dende estoutra beira, medio século despois. Comprobéi que as súas mans seguen quentes. Ó menos, para min.



Segundo F.
Covelo
(á esquerda)
con Alfonso
Alcaraz,
anos despois
de Posío

Austin, Texas, 1995.



Da palabra na antena á palabra na imprenta

Segundo Alvarado Feijoo-Montenegro

Eran os primeiros anos da posguerra. A emisora local, Radio Ourense, co distintivo de EAJ 57, emitía entón en onda media de 201,1 metros, 1.492 quilociclos e un quilovatio de potencia. Os estudos, antano nun escaparate de Bazar Puga, foron elevados ó primeiro andar da casa nº 9 da rúa das Tendas, no vello Ourense catedralicio e peripatético da Praza Maior.

Un amplio grupo de xoves comenzaron a polariza-la vida literaria e cultural da cidade. Era a radio o seu medio de expansión. O grupo chamouse Círculo Azor e del fálase no primeiro número da revista *Posío*. Afección pura, vocacións exemplares, voces singulares permitían programas de música, poesía, literatura, teatro.

Aquel concerto de xoves arredor dos vinte anos foi perfilando a súa personalidade literaria por unha serie de circunstancias ocasionais pero felices. Comezaron coa publicación, no diario *La Región*, polo ano 1942, dun “Pregón de los Jóvenes de Acción Católica”. Alí mostrábanse os primeiros pasos literarios ou poéticos de Varela, Alcaraz, Alvarado, Covelo, o P. Bernardo Díez Obelar, Virxilio López Cid e outros. Pero, á par, dous profesores do Colexio Cardenal Cisneros, Luis Álvarez Piñer e José Rius Zunón, de Literatura e Historia, exercían un paternal mecenado intelectual. Piñer era o poeta do grupo Carmen, do Xixón dos anos trinta. Rius, inspector de escolas, pertencera ó grupo de La Barraca de García Lorca.

Varela, pola súa parte, mantiña máis relación con Risco, Otero ou Cuevillas e Alcaraz, poeta este que xa asomaba os seus versos á tertulia do Roma e compartíaos con Pura Vázquez, coñecida xa polas súas publicacións no xornal *La Zarpa* e despois en *La Región*.

O grupo ía nacendo arredor das reunións que tiñamos con Piñer na súa casa-pensión da praza da Victoria 2-1º. Os primeiros contactos coa poesía de Juan Ramón, de Alberti, de García Lorca, de Unamuno, de Gerardo Diego, tivérонse alí. O grupo reuníase tamén no antigo Café Roma, ó fondo do bar, onde liámola chamaada producción propia. Por outra banda, nos estudos da emisora, Rius era o animador cos ensaios sobre recitación e teatro. O grupo, que alternaba as súas actividades co locutor da radio, Pepe Gago, e a colaboración de Aurita Álvarez, chegou a xerar posteriormente outros grupos afíns, como o Club de Arte Cisne, xa na década de 1950, unha vez que ó comeza-la década o Azor se disgregou.

Naqueles programas emitíase unha sección dominical en sobre-mesa titulada *Musa al Noroeste*¹. Recollíase nela a palpitación poética dos mellores poetas galegos, e seguíase polos radiooíntes con

De esquerda
a dereita,
Segundo F.
Covelo, José L.
Varela e
Segundo
Alvarado.
Ourense,
1942



¹ Foi ó parecer José Luis Varela o responsable da liña estética da lírica galega seguida na sección *Musa al Noroeste*, segundo se deduce con claridade do artigo do propio Varela que incluímos nesta mesma sección de presentacións.

especial atención, non só polo interese co que sé presentaban as monografías, senón pola alta calidade e capacidade de recitación dos integrantes do grupo.

Coa inquedanza persoal do grupo literario, para dar saída ós seus poemas ou traballos literarios, foise creando a necesidade dunha revista. Púxose mans á obra. Realizáronse os trámites oficiais. O director era José Luis Varela, xa en Madrid; o seu administrador, Alvarado; o seu propietario, Covelo; o seu redactor xefe, Alcaraz. Obtéñense permisos oficiais e no primeiro número de *Posío*, o mesmo nome do belo xardín ourensán e con connotacións eufónicas con poesía, saía á luz en xullo de 1945, coa ilusionada pretensión dunha publicación mensual, que pronto pasou a trimestral e logo foise atrasando ata un cuarto e último número, xa en 1946.

No estudio previo de paxinación tivo en conta que a poesía había de ser impresa en cursiva inglesa, a literatura en redonda. As páxinas centrais da revista ían ser dedicadas a "Musa al Noroeste", co mesmo sentido e ton do programa radiofónico, pero con outra orientación más actualizada. Era necesaria algúna ilustración, e logrouse a de Miguel López Elizalde, debuxante e pintor, que nola facía a linóleo, porque así non se gastaba en fotogravado. Estudáronse as cores para dar unha "certa iluminación" ás páxinas, partindo sempre do abaratamento de custos. Para a portada había un bonito debuxo de Ginés Liébana, que llo regalara a Varela en Madrid, unha man fina, sensitiva, audaz, que levaría o lema do "e vou namorada" da vella cantiga. Pero o debuxo perdeuse. Non sabiamos como remediar o suceso e encargouselle outra man a Isaac Pereira, debuxante e pintor ourensán que facía os traballos en publicidade, co pseudónimo de Peroxa. Fixo a man, a satisfacción. E quedou todo listo.

Logo, a imprenta. Había que se confrontar a profesionais de pura cepa, como eran os tipógrafos, os caixistas, os linotipistas, os componedores. Tras algunas xestións, poucas porque en Ourense había escasísimas imprentas e non todas podían facer este traballo, concertouse a publicación con *La Región*. Houbo a fortuna de que o seu rexente, Pepe Iglesias, un home más ben baixo, coa cara de mal humor, xesto de bicarbonato, acolleu esta publicación cun entusiasmo insólito, como cousa súa. Non había un só problema. Pola contra, calquera aspecto técnico dificultoso resolvíao como fora. Incluso chegou tirar dúas veces as páxinas centrais do primeiro número, en letra gótica, porque non lle chegaban non sei que letras do almacén. Pepe Iglesias fora obreiro de cando o anterior rexente da imprenta, antes da Guerra Civil, don José María Cid, un home xeneroso, segundo dicían del, que fora a París coñece-las técnicas modernas de caixa e composición, sindicalista, presidente da antiga Casa do Pobo da República e que, facendo honor á súa profesión, compartía o grupo dos intelectuais daquel sindicalismo obreiro da preguerra.

Así, a revista, con marxes amplos, cada páxina para cada poema, alternancia entre poesía e prosa, buscando unha presencia estética e unha presentación ágil e xenerosa. Coidábanse todos os detalles. Fíxose publicidade no primeiro número, totalmente separada do contexto. Buscáreronse subscrpcións de honra, nada fáciles. Lográronse algunas subvencións. Consegiuse a publicación dun cuarto número, que houbo de se-lo último por falla de recursos, por unha banda, e pola obrigada diáspora do grupo. Ó fin, quedáronse debendo a *La Región* oitocentas pesetas que don Alejandro Outeiriño reclamaba con reticencia, paciencia e ata comprensión. A débeda nunca puido saldarse e quedou diluída no recordo cara a revista e cara os xoves editores daquela maneira de "trasnada" literaria.

A outra razón da morte de *Posío* foi a disgregación obrigada do grupo. Varela xa en Madrid, Alcaraz en Mutualidades, Covelo en Vigo, Pura cara ás súas escolas. A emisora era como

a nosa propia casa, cun paternal director como Ramón Puga. Alvarado exercía xa de xefe de emisións e Piñer xefe de programación. No ano 1950 Azor desapareceu e as antenas da radio non deixan constancia das voces. Foi a década dos anos corenta probablemente a de meirande vitalidade literaria e poética da cidade. Oíanse os versos en galego, sen que xamais se nos dixeran nin unha palabra sobre o tema. Só nunha ocasión, don José Fernández Gallego chamoume para indicarme que Lorca estaba prohibido, a propósito da recitación do seu "Llanto a la muerte de Ignacio Sánchez Mejías" e, noutra ocasión, sendo Ángel Huete locutor, emitírase, por erro, unha canción relacionada coa sublevación de Galán e García Hernández, que acababa con vivas á República. Non houbo máis. Pero a poesía galega soaba en Radio Ourense e os versos escribíanse nas páxinas de *Posío* con absoluta liberdade.

Agora, ós cincuenta anos daquela publicación, cabe sinalar un feito importante, de indubidable relevancia. O destino dalgúns daqueles compoñentes ou amigos do grupo. Luis Álvarez Piñer² é agora Premio Nacional de Poesía; José Luis Varela é Premio Nacional de Literatura; Pura Vázquez é Premio de Creación literaria feminina da Xunta de Galicia; José A. Valente, aquel mozo que publicaba o seu primeiro soneto no cuarto número da revista, Premio Nacional de Poesía e Premio Príncipe de Asturias. ¿Que tería sido de Alfonso Alcaraz, o poeta relixioso máis poderoso do noso tempo, do que a obra só puido ver unha antoloxía breve que lle publicámos os amigos, *Mi vida está callada*, e que espera unha necesaria publicación?


Noutras áreas da vida cultural, seguindo aquelas pautas de Rius Zunón, empeñeime no teatro ata a constitución da Agrupación Teatral Valle-Inclán, cun premio nacional de teatro xuvenil entre outras tarefas.

Volve *Posío* para o recodo, a emoción e a nostalxia. Varela chamou a aquello "trasmada xuvenil". Dicímolo agora, septuaxenarios xa. Entón era o tempo de intentalo todo, ata a vida.



No grupo,
Pura
Vázquez,
Ramón
Piñeiro,
Novoneyra,
C. Maside e
Manuel
María.
Arredor de
1950

² Luis Álvarez Piñer (n. en Xixón en 1910) colaborou con tres poemas na revista *Carmen*, de Gerardo Diego. En 1936 publicou *Suite alucinada*. En adiante o poeta foi recompilando o seu labor lírico baixo o título *En un largo silencio*. Foi en 1991, moi serodiamente, cando recibiu o Premio Nacional de Poesía polo seu poemario *En resumen (1927-1988)* (1990), unha completa antoloxía dos seus versos e o seu segundo libro poético.



Cincuenta años de océano por medio

Luis Álvarez Piñer

Curiosa coincidencia la mía al poder acercarme otra vez a Orense, después de varias décadas, para avivar ciertas memorias y tropezarme con la memoria misma, viva, puesta en pie en imagen y palabra: dos días antes de mi nueva arribada, el dominical de *La Región*, de 28 de junio de 1989, a toda plana, reseñaba aquella aventura intelectual nuestra encabezándola además con el único documento gráfico existente en el que figura conmigo toda la Plana Mayor navegando en una postal verbenera, ya con cincuenta años de océano por medio.


De toda aquella unidad mayor, *Posío* queda ahora como vértice, símbolo o cifra de una rica serie de actividades diferentes, de inquietudes comunes, de un trenzado de afectos y, en mi caso propio, del hallazgo feliz y asiento definitivo de una vida entera.

Creo que bien vale la pena imaginarse ahora, para valorar voluntades, situaciones y resultados, lo que podía ser y lograr la vida en una ciudad tan chica y tan cerrada como Orense al comienzo mismo de la posguerra y especialmente para quien, como yo, “venido del frío”, entraba en ella a sobrevivir. El que partiendo de la labor de las clases se configure lo que llamamos Círculo Azor y luego *Posío*, significa un pequeño milagro íntimo. Yo conservo la presencia viva de nuestras reuniones en el café y, sobre todo, en mi casa, y veo las cabezas en corro en torno al calor, encendido en medio, del fuego del clan, que era la letra de nuestros grandes poetas. Recuerdo, desde dentro, la lluvia y al otro lado de la calle las enormes pencas de la pita cuyo bohordo había ya destrozado buena parte de la muralla del viejo Palacio Episcopal.

Poco a poco aquella caliente intimidad intelectual se expande en formas varias, dándose a sí misma entidad mayor, sobre todo en aquellas sesiones de la entrañable y generosa EAJ 57 donde tomó cuerpo Musa al N.O. con actividades colectivas continuas y diversas. En una anterior memoria pública del grupo (*La Región*, 27 de mayo de 1950) se daba cuenta del esfuerzo que muchos interesados hacían por continuar lo que había muerto con la Revista. No dio resultado porque se trataba de algo así como una institucionalización que era exactamente lo contrario.

Gran parte de la no breve serie de revistas literarias locales con alcance general fue producida como *Posío*, con un cierto heroísmo. Y en general, como *Posío*, desaparecieron pronto. La nuestra resistió sus cuatro números con dignidad de presentación y contenido, con nómina que alcanza a generaciones anteriores, incluso la del 27, e incluye a todo el grupo propio. La doble página central, realizada levemente por el color de fondo de un grabado a linóleo, estuvo dedicada siempre a la literatura en gallego. Va desde Martín Codax hasta el Manuel Antonio de *De catro a catro*. Nada excepcional si se quiere, pero que, puestas las coordenadas de tiempo y lugar, puede tener algún significado. El número de salida (único que señala mes) es de julio de 1945.

Se conmemora, pues, con esta edición facsimilar, el cincuentenario de *Posío*. Felizmente, muchos de los intervenientes, el grupo principalmente, todavía lo pueden encontrar tal como lo dejaron. Para mí, esta celebración es excepcionalmente hermosa.



“E vou namorada”. Memoria e vivencia literaria

Xabier Ron Fernández

Sen deternos en moitos dos albergues da Literatura camiñemos, pasenío, ata chegar ó berce do nacemento da nosa historia sen desvelar áinda o seu misterio.

Deixemos, logo, que a luz da memoria se espalle na procura da súa orixe na maxia que envolve a toda explicación mitolóxica, coma é no caso de Narciso e Eco. As súas vicisitudes son de todos coñecidas: Narciso nacera predestinado a morrer no espello da súa propia beleza namentras Eco, fermosa ninfa dos bosques, tivera a fatalidade de namorarse da beleza de Narciso. Eco, pola maldade da condena da deusa Hera, consumouse sen saber por que non puidera conseguir o amor dese home, imaxe de paixón, que ignoraba os doces praceres do Amor.

Pasaría o tempo, e con el caeron na rede do proclamado Logos as belas explicacións mitolóxicas e a parella mítica semellaba caer no olvido. Sen embargo, paradoxicamente foi no seo da chamada cultura racional onde a simbolización daqueles mitos, que estiveran condeados a oponerse, cobrou unha nova vida, un novo sentido. Así a imaxe de Narciso e a voz de ar ou de papel de Eco convertíronse, unha vez harmonizados, no medio de comunicación esencial do ser humano.

Hai un lugar onde esta fermosa unión de voz e de imaxe se converte en motivo de reflexión e de admiración: son as portadas das revistas de cultura e literatura concretamente, pensamos nas revistas galegas de posguerra. Lembremos, a modo de exemplo, a revista de poesía *Aturuxo*, nada no Ferrol en 1952. Na súa portada, ilustrada por Isaac Díaz Pardo, un mozo, coas máns fortemente dispostas ó redor da boca, lanza un grixido ou un aturuxo pode que de xúbilo, pode que de desexos de liberdade, pode que de loita ou pode que por outro motivo que se nos escapa. Coidamos que hai un dobre desexo na inspiración das portadas: un real e un simbólico, é o característico das portadas que tivemos a ocasión de contemplar. En realidade, o plano real maniféstase a través do simbólico. Por iso, o matrimonio que forman a imaxe e a voz convértese nun selo de identidade para o grupo ou colectivo que participa da creación da revista. Non é de extrañar, polo tanto, que a revista manteña ó longo da súa existencia a mesma portada, sen modificar, sen cambios, coma no caso de *Aturuxo*. *Atlántida*, creada na Coruña en 1954, mantén, igualmente, coma selo de identidade unha mesma portada, obra de Lugrís, onde unha Venus asulagada vixía os mares polos que vai navegar a revista á que vai guiar co seu compás. Confírmase, dun xeito admirable, que a procura de unir nome e imaxe nun todo é a intención primeira do creador. Lugrís consegue, coa súa ilustración, unha fermosa evocación do mito da Atlántida, orixinariamente un paraíso onde os seus habitantes eran considerados unha raza dotada de sabedoría, e do mito de Venus, que na antiga mitoloxía grega recibiu o sobrenome de Anadyomene, isto é, “a que ascende dos Mares”.

Noutros casos, a revista varía as ilustracións das súas portadas. É o que ocorre coa pontevedresa *Sonata Gallega*, xa na rúa no 1944. Sen embargo, a pesares desta variación o ilustrador acostuma ser o mesmo polo menos nos seus primeiros números, Pintos Fonseca, que cos seus linóleos evoca o carácter sombrío, húmido e triste da paisaxe galega recorrendo ós motivos da pedra e da árbore. *Alba* (1948) sitúase na mesma liña variando as ilustracións das súas portadas, pero conservando unha certa unidade no anxo con ás ó redor do cal gravitan o sol

e a lúa que figura na portada dos tres primeiros números e na primeira páxina dos números 4 e 5 para logo desaparecer sen sabermos quen fora o seu creador. ¿Cal foi o motivo da súa ausencia nos números seguintes?

Pero volvamos ás revistas que manteñen inalterada a súa portada e falemos de *Posío*. E digamos, de contado, que houbo dúas revistas *Posío*. Na primeira, vertida cara á poesía, dos anos 1945-1946, unha man, da que pende unha cinta co lema “e vou namorada”, obra de Isaac Pereira “Peroxá”, semella invitarnos a abrir a porta da poesía que vive nas follas da revista. Na segunda, dos anos 1951-1952, na portada de Vicente Risco, vemos unha fonte rodeada por dúas árbores que alude, de xeito claro, ó xardín ourensán que dá nome á revista *Posío*.

Chamemos a atención sobre a man e a cinta da primeira *Posío*, obxecto real da nosa historia. Segundo Alvarado no número 2 da revista dá unha visión, nunha estilización poética, da simboloxía que desperta nel a portada:

“Aquí está la mano del poeta, lejano, dormido en algún nuevo cielo, que nos trae su parto dichoso y tierno todavía. Así es esta mano, caliente aún, que viene enamorada”

Nós, deixaremos que as nosas palabras se convirtan en visionarios da tradición literaria para trazar a fortuna do lema “e vou namorada” que repousa na branca mán de *Posío*.

Imaxinémonos un *locus amoenus*: os paxaros señorean as árbores, cheas de vida, de ledicia, é primavera, a doce estación, momento da chegada do amor durmido durante o frío e chuvioso inverno. Sen embargo, unha moza camiña triste, coitada, e, pensando no seu amigo, un laio sae da súa alma: “E vou namorada”. Ocorre na Idade Media: inicio da nosa literatura perfilada na voz dos trovadores e dos xograis galego-portugueses entre finais do século XII e mediados do século XIV.

A nosa imaxinación vive de soños, por iso o padre Sarmiento perseguiu o seu soño, sen conseguilo, tentando recuperar o noso pasado literario que el consideraba rico. ¡Canta razón tiña! Tivemos que agardar á edición de José Joaquim Nunes das cantigas de amigo (1928) e das cantigas de amor (1932) dos nosos trovadores para ter conciencia do noso tesouro literario. A repercusión do traballo de Nunes foi enorme, fundamentalmente pola lectura das cantigas de amigo, que foron consideradas polos estudiosos e polos escritores froito do alento imaxinativo do pobo, de existencia eminentemente oral.

Algúns creadores da preguerra homenaxearon ós trovadores adaptando as formas literarias das cantigas medievais, centrándose nas de amigo. A homenaxe nacía da mán de Fermín Bouza Brey (*Nao senlleira*, 1933) e de Alvaro Cunqueiro (*Cantiga nova que se chama riveira*, 1933), no que a crítica chamou neotrobadorismo e que recibe tamén o nome, para nós confuso e ambiguo, de popularismo.


A moza de Martin Codax, xogral galego do terceiro cuarto do século XIII, padecendo as súas coitas fronte ó mar de Vigo foi a primeira en exclamar a súa anguria, a súa tristura pola ausencia do seu amigo, do seu namorado. “E vou namorada” é a fermosa consecuencia da dor que sente a moza, converténdose, na súa cantiga “Ai Deus, se sab'ora meu amigo”, en laio, mesmo en berro existential que reviste a forma de refrán. Sen embargo, non estivo soa a moza de Vigo. Apareceu outra co mesmo amor, coa mesma tristura e coa mesma consecuencia: era a moza do xogral Nuno Porco, xogral do mesmo século, quizais mesmo contem-

poráneo de Codax. O mar é de novo confidente activo da moza que canta "Irei a lo mar vee-lo meu amigo" co gallo de preguntar ó seu namorado como áinda non vive con ela. A resposta, que acompaña a cada estrofa do seu canto, adquire connotacións de novo antagónicas entre a coita e o amor: "E vou-m' eu namorada". Contraste entre dous polos, contraste existencial que é o alento do canto trovadoresco.

O barco da Literatura é lineal no seu movemento, circular nas súas intencións. No seu ronsel, metáfora da memoria do lector, viven ecos que necesitan dunha nova virtualización. É a dimensión mítica da palabra poética sempre re-creada, sempre convertida en experiencia estética. Esta necesidade viuse realizada no caso de "E vou namorada".

Álvaro Cunqueiro na súa *Cantiga nova que se chama riveira* (1933) recolleu o eco do laio das mozas de Codax e Nuno Porco. É no poema "Por oír a unha rula decir de amor". A necesidade lírica do suxeito transforma a voz feminina en masculina. O namorado ten tamén coma confidente á paisaxe: rulas, cerdeiras, verde prado, configuradores poéticos do *locus amoenus*. O eco de tristura e de movemento dialéctico entre o amor e a tristura das mozas medievais é aqui espello da mesma problemática amorosa: "Porque non me non queres por teu namorado! / amiga, namorado vou!". Eco re-creado que serve de impulso para unha tendencia literaria —non tanto escola ou movemento— que vive en moitos poetas que non son necesariamente neotrobadorescos. Por iso, en *Cómaros verdes* (1947) de Aquilino Iglesia Alvariño temos outro eco de "E vou namorada" desviado da súa función poética de refrán. Convértense en título da primeira das catro seccións en que está dividido o poemario: "E vou namorado", que agrupa sete poemas de tendencia popularista agás o segundo, "Sob as avelaneiras", de clara tendencia neotrobadoresca, que segue o nodelo das cantigas de Johan Zorro e de Airas Nunez.

A poesía, musa por exelencia, é rica en movementos de circularidade contínua porque a súa palabra está habitada polo recordo e pola ensoñación da lectura. "E vou namorada" é un claro exemplo de como a poesía é un eco condenado a vivir entre a memoria e a vivencia literaria.



Nosa Señora do Posío

José Ramón y Fernández Oxea

Nos comenzaos do século XIX ainda Ourense non pasaba, pol-a banda do Sul, da eirexa da Trinidade, posta no remate da rúa do Pelouriño, hoxe de Colón, e das hortas que, por tras das casas da que agora se chama rúa do Dos de Mayo, formaban un recuncho en escuadra coas da Porta d'Aira, de donde arrincaba o camiño vello de Castela.

Despois destas hortas abríase o Campo do Posío, limitado por baixo co camiño de Celanova, por Mariñamansa e o Mesón de Sevilla, a seguir por San Cibrao das Viñas, e por riba co devandito camiño de Castela, no que non había mais casa que a dos meus abós, agora señalaada co número 15, e no frente Sul do Campo, o forno do León, ocupado hoxe polo convento das *Siervas*.

Posío ainda lle chaman na Extremadura, que tantas analogías lingüísticas ten conosco, a un pastadeiro natural sin rega. Daquela o Campo do Posío viña ser un comunal ou un rosío da cidade, que servía de lugar de espallamento, donde os ourensáns ían tomar o sol, polo inverno, e no que se axusticiaba aos condenados pol-a xusticia, que deu lugar ao nome de campo da forca, triste privilexio que pasou ao outeiro do Polvorín, cando o Posío perdeu a su condición de Campo.

No arquivo da parroquia da Santísima Trinidade hai noticia da execución, no dito Campo, do soldado bretón, Xoán Martín, natural de Brest, da Compañía de D. Pedro Tartas, do Reximento da Infantería de Namur, por entón de guarnición n-Ourense, que foi arcabuceado o 17 de Abril do ano de 1725, e na tarde do mesmo día enterrado no Camposanto da Trinidade, con asistencia dos cregos e da música da Catedral, que foi de limosna¹.

Na parte baixa do Campo, casi donde logo houbo un fielato de consumos, erguíase a ermida da Nosa Señora do Posío, da que somentes se conserva a imaxe da Virxe, que tiña o seu capellán. Cando arcabucearon ao coitado bretón, denantes citado, ocupaba iste cárrego o presbitero D. Félix Cid, natural de Santiago da Graña, na Limia, que morreu o 29 de Maio de 1727,² un ano despois que o Abade da Real Abadía da Santísima Trinidade e Dignidade da Catedral, D. Berenguer Daoiz³.

A ermida foi esborrallada cando o Campo do Posío se convirteu en Xardin Botánico, primeiro, e mais tarde no que agora disfrutamos. Entón a imaxen levouse a eirexa matriz da Santísima Trinidade e alí estivo moitos anos na sacristía, ao pé da imaxen do Cristo de Burgos, que ainda está no mesmo sitio.

Debeu ser aló polo mil novecentos vintetantos cando con ocasión dunha das terribles treboadas, que polo vran caen riba da cidade, unha chispa atinguíu o muro donde se abre a

¹ Folios 98 v.^o e 99 do Libro de Bautizados, casados y difuntos da Parroquia da Santísima Trinidade, que comenza no 1º de xaneiro de 1721.


² Folios 102 v.^o e 103 do libro devandito.

³ Folio 101 do mesmo libro.

hornacina que acobillaba a popular imaxen da Virxe do Carme, da Burga, que ardeu casi totalmente. Os devotos abraiados, acudiron ao párroco de Trinidade, de boa memoria, D. Isaac Salgado, pra que os sacase do apuro e aquil excelente e virtuoso crego, accordou cederllas a imaxen de pedra da Nosa Señora do Posío, que pasou a ocupar o lugar da Virxe queimada, e agora é venerada co nome da Virxe do Carme, asociado ao culto das benditas ánimas, sin que os numerosos devotos que contribuyen o alumeadoo se decaten da tradición de tan popular imaxe nin conozan o troque de advocación de tal enxebreza polo que agora leva.

José Ramón y Fernández Oxea, "Na Nosa Señora do Posío",
en *Posío. Arte y Letras*, Ourense, 1953-1954, pp. 21-22.

INTRODUCCIÓN



2.1. Cincuentenario dunha revista: *Posío* no Ourense de 1945

Dúas revistas con particular vocación poética apareceron en Galicia no ano 1945. *Posío*, a máis estrictamente lírica das dúas, nace en Ourense, froito da entusiasta iniciativa de xuventude dos mozos que componían o Grupo Azor (José Luis Varela, Segundo Alvarado, Alfonso Alcaraz, Segundo Fernández Covelo e logo Pura Vázquez), activo xa nos labores literarios desde 1942. A segunda delas, *Gelmírez*, saíu das aulas do instituto de ensino medio de Santiago de Compostela que deu nome á publicación. Don Manuel Rabanal e, ó seu redor, un grupo de prestixiosos profesores, apoíaron e patrocinaron aquela aventura. Xusto é dicir que en 1945 xa andaban na rúa *Numen*, *Sonata Gallega* e *Finisterre*. De seguido virían *Mensajes de Poesía*, *Alba* e *Xistral* antes de remata-la década.

Neste 1995 asistimos, pois, ó cincuentenario de *Posío* e *Gelmírez*. De acordo coa lei que semella marca-lo destino destas empresas poéticas, a súa existencia foi tan curta como intensa. Curiosamente, ámbalas dúas finaron ó ano seguinte do seu esperanzador nacemento. *Posío*, que tirou o seu primeiro número en xullo de 1945, chegou ós catro números. O curso académico 1945-1946 só deu oportunidade ós tres números de *Gelmírez*. Ben coidadas en deseño, presentación, tipografía e ilustracións, precisas na referencia dos seus propios datos como publicacións, diverxeron unicamente no privilexiado lugar que a lírica tivo nas páxinas de *Posío*. Foron fermosas e febles criaturas, ilusións coutadas cando comezaban a medrar, testemuños dun afervoado amor pola literatura e, particularmente, pola súa más escolleita e minoritaria manifestación: a poesía.

Cabería aínda a lembranza doutras publicacións galegas que xurdiron no mesmo ano 1945. Así o semanario vigués *Imán*, fundado e dirixido por Xosé M^a Castroviejo, que tivo só un ano de duración. Así tamén *Cartel*, igualmente de Vigo, dirixida por Xulio Sigüenza (curiosamente tivo unha duración moi parella á de *Imán*). En fin, xa na Galicia da emigración apareceu *Galeuzca*¹ en Bos Aires, unha revista na que salientaron as colaboracións de carácter político e que contou coa presencia nas súas páxinas de Castelao.

Cando *Posío* apareceu foi saudada por algunas revistas coetáneas. Temos, así, recensións nas páxinas de *Espadaña*² e, posteriormente, en *Alba*³. Tampouco pasou inadvertida a súa presencia en xornais atentos á actualidade literaria como *La Región* ou *La Noche*⁴. Agora ben, unha cousa é a felicitación, a benvida á publicación que chegaba a aportalo seu grao de area a un panorama literario ermo e pobre, e outra ben diferente a valoración crítica que, xa dende unha cómoda perspectiva, se ten manifestado por críticos e historiadores da nosa literatura.

¹ Vid. a edición facsímile *Galeuzca*, Durango: Ed. Finisterre, 1977. Unha escolma dos textos desta revista pódese consultar en *Galeuzca, (Revista mensual. Buenos Aires, 1945)*, edición de Xesús Alonso Montero, Madrid: Akal editor, 1976.

² *Espadaña* fixo recensións de *Posío* nos seus n^{os} 17, 19 (ámbolos dous de 1945) e 23 (1946).

³ No n^º 4 (1950), baixo o pseudónimo Candil, González-Alegre, na sección Pulso y tiempo da súa revista, lamenta a desaparición da predecesora *Posío*, da que cunha certa ironía anota: "Del *Posío* orensano y poético, sólo queda el jardín".

⁴ Vid. a nota, sen sinatura, "Publicaciones. El último número de *Posío*", en *La Noche*, Santiago de Compostela, 1-III-1947.



*Unha documentada
aportación
para o
coñecemento
das
publicacións
de revistas e
xornais
ourensáns*

bargo, algúns acontecementos que tiveron lugar en Galicia en décadas anteriores nos que algúns ilustres ourensáns xogaron un importante papel.

En primeiro lugar, o xurdimento das Irmandades da Fala (1916), idea de Ramón Villar Ponte tras unha viaxe a Portugal. As Irmandades da Fala esténdense por toda Galicia como organismos defensores do galego e da súa dignificación social (que pasaba polo cultivo na escrita), e Ourense participou tamén nesta empresa. O iniciador da Irmandade ourensá foi Hixonio Ameixeiras, que resucitou o xornal *O Tío Marcos da Portela* (1917) para convertelo no seu medio de expresión. Nun primeiro momento, Risco, Otero e o resto do grupo de La Centuria son alleos ás Irmandades, pero logo, mediante a influencia exercida sobre eles por Losada Diéguez (o único home do cenáculo ourensán que ingresa nas Irmandades), entran a formar parte desta asociación e pasan a ser uns dos membros más destacados. Pódese dicir, polo tanto, que a galeguización do grupo de La Centuria se debe a Losada Diéguez e ós feitos acontecidos en Europa por estas datas (a 1^a Guerra Mundial, a Revolución Rusa...). Trala primeira asemblea das Irmandades estas convértense en movementos nacionalistas de intención xa non estritamente lingüística. Cando en 1922 se celebra a IV Asemblea das Irmandades queda patente a separación entre elas: mentres a da Coruña era partidaria da acción política, a de Ourense foi máis culturalista.

Para César A. Molina⁵ este *Posío* é unha publicación moi más interesante cá *Posío. Arte y Letras* aparecida con posterioridade tamén en Ourense, pero moi diferente á primeira. Fanny Rubio⁶ lembra que *Alba* e *Posío* cumpriron un importante papel no contexto da súa época na medida en que “empezaron a superar las dificultades que surgían al intentar poner en pie una cultura aniquilada” e significaron “un retorno a las fuentes poéticas galaicas”. Marcos Valcárcel⁷ salienta o mérito das páxinas centrais de *Posío* “que se adicaban á escolma de poetas galegos... nun momento histórico (1945-1946) en que o idioma galego estaba desterrado da prensa escrita en Galicia”.

Pero non debemos esquecer que *Posío* é unha revista vencellada a Ourense e que xorde nun contexto histórico, político e cultural moi diferente ó que se dera na pequena cidade do Miño poucos anos atrás. Lembremos que en 1930, e ainda en anos anteriores, Ourense era unha cidade de pouco más de vinteún mil habitantes, sobre todo comerciantes e funcionarios. Era unha cidade socialmente moi xerarquizada, como testemuñan as obras de Eduardo Blanco Amor, e cun ambiente cultural de grande importancia. Cómpre lembrar, sen em-

⁵ César A. Molina, *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989, p. 512. Como fará posteriormente Luciano Rodríguez, tamén César A. Molina estima, erroneamente, que *Posío. Arte y Letras* (Ourense, 1951-1954), é “segunda etapa” da *Posío* (1945-1946) dirixida por José Luis Varela.

⁶ Fanny Rubio, *Las revistas poéticas españolas (1939-1975)*, Madrid: Ed. Turner, 1976, pp. 398 e ss.

⁷ Marcos Valcárcel López, *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Ourense: Servicio de Publicacions da Deputación Provincial, pp. 223-224. De tódolos que escribiron sobre o tema, semella ser Marcos Valcárcel o único que coñece con rigor as dúas publicacións que baixo a común cabeceira *Posío* apareceron en Ourense en diferentes anos.

La Centuria, revista literaria que agrupará a toda a intelectualidade da época, aparecerá xa en 1917 da man de Risco e Arturo Noguerol Buxán. Colaboraron nela Florentino L. Cuevillas, Otero Pedrayo e Primitivo R. Sanjurjo entre outros. Tras las eleccións de 1918 o grupo de *La Centuria* vai desplegar unha actividade incansable que desembocará na aparición de *Nós*. Sobre a etapa de *La Centuria* escribe Vicente Risco o famoso ensayo *Nós, os inadaptados* (1933).

En 1920, xorde en Ourense a revista *Nós* baixo a iniciativa de Vicente Risco. É en certo sentido herdeira de *La Centuria*, pois eran os mesmos homes os que estaban presentes nela. Nesta publicación reunírase a maior parte da intelectualidade galeguista da época, entre a que destacámos o trío ourensán sobre o que xira a publicación: Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas e o propio Risco, pero tamén colaboran os galeguistas de Pontevedra como Losada Diéguez, Ramón Cabanillas ou Castelao. Non podemos, de tódolos xeitos, esquecer outros ourensáns que, de menor presencia pero tamén coa súa aportación, participaron en *Nós*: Blanco Amor, Ferro Couselo, Augusto Casas, Arturo Noguerol, Euxenio Montes, os irmáns Lorenzo Fernández, Primitivo Rodríguez Sanjurjo e Fernández Mazas. Os homes de *Nós* eran conscientes do seu deber de crear unha cultura galega e así durante anos Ourense foi o destino de artigos, traballos, poemas, traduccions, etc., que dende toda Galicia chegaban para participar na revista, que, co paso do tempo, se ía converter nun fundamental símbolo da cultura galega.

Coa II República existe unha efervescencia política e cultural que se concreta en Ourense en numerosas tertulias como as do Royalty e o Café Moderno. O Ateneo cobre o apartado das actividades de tipo literario e aquí están presentes Vicente Risco, Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, Primitivo R. Sanjurjo e Antón Losada Diéguez. No apartado político ourensán Otero e Risco fundan o Partido Nacionalista Repubricense co ideario das Irmandades. Neste momento aparecen os xornais *La República* (1930-1931) e *Heraldo de Galicia* (1930), que daban canle ó ideario do nacionalismo ourensán.

Trala Guerra Civil a situación cambia profundamente en Ourense así como no resto de Galicia. Todo o que parecía terse conseguido desaparece nun intre (entre o conxunto total, o estatuto de autonomía supón a perda máis saliente), despois dunha época de ilusións e loitas como fora o período da II República, pásase a un momento de desesperanza e silencio, onde todo acto cultural desaparece e o galego como lingua é menosprezado e incluso perseguido.

Moitos galeguistas foron asasinados durante a Guerra Civil: Alexandre Bóveda (secretario do Partido Galeguista), Ánxel Casal (xerente de *Nós*), Roberto Blanco Torres (antigo Director Xeral de Prensa), e numerosos colaboradores de *Nós* como Camilo Díaz Baliño, Isaac Forneiro Barandela, Manuel Fuentes Canal, Amadeo López Bello, Modesto López Teixeiro, Johán Carballeira, Xaime Quintanilla, Arturo Noguerol Buxán (morte que afectou profundamente a Vicente Risco)... Moitos foron tamén encarcerados, e tantos outros forzados ó exilio.

Centrándonos na cidade de Ourense e as súas xentes, o terror e a dor continúan. O alcalde socialista de Ourense foi fusilado; un popular poeta, Manuel Gómez del Valle, correu a mesma sorte. Ábreñense expedientes contra os más insignes galeguistas ourensáns (Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, Xaquín Lorenzo Fernández, Pío Ramón Oxea, Alfonso Monjardín, Oñate e A. López Trasancos). Otero foi expulsado da súa cátedra de Xeografía e Historia do Instituto de Ourense. Risco, finalmente, vencido polo medo, sumase ó movemento. Durante a Guerra Civil iniciarase unha nova publicación, *Misión* (1937), obra dun grupo católico ourensán entre os que se contaban Otero e Risco. Esta revista por suposto estaba redactada integramente en castelán e os seus contidos non eran en absoluto belixerantes.

Mentres tanto, moitos seguían traballando por e para Galicia, pero xa dende un exilio inevitable, e aquí se calaba e agardaba o futuro con escasa esperanza. Nesta atmosfera morna, neste escuro horizonte xorde un grupo de mozos ourensáns que levan adiante un soño, unha aventura literaria de xuventude, unha tentativa poética efémera na súa duración pero meritaria naqueles anos da inmediata posguerra: *Posío*. Estamos na primeira década da posguerra, nunha circunstancia sombriza e problemática, coa traxedia da Guerra Civil ainda viva e latexante na memoria de todos.

Os mozos⁸ que ían fundar *Posío* mantiveron cos mestres ourensáns de Nós unha relación cordial e respectuosa. A conexión con eles —agás no caso de Florentino L. Cuevillas— tivo un memorable punto de converxencia nas tertulias do Café Roma. Unha delas contaba coa permanente asistencia de Vicente Risco e a ela concorrían, de forma más ou menos regular, Ricardo Outeiriño, Alfonso Vázquez Martínez, Segundo Alvarado, Antonio Fernández Cid, Carlos e Santiago Vázquez, Alfonso Alcaraz, Euxenio Montes, Celso E. Ferreiro, Luis Trabazo, Antonio Iglesias, Manuel Prego de Oliver, o escultor Faílde, Xaquín Lorenzo Fernández (Xocas) e José Luis Varela, que aproveitaba as tempadas de vacacións para vir dende Madrid, onde cursaba estudos universitarios.

Corrían os anos 1942, 1943, 1944 e naquelas reunións do Roma falábbase de todo entre xentes de diferentes xeracións e de conviccións ben distintas. Diverxían tamén no grao deacheamento ó galeguismo. A heteroxeneidade social e política entre eles era moi marcada e a conversa dábase coa mestura do galego e o castelán, se ben este último era predominante. Con certa frecuencia saían alí os temas da política, da situación do momento, pero a polémica só chegaba ós límites da discreción, moderada pola mutua consideración entre os compoñentes da tertulia.

No mesmo Roma, pero noutra mesa, sentábanse Anselmo López, Luis Fábrega, o xastre Raimúndez, o médico Federico Lloria, Alberto Vilanova e Xesús Ferro Couselo. De cando en vez chegaba a esta segunda tertulia Otero Pedrayo, pero don Ramón peroraba e, de contado, marchaba. Este segundo grupo estaba composto por xentes que simpatizaran coa República e se situaban nunha esquerda más ou menos moderada.

Outra tertulia, cronoxicamente anterior e de carácter más reducido e privado, tivo lugar na casa de Xaquín Lorenzo Fernández, que fora alumno de Otero Pedrayo no instituto ourensan. Ferido de gravidade na guerra, tivo que soportar unha longa convalecencia na súa casa, onde se reunían Vicente Risco, Florentino L. Cuevillas, González Salgado e Otero Pedrayo.

Os fundadores de *Posío* eran xentes en principio non discrepantes co réxime, aínda que non participaron activamente na nova situación dende o punto de vista político. Os seus intereses eran culturais, literarios, e nese labor non tiveron problemas. Segundo Alvarado examinárase diante de Vicente Risco na Escola Normal de Ourense onde este exercía como catedrático. A comezos de 1940 Alvarado principiou o seu traballo en Radio Ourense⁹ e en 1950 fundaría a *Hoja del Lunes* da capital a carón de Ángel Huete, Alejandro López Outeiriño, Odilo Alonso Amado, Julio Vázquez e Isidoro Guede. Mantivo Alvarado unha cordial amizade co

⁸ Vencellados a eles, pero nun discreto segundo plano, estiveron Luis Álvarez Piñer, antigo membro do Partido Comunista, e Rius Zunón, das esquerdas da República.

⁹ Nas emisións da sección Musa al Noroeste fixérонse homenaxes, con lecturas poéticas, a Rosalía de Castro, Luís Piñel, Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Amado Carballo, Celso E. Ferreiro, Pura Vázquez e outros poetas galegos.

seu admirado Otero Pedrayo, que comentaba a coincidencia do segundo apellido daquel rapaz (Feijoo-Montenegro) cos do autor do *Teatro Crítico Universal*, figura moi estudiada por don Ramón.

Alfonso Alcaraz, home de gran relixiosidade, procedía dunha familia de arraigada tradición carlista e a aquela causa estivo sempre vencellado. Militou nas ringleiras de Acción Católica e era home que suscitaba o afecto de todos. Amigo de Celso E. Ferreiro, Alcaraz foi trasladado á Coruña por razóns de traballo. Alí, en 1948, trabou relación con González-Alegre, que o levaría a colaborar nas páxinas de *Alba* xunto con Segundo Alvarado e Matilde González Lloria (colaboradora tamén das páxinas de *Sonata Gallega*). A temperá morte de Alcaraz ós 35 anos murchou o seu estimable labor poético.

José Luis Varela, mozo universitario en Madrid como xa dixemos, comezaba a se relacionar con profesores e escritores que protagonizaban a vida literaria da capital naqueles tempos. Tratou a Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas e Vicente Risco. Deste último foi afervoador defensor¹⁰ cando, dende diferentes sectores do galeguismo, sufriu ataques polo seu achegamento idelóxico ó bando vencedor na Guerra Civil.

Vicente Risco e Otero Pedrayo son os superviventes ourensáns de Nós que colaboraron en *Posío*. Xa anotámo-la súa presencia nas tertulias do Café Roma, pero cabe aínda observar como estaban a pasar aqueles primeiros anos da posguerra. Don Ramón vivía arredado, nun verdadeiro exilio interior. Alternaba tempadas en Trasalba con outras na súa casa de Ourense. Desacogido, lonxe de calquera actividade pública, a escritura foi o seu acubillo. Le e escribe —en castelán— novelas nas que lembra algúns xa distantes anos da súa vida. Publica en Bos Aires *Adolescencia* (1944) e descoñece o paradoiro de *Del Noviciado al Ateneo*, escrita tamén por aqueles anos. Baixo diferentes pseudónimos (Santiago Amaral sobre todo) colabora en *La Región* e envía artigos a revistas como *Sonata Gallega* (1944) e *Finisterre* (1943). Algúns dos seus poemas aparecen en *Gelmírez* (1945), *Alba* (1948) e, máis serodiamente, en *Aturuxo* (1952). Fundamental é o feito de que en 1946 cando en Santiago de Compostela inicia a súa xeira *La Noche*, don Ramón escribe en galego a súa longa serie Parladoiro, que se prolongará durante catro anos.

Malia a súa diferente actitude fronte ó novo réxime, don Ramón mantivo sempre unha estreita e afectuosa amizade con Vicente Risco e dende 1943 estivo en contacto co galeguismo do exilio e do interior, que daba os primeiros pasos para tenta-la súa reorganización despois da desfeita que supuxo a Guerra Civil. En 1947 fixo unha inesquecible viaxe¹¹ a Bos Aires e ó ano seguinte devolvéuselle a súa cátedra do Instituto de Ourense.



Segundo
Alvarado
con Otero
Pedrayo en
Ourense,
en 1970

¹⁰ Vid. neste senso os artigos publicados en *Faro de Vigo* e, posteriormente, o traballo "Vicente Risco (1884-1963). In memoriam", en *Arbor*, Madrid, xuño de 1963.

¹¹ Ademais de numerosos artigos pertencentes á serie Parladoiro, don Ramón deixou testemuño do seu emocionado reencontro co galeguismo no exilio (e con Castelao en particular) no seu libro *Por os vieiros da saudade*, Vigo: Galaxia, 1952.

O ben coñecido posicionamento de Vicente Risco supuxo para el marxinación, aldraxes e odios. Vivía medoñento, nunha aceda encrucillada existencial e ideolóxica. Tímido por natureza, sen verdadeira vocación de líder, Risco manifestou nos medios de comunicación a súa inequívoca adscrición ós valores e ó ideario propugnados polos vencedores. Pero logo gardou silencio e endexamais tentou aproveitar para o seu beneficio persoal as vantaxes da súa actitude colaboradora. Os seus artigos en *La Región* e en *La Noche*, ademais dos traballo de colaboración nas revistas *Misión* (1937), *Posío* (1945), *Sonata Gallega* (1944) e *Finisterre* (1943)—sempre en castelán—constitúen a súa actividade naquela primeira e crepuscular década da posguerra. Engadamos que en 1945, co desexo de mellora-la súa situación, marcha don Vicente a Madrid. Alí traballa nunha cátedra de Paidoloxía e Organización Escolar e no Centro de Estudios de Etnoloxía Peninsular. Pero a experiencia madrileña non lle resulta satisfactoria e xa en 1948 retorna a Ourense para, nese mesmo ano, incorporarse a súa cátedra na Escola Normal.

Volvendo ás tertulias do Café do Hotel Roma digamos que cesaron arredor de 1950 co peche do establecemento. Pero tiveron continuidade, coa incorporación de novos contertulios, nouros locais como La Marquesina, o Bar Parque, o Cortijo e o Voltaire. Escritores e artistas plásticos foron participando naquelhas veladas: Arturo Lezcano, Acisclo Manzano, Xaime Que-sada, Virxilio Fernández, etc. Distintas iniciativas culturais (ademais da Sociedade Filarmónica) saíron dos encontros no Roma. En efecto, daquelas conversas xurdiron ideas como a de face-la *Hoja del Lunes*, a organización das exposicións de Faílde e de Prego de Oliver e ainda un novo e diferente *Posío*, o *Posío. Arte y letras*, que iniciaba a súa xeira en 1951 baixo a dirección de Xesús Ferro Couselo. Velaquí, en apertada e incompleta síntese, a panorámica da actividade cultural do Ourense da década de *Posío*.

2.2. Estudio de *Posío*:

2.2.1. Análise externa

Unha sinxela análise externa da revista ourensá, amosa unha ben sostida homoxeneidade e unha configuración coherente dos catro números que integraron a súa andaina. Cun formato intermedio (27,5 x 20,5 cm), con 16 páxinas (sen numerar) por número, *Posío* mantivo a mesma ilustración de portada —obra de Peroxa— alterando só a cor da mesma dun número a outro. Na portada figura habitualmente o número da revista, o ano e o lugar de publicación, e só no número 1 a información cronolóxica complétase coa especificación do mes. No anverso da contraportada témo-lo prezo, a referencia á imprenta na que se tiraba (a do xornal *La Región*), así como o lugar e ano de publicación. No reverso da portada figuran sempre os sumarios, cos colaboradores literarios e ilustradores. Ó pé, só no número 1, menciónase a José Luis Varela como director. No número 2, no reverso da contraportada, aparece a lista dos subscriptores de honra da revista, a metade deles polo menos residentes en Ourense.

Unicamente o número 1 leva dous soltos de publicidade. Os números 3 e 4 conteñen no reverso da contraportada información de libros e revistas poéticas publicados entre 1945 e 1946, e no primeiro deles figura o agradecemento da revista a organismos e institucións que contribuíron á súa financiación. Neste senso adiantemos xa que foron principalmente motivos de índole económica os que determinaron a desaparición de *Posío*; os seus responsables non conseguiron afronta-las débedas contraídas pola publicación daquelas páxinas, pa-

ra as que non procuraron a axuda económica da publicidade agás —como xa anotamos— no número 1.


Temos nestas delicadas, fráxiles, páxinas poéticas, algúns textos dedicados a aspectos concretos tanto da mesma revista como do seu grupo fundador. Así acontece, por exemplo, co lírico “Posío” (nº 1), no que Santiago Amaral (Otero Pedrayo) repara nas resonancias literarias do ámbito topográfico ourensán —arbres, xardín, fonte— inspirador da cabeceira da publicación. E no mesmo número, nun texto anónimo de peche das páxinas, fálase do nacemento, compoñentes e actividades do Círculo Azor. O lema da portada —“e vou namorada”— é obxecto dunha glosa lírica da autoría de Segundo Alvarado (nº 2), que nas páxinas da posterior e moi diferente *Posío. Arte y Letras* (1951-1954), trazexou o historial das actividades da agrupación Posío.

Hai en *Posío*, en harmónica convivencia, verso e prosa. Cuantitativamente a prosa pasa dos sete textos no número 1, a tres nos números 2 e 4 e un tan só no número 3. A súa porcentaxe é, xa que logo, moi inferior á do verso. Pero ademais, coa excepción dalgúnha aportación narrativa, esa prosa é con frecuencia poética e a súa diferencia co verso é exclusivamente de disposición tipográfica. Estamos, pois, diante dunhas páxinas de acusada vocación lírica. Doutra banda, é a lírica —a lírica en galego— a única que dispón dunha sección fixa, Musa al Noroeste. Adiantemos xa, que, valorativamente, a entidade e significación da poesía en *Posío* é moi superior á das súas páxinas en prosa.

O número de colaboradores é relativamente reducido, por tres motivos evidentes: os limitados catro números que tirou, as contadas 16 páxinas por número e a reiteración dalgúns nomes que, loxicamente, son os dos impulsores da revista. Con todo son en total 31 os autores aquí presentes, cun medido equilibrio entre os 16 de orixe galega e os 15 non galegos, pero é preciso subliñar que os compoñentes deste segundo grupo só aportan unha colaboración. Pola contra, no caso dos galegos esa situación é excepcional e únicamente podemos exemplificala nos casos de Pilar Vázquez Cuesta, José A. Valente, Segundo F. Covelo, Manuel Fabeiro e Aquilino Iglesia Alvariño. Collaboran en tódolos números Pura Vázquez, José Luis Varela, Alfonso Alcaraz e Segundo Alvarado. Con cinco poemas só figura Bouza Brey e con catro composicións Martín Codax e Manuel Antonio. Son tres as colaboracións de Xosé M^a Castroviejo e duas as de Santiago Amaral e Vicente Risco.

Dos colaboradores non galegos cabe sinalar que todos eles son españois, sen presencia estranxeira ningunha. O más ilustre nome é Gerardo Diego, o autor de *Ángeles de Compostela* (1940), poeta que visitou Galicia en diferentes ocasións e colaborou nas nosas revistas, *Mensajes de Poesía* e *Atlántida* entre elas. Na edición de 1961 do seu citado poemario, patrocinada polo Banco de Santander, reproducése o fermosísimo prólogo que, en galego, escribiu Otero Pedrayo nunha prosa ateigada de lirismo e fantasía. O poeta santanderino fundara había moitos anos as súas revistas *Carmen* (1928) e *Lola* (1928), suplemento da primeira, e, xa na posguerra, colaboraría en moitas outras.

Ángeles de
Compostela,
o poemario
de Gerardo
Diego
prologado en
galego por
Otero
Pedrayo





De dereita a esquerda: verde faría considerables aportacións como poeta e ensaísta e Fernando González, un poeta menor, aparecería nas páxinas de *Alba* (1948).

Leopoldo de Luis, C. Rivero, A. Alcaraz, A. Tovar e José A. Valente

Entre os poetas galegos de *Posío* un pequeno grupo deles é de presencia constante nas nosas revistas de posguerra. En case ningunha delas falta, dende logo, a colaboración —en verso ou prosa— de Otero Pedrayo. Asiduidade moi parella é a de Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño e Pura Vázquez. Manuel Fabeiro publicou moitos dos seus poemas en *Tapal* (1950) da que foi codirector, pero tamén comparece nas páxinas de *Alba* (1948), *Atlántida* (1954), *Finisterre* (1943) e *Sonata Gallega* (1944); desta última foi tamén colaborador Vicente Risco, presente así mesmo en *Atlántida*. En *Alba*, levado polo seu director, González-Alegre, temos poemas de Alfonso Alcaraz. De José A. Valente temos constancia da publicación dalgúns dos seus primeiros poemas nas páxinas de *La Noche*, entre 1946 e 1949, nas que asinaba como José A. Valente do Casar. A Segundo Alvarado atopámolo tamén en *Alba*, pero especialmente en *Posío. Arte y Letras* (1951) como membro da agrupación que deu vida á revista. Segundo Fernández Covelo figura así mesmo entre os socios e colaboradores da devandita publicación. José Luis Varela e Alfonso Alcaraz son mencionados por González-Alegre como algúns dos primeiros contactos que mantivo para sacar á rúa a súa *Alba*. José Luis Varela figura únicamente como colaborador na revista *Molino de Papel* (1954), dirixida dende Granada por Antonio Gallego Morel, así como nos *Cuadernos de Literatura* (1947).

Dende o punto de vista xeracional os escritores galegos de *Posío* pertencen a distintos ámbitos. Os xa consagrados son ilustres representantes da Xeración Nós: Otero Pedrayo e Vicente Risco, que nestes primeiros anos de posguerra estaban a atravesar unha moi crítica situación persoal e creativa. Tamén nunha xeración de preguerra, a de 1925 (coetánea daquela española do grupo de poetas de 1927), situamos a Fermín Bouza Brey, en tanto que Aquilino Iglesia Alvariño e Álvaro Cunqueiro integran xa a promoción de 1936. No que atinxé ó núcleo ourensán formado por José Luis Varela, Alfonso Alcaraz, Segundo Alvarado e Pura Vázquez, esta última incorporada algo máis serodiamente ó grupo, andaban todos polos vinte tantos anos. José A. Valente tiña só dezasete cando publicou o seu soneto no cuarto e derradeiro número de *Posío*, pechando co seu poema as páxinas da revista.

2.2.2. A poesía e a prosa

Xa deixamos constancia do privilexiado posto que a lírica ocupa nas páxinas de *Posío*. Unha breve ollada ós seus textos poéticos lévanos a establecer unha liña divisoria entre o que te-

mos na sección Musa al Noroeste e todo o demais. Esta división posúe unha dobre xustificación. Estamos, en primeiro lugar, diante das únicas páxinas escritas en galego, pero, ademais, esta sección ocupa sempre as páxinas centrais da revista, as únicas en cor, cunha trama ilustrada e requintada tipografía.

Musa al Noroeste foi, en primeiro termo, unha das seccións dos programas radiofónicos semanais que o Círculo Azor fixo en Radio Ourense a partir xa de 1942. De feito, pódese considerar como a primeira sección poética fixa das nosas revistas poéticas de posguerra integralmente en galego. A valoración desta actitude cara á lingua pasa pola comprensión do contexto da época. Sobre a situación do galego, do seu emprego (aínda que máis preciso sería falar da súa case total ausencia) nos medios de comunicación e das posibilidades de publicar libros en galego temos xa unha abondosa bibliografía, boa parte dela debida ós traballos do profesor Alonso Montero¹². Semella probado que non houbo unha prohibición legal escrita do uso da lingua galega, como tampouco da catalana, pero as autoridades do novo réxime impulsaron a creación “dunha atmósfera de medo, dun clima de recelos, un mesto tecido de sospitas de tal xeito que escribir en galego, que non está formalmente prohibido, se sinta como un risco evidente¹³”.

Esta caracterización da atmosfera que se respiraba en Galicia nos anos de *Posío* (1945-1946), globalmente exacta, podería ser obxecto dalgúnsas puntualizacións que, dende logo, non diminuirían a precisión do diagnóstico. Había, con todo, circunstancias atenuantes ou agravantes que dependían da natureza do medio escrito a utilizar (xornal, libro, revista poética), do contido do escrito, do autor concreto e aínda da consideración política do responsable da publicación no caso de xornais e revistas. Polo que sabemos, algunhas como *Alba*, *Aturuxo* ou a mesma *Posío* non tiveron graves problemas de censura. Nas páxinas de *La Noche*, entre 1946 e 1950, Otero Pedrayo pudo publica-la serie Parladoiro integralmente en galego e ó seu carón un amplo abano de escritores colaboraron con textos escritos en galego tanto en prosa como en verso.

Xurdiron sen embargo problemas coa censura cando, por exemplo, o Suplemento del Sábado de *La Noche* fixo unha lembranza da morte de Castelao en xaneiro de 1950, feito que supuxo no mesmo mes a desaparición do devandito suplemento; cando Eduardo Moreiras dedicou un número monográfico dos seus *Mensajes de Poesía* a Blas de Otero ou cando *Atlántida* fixo o propio, no seu número 13, en conmemoración do vixésimo aniversario da morte de Valle-Inclán. De feito, foi o derradeiro da revista coruñesa, pouco arriscada por certo no emprego do galego. A actuación da censura foi tamén definitiva, aínda que neste caso por motivos de política municipal, para que non puidera saí-lo número 10 da noiesa *Tapal*, número que xa estaba en avanzado estado de elaboración. Semella que ademais da censura idiomática existían outras que afectaban con parella gravidade ó escrito en castelán.

Non deixa de sorprender que Musa al Noroeste comece por homenaxear —reproducindo catro poemas do emblemático libro *De catro a catro* (1928)— a un poeta como Manuel Antonio, sen dúbida o máis contestatario, iconoclasta e audaz anovador dos nosos vanguardistas. Celebrado en *Posío* como poeta do mar, non debemos esquecer que coa súa obra, como xa

¹² Vid., entre outros, “Literatura en lingua galega de 1936 a 1953: algúns aspectos da represión lingüística”, en *A Nosa Terra*, nº 2 de “A nosa História”, Vigo, 25-VII-1987; *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)*, Vilaboa (Pontevedra): Ed. do Cumio, 1991; *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*, Madrid: Ed. Ciencia Nueva, 1968.

¹³ Xesús Alonso Montero, no primeiro dos estudos citados na nota anterior, p. 38.

advertiu Xosé Luís Axeitos¹⁴, pretendeu contribuír á formación dunha conciencia nacional. Tanto pola súa actitude ideolóxica como pola súa obra, Manuel Antonio está inscrito con seguridade nas ringleiras do nacionalismo, do que sen embargo se ía afastar en parte co paso do tempo.

Menos comprometida por máis conservadora, por voltar cara á nosa más prestixiosa tradición poética do pasado remoto, é a pequena escolma de Martin Codax, cantor tamén do mar, que aparece no número 2 da revista. En boa medida esta elección dun trobador dos cancioneiros galego-portugueses¹⁵ representa novamente un achegamento á vanguarda e concretamente ó neotrobadorismo, que como é ben sabido implica unha reelaboración daquela vella tradición lírica e tenta, así, rescatala e revitalizala.

Outros catro poemas, esta vez de Fermín Bouza Brey, o autor de *Nao senlleira* (1933), reiteran unha liña de continuidade da sección que estamos a comentar. Temos con estes poemas unha mostra escolleita dun dos más caracterizados poetas do neotrobadorismo, xuntamente con Álvaro Cunqueiro. Efectivamente, na nota en castelán da autoría de José Luis Varela (V.), o poeta de Ponteareas é recoñecido como descubridor de “la antigua y nueva voz de los cancioneros gallego-portugueses” e como autor, sobre todo, de *Nao senlleira*.

Dos poemas escolmados de Bouza Brey o que leva como epígrafe-dedicatoria “A Otero Pedrayo trocando uns libros” tíñase publicado xa no ano anterior nas páginas da revista *Gelmírez*, no seu número 1 (1945). Na revista santiaguesa, baixo o común lema “Envíos...”, temos un soneto de don Ramón titulado “Compostela”, que vai precedido dunha explícita dedicatoria: “De Otero Pedrayo a Bouza Brey enviándolle a *Guía de Galicia*”. Como curiosidade digamos que no soneto, que reproducimos de seguido, o poeta emprega o serventesio para as dúas estrofas iniciais no canto dos canónicos cuartetos. Ei-lo poema:

*Fuxide da ilusión na pesadume
Do penedo pol-a arte esculturado,
Non procurés de algúnn senlleiro lume
Un refrexar nas pedras crausurado.*

*Soio o oceánico ecoar da moitedume
E a estrela sobre o castro libergado;
Cecais o amante e lírico queixume
Páxaro en fíos de chuvia apreixoado.*

*A frol das torres do podente zume
Da terra antiga recendor sagrado
Non sofre mortal lei de vento e fume,*

*Pois, redimida do Letheo e do Fado,
Acende Compostela en cerne e cume
Maino solpor na Eternidá ancorado.*

¹⁴ Manuel Antonio, *Poesía galega completa*, Santiago de Compostela: Ed. Sotelo Blanco, 1992, p. XVI.

¹⁵ A lírica dos cancioneiros foi obxecto de homenaxe en páginas especiais ou separatas non só en *Posío*, senón tamén noutras revistas galegas da época como *Sonata Gallega*, *Aturuxo* e *Atlántida*.

O soneto de resposta de Bouza Brey presenta, verbo da versión que logo aparecerá en *Posío*, unha lixeira variación na dedicatoria, que no texto publicado en *Gelmírez* di: “De Bouza Brey a Otero Pedrayo, acusando recibo e enviándolle un estudo”. Datada en Santiago de Compostela, outono de 1945, esta versión de *Gelmírez* emprega maiúsculas en tódalas iniciais de verso. O texto que lemos en *Posío* contén unha evidente errata en v₃ (“ontonizo” por “outonizo”) e suprime as maiúsculas. Ámbolos dous poemas que estamos a comentar figuran incluídos na *Obra literaria completa* de Bouza Brey¹⁶, concretamente na sección Outros poemas, coa especificación de que foron xa publicados previamente en *Gelmírez*.

No que respecta a “Paráfrasis de Virxilio”, “Serán en Esposende” e “Visita de cántigas”, foron incorporados con posterioridade a *Seitura* (1955), e están incluídos nos apartados I, V e II respectivamente do poemario de Bouza Brey. Textualmente as versións que temos no citado libro difiren das publicadas en *Posío* na adopción da grafía lusista que advertimos en *Seitura*, grafía que o poeta valorou como “un homenaxe ao pobo galego-miñoto” e, paralelamente, como unha manifestación do seu rexeitamento de certos posicionamentos políticos contra o galego.

Fronte ás homenaxes individuais que Musa al Noroeste dedica a Manuel Antonio, Martín Codax e Bouza Brey, a cuarta entrega da sección reúne catro voces distintas: Aquilino Iglesia Alvariño, Pura Vázquez, Álvaro Cunqueiro e —novamente— Fermín Bouza Brey. Pura Vázquez representa a voz moza da lírica galega do momento, acompañada por tres xa ben coñecidas.

O poema¹⁷ de Aquilino Iglesia Alvariño, titulado “Sandor Alejandro Petofi”, figurará logo no apartado “Nenias”, de *Cómaros verdes* (1947). Con posterioridade vémolo tamén incluído en *Nenias* (1961), no apartado Vento da alma. Na versión que temos no libro hai notables variantes verbo da que aparece en *Posío* (citamos sempre en primeiro termo as formas que aparecen na revista). Anotamos: v₄ “doces” por “ledas”; v₇ “i-eran corceles brancos os cabalos da estepa” por “e un poema que nunca se puido rematar”; v₈ “parado” por “pasmado”; v₁₀ “mal sostiñan vinte anos de amor” por “mataban ó mencer tristes lámparas desveladas”; v₁₁ “de longos bicos salgados de lágrimas” por “de longas chuchas salgadas e amargues”; v₁₄ “adeuses” por “adioses”. Advítese tamén un troco na disposición dos versos 8 e 9 en 8, 9 e 10, así como do 10 en 10 e 11.

O poema “A un rapaz galego dende Cornualles”, de Bouza Brey, vémolo de novo en *Seitura* (1955), no apartado Degaros, que encabeza o libro, co título trocado agora en “Dende a Armónica”. Na versión do libro o poeta engade catro versos más en posición de peche do poema:

“Quero que ti conquiras o que eu n’hei conquerir:
polo enxâmio dos astros a pátria do porvir,
minha Galiza chéa, comprida, sideral...
Um praneta senlheiro, todo limpo de mal!”

¹⁶ Bouza Brey, *Obra literaria completa*, Santiago de Compostela: Edicións do Cerne, 1980.

¹⁷ Como “Nenia a Petöfi” aparece este poema, que o poeta xa publicara en *Cómaros verdes*, en *La Noche* (18-VIII-1949). O texto publicado no xornal reproduce a versión que atopamos no citado poemario e vai precedido por unha nota, “Centenario de Petöfi”, asinada por Villarroel.



*No Berbés de
Vigo, en
1953. No
grupo, á
dereita, José
L. Varela,*

*Cunqueiro e
Castroviejo*

quez só tiña publicados algúns poemas en galego espárexidos por xornais e revistas. En castelán o seu primeiro libro, *Márgenes veladas*, aparecía xa en 1944. En *Peregrino de amor* (1943) adiantaba algunas composicións en galego mesturadas con outras en castelán. O poema "Milagre d'amor", dedicado a Carmen Conde¹⁹, figura única e exclusivamente nas páxinas de *Posío*.

Noutro lugar debemos situa-los poetas galegos que en *Posío* escriben en castelán. Evidentemente, tendo en conta os dous ou tres poemas que cada un deles aporta, non podemos facer unha valoración nin sequera aproximada da súa obra. Limitarémonos, en consecuencia, a comenta-los textos que publican na revista.

En Pura Vázquez apreciámola atención ás pequenas cousas, á fermosura, á manifestación de Deus. Pero sobre todo, está na súa voz a percepción do amor como luz interior, como total plenitude, como presencia absoluta e vivificante de todo o creado, como alma do mundo. Ese amor xorde tamén vencellado ó latexo do sentimento da terra e ainda á morte. Unha clara vontade neoformalista advertimos en "A un ramo de jazmines", unha décima que recende lirismo barroco.

Como estes, os restantes versos do poema aparecen con grafía lusista, como xa quedou anotado con anterioridade.

"Iste verso, ista chama", de Álvaro Cunqueiro, constitúe a "Soedade primeira" do seu poemario *Dona de corpo delgado* (1950), no que, polo menos en parte, atopamos de novo a veta lírica neotrobadorista. Hai entre as dúas versións do poema algunas diferencias que anotamos a continuación, citando sempre en primeiro lugar as formas da versión de *Posío*. Así, en v₁ "Ista chama que simplemente", pasa a ser "Esta chama! E xa que simplesmente"; en v₅ "soma" e logo "sombra"; en v₈ "silenzoso" é "silencioso"; en v₁₀ "namentas" é "namentras"; en v₁₄ "quizaves" é "quizás"; en v₁₅ "elas" é "ela"; en v₂₄ "canzón" e "iso" son "canción" e "eso".

Entre poetas xa ben coñecidos con anterioridade á Guerra Civil aparece Pura Vázquez, que pouco despois de ver publicado o seu poema en *Posío* era saudada por Salvador Lorenzana¹⁸ como "o nome máis representativo quizaves da mocedade poética de hoxe". Ata o ano 1952, no que publica *Intimas*, o seu primeiro poemario en galego —seguido logo por *Maturidade* (1955)— Pura Váz-

¹⁸ Salvador Lorenzana, "Onte, hoxe e mañá da nosa lírica", en *Alba*, nº 3, 1949, p. 11. Do mesmo Salvador Lorenzana temos outros traballos sobre a lírica galega de posguerra nas páxinas de *La Noche*, entre eles "Panorama actual de las letras y las artes" (24-VII-1948), "Nuestra poesía de ayer y de hoy" (14-VII-1949), "Nuestra lírica medieval y la nueva palabra" (27-VI-1947), "Publicaciones poéticas" (11-VIII-1949), "Galicia por el verso y por la lengua" (12-VIII-1947), e outros adicados a Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Amado Carballo, Noriega Varela e Manuel Antonio.

¹⁹ Lémbrese a homenaxe tributada a Carmen Conde nas páxinas de *Mensajes de Poesía* (nº 10, setembro de 1951) no que figura unha pequena escolma dos seus poemas. No apartado de poemas dedicados á escritora figura "Raíces galegas", de Pura Vázquez, escrito esta vez en castelán.

Diferentes en forma e contido son os poemas de Xosé M^a Castroviejo. O poeta asedia os espacios urbanos, percorre algúnhas das grandes cidades europeas en tempos de guerra. Zoan nos seus versos a agresividade, a violencia, o perigo, a morte. Non deixa de chama-la atención o emprego da métrica versolibrista en tempos de moda neoformalista na lírica en castelán. A pegada do surrealismo, e áinda do creacionismo e ultraísmo, é tan puntual como ben perceptible. Se comparámos pezas como "Londres" e "Berlín", a actitude sentimental e ideolóxica do escritor parece claramente decantada, por moito que a retórica agache por momentos a súa persoal inclinación. No poema de escenario galego a visión das terras do Piornedo é áspera e desoladora.

Alfonso Alcaraz pode ser caracterizado como poeta de veta fundamentalmente relixiosa. Hai nel, ás veces, unha evocación emotiva dos espacios ourensáns. Pero sobre todo Alcaraz, que recrea unha visión da existencia dende o mundo bíblico, canta o sufrimento que o mal, o pecado —simbolizado na néboa— e a morte comportan para o home; para un home asolagado na soidade, no extravío existencial, na perda do seu paraíso. Moi preto do lirismo de Leopoldo Panero, hai tamén en Alcaraz unha arraigada afirmación dun Deus presente que el sente vivo, case tanxible ó seu carón.

A relixiosidade afirmada non falta en Segundo Alvarado, poeta formalista e intimista vertido con moita frecuencia ó emprego do soneto. Non é sen embargo o sentir relixioso o seu único estímulo creador. Alvarado aparece con frecuencia como poeta dotado de gran facilidade e áxilidade versificatoria, solidario co home na súa condición de vítima, na súa morte, pero tamén cun acento lúdico que provén seguramente do vanguardismo, da concepción do poema como xogo intranscendente. O amor, outro dos temas recorrentes no poeta, está celebrado como paixón e íntimo acubillo do ser humano.

Manuel Fabeiro, habitual de moitas revistas de posguerra, amosa en "Atardecer" a perduración da liña do imaxinismo amadocarballista. Pilar Vázquez Cuesta ofrece unha voz íntima, nostálxica e evocativa. José A. Valente tenta captalo fuxidío instante no que se manifesta o ser amado dende a plenitude do soño do poeta. Hai no seu soneto, obra praticamente de adolescencia, unha notable mestría formal e técnica na que, para nós, resoa a pegada de Gerardo Diego.

Un mínimo apuntamento para a prosa. De Otero Pedrayo xa anotámo-la súa visión do Posío ourensán entre referencias históricas, topográficas e literarias. En Vicente Risco advertímo-la súa preocupación polos motivos mitolóxicos, antropolóxicos e estéticos, ben referidos ó mundo galego, ben a ámbitos máis exóticos. As prosas de José L. Varela teñen moito de exercicio de estilo fortemente literaturizado. Na súa visión do rural hai pinceladas paisaxísticas contagiadas dun certo pastorilismo e, en contraste, visións augafortistas con notas do tremendismo e o expresionismo. Por momentos a expresividade é intensamente lírica. Trátase, en todo caso, dun mundo ollado dende fóra a través de breves composicións de moi feble narratividade. Segundo F. Covelo ofrece algunha estampa en prosa, non exenta de artificiosidade, de final efectista e con toques dun lirismo decadente e edulcorado. En fin, Cunqueiro aporta en



*No grupo,
Pura
Vázquez,
González-
Alegre,
Castroviejo e
Manuel
María.
Diante da
fachada das
Platerías, en
Santiago de
Compostela*

"Ruán" a estampa literaria dunha vila francesa con mestura de datos obxectivos e outros de pura invención do escritor, no que advertimos, unha vez máis, a súa afección polo viño e a boa cociña.

2.2.3. Posío e as súas compañeiras de viaxe

Na primeira década da posguerra, na que se sitúa a aparición de *Posío*, a revista ourensá tiuo diversas compañeiras de viaxe dentro e fóra de Galicia. Só a título meramente informativo e de contextualización damos nota daquelas revistas poéticas ou literario-culturais que foron coetáneas de *Posío* e que estiveron preto dela por razóns lingüísticas, culturais ou xeográficas.

*Un libro
pionero no
estudio das
revistas de
poesía*

Un primeiro bloque destas publicacións sería o integrado polas que apareceron en Galicia. Ademais de *Posío* (1945) é preciso incluír neste apartado *Triunfal* (1940), *Finisterre* (1943), *Numen* (1944), *Sonata Gallega* (1944), *Cartel* (1945), *Gelmírez* (1945), *Mensajes de Poesía* (1948), *Alba* (1948) e *Xistral* (1949). De todas elas e, xuntamente, das que apareceron na década seguinte, ofrecemos unha breve caracterización no seguinte capítulo deste mesmo traballo.

Un segundo grupo é o daquelas revistas publicadas ó longo de todo o resto da xeografía española, revistas poéticas ou literarias que se manifestan en castelán. De feito en moitas delas (como acontece tamén coas galegas) non é doadoo traza-lo límite do estritamente poético, o literario-poético e o cultural-literario. Entre voces defensoras e detractoras nun clima pobre e problemático, é lóxico que nos primeiros anos da posguerra sexa patente "la escasez y baja calidad de los intentos"²⁰ no ámbito destas publicacións. Con todo, ó promediar da década, a situación comeza a experimentar unha notable melloría cualitativa e cuantitativa.

Fanny Rubio rexistra, para a década que temos delimitada, a aparición de 24 revistas en Madrid, 8 en Cataluña, 14 en Andalucía e 6 en Galicia. No número monográfico²¹ da revista *Poesía Española* dedicado a este tema, están anotadas un total de 50 revistas poéticas e 22 más que sobrepasan en parte esa estrita condición. Houbo entre elas de todo. Unhas marcaron dende o principio unha clara liña ou tendencia estética. Noutras tivo asento unha radical actitude —de crítica ou de compracencia— diante da situación política imposta naqueles anos. Non faltou algúns que foi órgano expresivo dun grupo pechado e coherente e áindaalgún novo ismo. Tampouco faltaron entre elas liortas, confrontamentos e manifestacións belixerantes. En fin algunas das más significativas²² da década son as seguintes:



²⁰ Fanny Rubio, op. cit., p. 15.

²¹ "Índice de las revistas de poesía española de medio siglo", en *Poesía Española*, nºs 140-141, Madrid, 1964.

²² Ademais do citado libro de Fanny Rubio e o monográfico da revista *Poesía Española*, vid., sobre o tema, o traballo de José Sánchez, "Revistas de poesía española", en *Revista Hispánica Moderna*, nº 4 (25-X-1959).

Corcel. Pliegos de poesía. Dirixida en Valencia por Ricardo Juan Blasco, publica o seu primeiro número en novembro de 1942. Desaparece en 1949.

Garcilaso. Revista de verso e prosa dirixida por José García Nieto. Publicada en Madrid, o seu primeiro número está datado en maio de 1943. Remata en 1946.

Espadaña. Revista de poesía e crítica. Publicada en León, estivo dirixida por Antonio G. de Lama, Eugenio G. de Nora e Victoriano Crémér. O seu primeiro número apareceu en 1944. Desapareceu en 1950 e acadou 48 números.

Proel. Revista de verso e prosa dirixida dende Santander por Pedro Gómez Cantolla. O seu primeiro número aparece en 1944. Tivo dúas épocas, rematada a segunda delas en 1950.

Halcón. Revista de poesía. Apareceu en Valladolid en novembro de 1945. Estivo codirixida por M. Alonso Alcalde, L. López Anglada, Arcadio Pardo, A. Merino e Miguel Delibes. Rematou en 1949, no seu número 13.

Postismo. Esta revista foi un serodio epígonos vanguardistas e unha aventura persoal de Carlos Edmundo de Ory, Silvano Sernes e Chicharro (fillo). Apareceu en Madrid en 1945 e tirou un só número. Tivo en *La Cerbatana* unha breve continuadora.

Verbo. Cadernos literarios baixo a codirección de José Albi, Vicente Ramos, Manuel Molina e Joan Fuster. Publicada en Alicante e Valencia, tirou o seu primeiro número en 1946. Con algúns interrupcions chegou ata o número 31, datado en 1958.

Cántico. Hojas de Poesía. Dirixida en Córdoba por Ricardo Molina, Pablo García Baena e Juan Bernier. Aparece en 1947 e chega, con 8 números, ata 1949. A súa segunda etapa, con 13 números, vai de 1954 a 1957. No número 3 desta segunda etapa publica unha pequena antoloxía de poesía galega con textos en galego e castelán, encabezados por unha carta de presentación de Álvaro Cunqueiro.

La Isla de los Ratones. Hojas de Poesía. Dirixida en Santander por Manuel Arce, a súa andaina vai de 1948 ata 1953, cun total de 22 números.

Aínda que nun contexto diferente, cómpre dar conta, por razóns de múltiples veciñanzas coas revistas galegas, daquelas que se publicaron en Portugal. Nas revistas poéticas portuguesas publicadas na década 1940-1950 asistimos a un debate entre dúas opostas concepcións da poesía. Esta confrontación parte xa de finais da década de 1920 e polarízase ó redor de revistas como *Cadernos de Poesía* (1940), *Novo Cancioneiro* (1941) e *Távola Redonda* (1950). Temos, en efecto, dunha banda, a concepción da poesía como arte social. Doutra, a defensa da mesma como arte pura dende unha actitude aberta, ecumenista, independente. No medio de ámbalas dúas tendencias, o surrealismo continúa a manifestalo seu pulo.

Certamente non temos constancia, nas veciñas lusas de *Posío* da década 1940-1950, da presencia nas súas páxinas de poetas galegos. Pola contra nas revistas poéticas galegas deses anos (*Sonata Gallega*, *Finisterre*, *Alba*, *Gelmírez*, *Aturuxo*, etc.) figuram colaboracións de portugueses como Miguel Torga, José A. Garibáldi, Joaquim Montezuma de Carvalho, António Luís Moita, Augusto Nunes Pereira, L. de Carvalho, Otoniel Beleza, António de Carvalho, Ernâni de Melo Viana, etc. Sen dúbida de todos eles é José A. Garibáldi o que presenta unha máis cons-

tante colaboración nas nosas revistas. En síntese, as revistas poéticas ou literarias portuguesas aparecidas entre 1940-1950 son:

Novo Cancioneiro (Coímbra, 1941). Contraria a *Cadernos de Poesía*, esta revista, verdadeiramente unha colección poética, foi o órgano de afirmación da xove xeración neorrealista, defensora da poesía social.

Atlántico (Portugal/Brasil, 1942). Dirixida por Antonio Ferro e Lourival Fontes, tamén literario-cultural.

Cadernos de Poesía (Lisboa, 1942). Orientada por T. Kim, J. Blanc e Ruy Cinatti, defende a tendencia artepurista, aberta ó ecumenismo poético.

O Globo (Lisboa, 1942). Dirixida por Dias Martins, amosa unha fonda inclinación polo surrealismo, pero tamén o neorrealismo ten cabida neste xornal literario.

Horizonte (Lisboa, 1942). Dirixida por Joel Serrão, pódese catalogar como revista literario-cultural.

Variante (Lisboa, 1942). Dirixida por António Pedro, é fundamentalmente unha voceira do surrealismo.

Vértice (Coímbra, 1942). Dirixida por Raul Gomes e Carme Vaz, é compañeira da anterior e propugnadora da lírica social e concepcións moi afins á mesma.

Litoral (Lisboa, 1944). Dirixida por Carlos Queiroz, conflúen nela correntes poéticas diversas pola súa actitude ecléctica. Foi unha publicación literario-cultural.

Aqui e Além (Lisboa, 1945). Dirixida por Carlos A. Dias Ferreira, foi unha revista cultural-literaria, non especificamente poética.

O Cavalo de Todas as Cores (Barcelona, 1950). Publicada en España, pero portuguesa, dirixida por Alberto de Serpa e Cabral de Melo Neto.

Tavola Redonda (Lisboa, 1950). Dirixida por António M. Couto de Viana, Luis de Macedo, David Mourão-Ferreira e António Vaz Pereira, mantivo unha diversificada concorrenza de línias poéticas dende unha óptica de amplo ecumenismo.

2.3. A lírica galega nas revistas de posguerra (1940-1960)

2.3.1. Consideracións xerais

Comecemos por dicir, en primeiro termo, que a catalogación como revistas de poesía algunas publicacións inscritas nese ámbito é equívoca ou, cando menos, imprecisa. Ó respecto, permítasenos unha longa pero axustada cita de García Nieto, poeta que fundou e dirixiu varias revistas poéticas:

"Es muy vaga la denominación de "revistas de poesía" porque el concepto se escapa en cuanto queremos apresarlo. En el ánimo de todos —principalmente en el de los poetas— está lo que queremos significar con esta idea, pero al querer encasillar en ella la serie de publicaciones que inmediatamente nos parecen idóneas, un mundo de distingos y de escrúpulos se nos echa encima, y resulta difícil el acierto en la justa recopilación.

Entendemos por "revistas de poesía" esas publicaciones "Chicas" —otro término afortunado, aunque también escurridizo— que son punto de arranque, o práctico estado de unión, de un grupo más o menos homogéneo de escritores jóvenes —frecuente y fatalmente poetas, al menos en sus principios— con un entusiasta interés por dar a conocer sus escritos. Que este impulso juvenil y creador sea el que mejor caracteriza a la mayoría de estas publicaciones que nos ocupan no quiere decir que no existan otros títulos de catalogación menos típica, y hasta algunos donde los orígenes responden a estímulos diversos, que pueden ir desde el robinsonianismo esfuerzo hasta el mecenazgo sustentador. Siempre, eso sí, bajo estos lábaros solitarios, existe un noble deseo de comunicación primera y arriesgada, siempre un afán de salida a "la del alba" que se prevé de corto periplo, aunque se emprenda con ardor".²³

Acontece que, en principio, estas revistas están concibidas para dar cabida só á creación poética, pero en moitas ocasións, más cedo ou más tarde, xorden as colaboracións en prosa e xa a publicación rebasa a condición estrictamente poética. Para exemplificar esta situación podemos acudir a algunas revistas publicadas en Galicia entre 1940 e 1960 que teñen sido analizadas como poéticas.

Alba (1948), subtitulada "Hojas de poesía" no seu primeiro número, incorpora ó mesmo unha colaboración en prosa, ainda que en cualidade de separata. No seguinte número a prosa está xa presente nas páxinas regulares da revista coa "Balada biográfica de Manuel Antonio", de González-Alegre. O evidente pulo dos textos prosísticos nos sucesivos números e as alteracións do subtítulo da publicación ("Poesía y prosa", no número 4; "Verso y prosa", no número 5) son boa proba do carácter bifronte, da dualidade textual que presenta *Alba*. Ó exposto hai que engadir que boa parte das páxinas de prosa están dedicadas neste caso á información e comentarios sobre a poesía.

Posío (1945), considerada como revista fundamentalmente poética, é en parte un caso semellante. De estructuración moi más homoxénea e regular que *Alba*, acolle tamén a prosa en tódolos seus números. Pero cómpre subliñar que, cuantitativamente, existe un notable desequilibrio a prol do verso e as colaboracións en prosa ocupan só entre un dez e un quince por cento dunha publicación que xa no lema da súa portada —"e vou namorada"— non agacha a súa vocación lírica.

Aturuxo (1952), de Ferrol, considerada igualmente revista poética, agarda ata o seu número 5 para engadi-lo subtítulo "Poesía y crítica". Nacida "con propósitos única y exclusivamente poéticos", xa no seu número inicial publica colaboracións en prosa de Otero Pedrayo e Leyra

²³ José García Nieto, "Justificación y propósito", en *Poesía Española*, nºs 140-141, Madrid, 1964, p. 1.

Domínguez e reserva para o final a crítica de libros. A coidada configuración das páxinas co-dirixidas por Tomás Barros e Miguel C. Vidal fixo que esta situación se mantivera, conservando a lírica un posto de privilexio. Como única excepción anotámo-lo incremento da prosa no número de homenaxe a Luís Pimentel, co que a revista iniciou a súa breve segunda xeira, rematada en 1960.

Das dúas décadas que temos delimitado con anterioridade, foron *Numen* (1944), *Mensajes de Poesía* (1948), *Xistral* (1949) e *Amanecer* (1957) as más puramente poéticas. Non temos nelas ningunha manifestación prosística e si, pola contra, algunas mostras de prosa poética, verdadeiros poemas en prosa. As notas de poética ou datos biográficos dos poetas colaboradores son, nesas páxinas, excepcionais e subsidiarias.

Por poñer outros casos ben diferentes, a luguesa *Escritos* (1959) aparece como unha revista literario-cultural na que a presencia da poesía, sen chegar a ser residual, é moi inferior á da prosa. *Gelmírez* (1945) amosa unha notable consecución do equilibrio ó que confesa aspirar: ser “apasionado de verso y prosa” dentro da súa autoconsideración de “revista de creación literaria”. En *Atlántida* (1954) a poesía ocupa así mesmo un lugar subsidiario, reducida a tres ou catro páxinas por número, co importante engadido das separatas. En fin, *Finisterre* (1943), *Sonata Gallega* (1944) e *Cartel* (1945) manifestan, áinda que en diferente grao, un absoluto predominio das colaboracións en prosa sobre as aportacións poéticas.

Froito da precariedade económica na que se estaba a vivir no país e na que tamén se moían os fundadores e directores destas revistas na posguerra, foi a efémera existencia das mesmas, a súa curta andaina. Precisemos neste senso que ningunha delas, agás *Vamos* (1948), *Finisterre* (1943) e *Posío. Arte y Letras* (1951), chegou ós 20 números. Ben pola contra, houbo algunas de mínima traxectoria, proxectos que morreron ó pouco de cobrar vida. Entre as de duración máis breve, *Numen* (1944) e *Xistral* (1949) acadaron só dous números; *Gelmírez* (1945) e *Nemancos* (1953) tiraron tres; *Posío* (1945), *Escritos* (1959) e *Amanecer* (1957) chegaron ós catro; *Sonata Gallega* (1944), *Mensajes de Poesía* (1948) e *Aturuxo* (1952) difficilmente superaron os dez; *Tapal* (1950), de Noia, quedou en nove.

A carencia dun axeitado mecenado, a falla de subscriptores, a dimensión de pura aventura persoal nalgúns casos, a rápida dispersión do grupo fundador noutros, as disensións persoais e áinda algúns problemas de censura foron factores determinantes ben da desaparición súbita, ben da irregular traxectoria de boa parte destas revistas. Froito dos factores antecitados, e tamén da ampla marxe de improvisación, é, ás veces, a pobreza estética e a morea de irregularidades e anomalías que atopamos frecuentemente. Entre esas irregularidades dáse con frecuencia a periodicidade pouco rigorosa, o cambiante número de páxinas, a carencia de datos nos créditos da publicación, a inexistencia de paxinación, os trocos no formato e na estructura interna dos diferentes números, etc. De certo, a boa intención, o entusiasmo, o total desinterese dos colaboradores (que chegaban ata perde-los cartos das súas magras economías persoais), as razóns de amizade que levaban a algúns a manter estas empresas idealistas movidas polo afervoado amor á literatura, foron factores que só en contadas ocasións conseguiron ofrecer produtos do nivel deseable dende o punto de vista da estética e do deseño.

Un apartado consubstancial a unha revista poética ou literaria é o das ilustracións. Na panorámica que estamos a deseñar temos un pouco de todo a ese respecto. Hai un primeiro bloque de revistas no que o gusto e esmero da estética semella ter sido unha preocupación e unha meta a acadar. Así acontece, por exemplo, no coidado traballo que Díaz Pardo e Segura Torrella depositaron nas páxinas de *Aturuxo* (1952); no esmero e riqueza estética que Urbano

Lugrís e un numeroso número de artistas plásticos puxeron en *Atlántida* (1954); na riqueza das ilustracións de *Sonata Gallega* (1944) —na que salienta o traballo de Ramón Peña—, así como de *Tapal* (1950) e *Finisterre* (1943); tamén nas fermosas páxinas centrais de “Musa al Noroeste” de *Posío* (1945). Non podemos dici-lo mesmo dalgunhas compañeiras das citadas como *Alba* (1948), *Amanecer* (1957), *Xistral* (1949), *Escritos* (1959) e áinda *Mensajes de Poesía* (1951), nas que ou ben hai unha carencia total de ilustracións ou estas aparecen esporadicamente. Certamente, é de xustiza precisar que nesta dimensión estética os condicionantes económicos foron determinantes.

O habitual destas páxinas é o complemento de ilustracións, que son obra de diferentes artistas plásticos. Pero nalgúns casos como *Finisterre* (1943), *Tapal* (1950), *Sonata Gallega* (1944) ou *Triunfal* (1940) estas ilustracións vense acompañadas pola aportación fotográfica. Nestas catro publicacións semella evidente unha aposta pola parte gráfica, que ás veces chega a estar por enriba da entidade das colaboracións literarias. No particular caso de *Triunfal* (1940) este desequilibrio é particularmente grave. En suma, un feixe de fotógrafos e artistas plásticos galegos desfilan ante nós. Entre os ilustradores advertímos-la frecuente presencia de ilustres nomes como os de Seoane, Portela, Maside, Lugrís, Mayer, Castro Gil, Prego de Oliver e moitos máis.

Función fundamental das páxinas das revistas poéticas ou literarias, en tempos de radical penuria de publicación de libros, foi a de servir de ponte ou canle inicial para os escritores. Contribuíron a salvar moitos textos da provisoria situación de inéditos, supuxeron nalgúns casos a posibilidade de proseguir un labor coutado de raíz pola Guerra Civil e facilitaron en ocasións o coñecemento de escritores que começaban a súa traxectoria naquelhas difíciles circunstancias. Do material poético que conteñen, unha parte rematou por se integrar en libros de posterior publicación; outra, quedou como testemuño únicamente naquelhas fráxiles e esquecidas páxinas. Delas, en todo caso, non pode prescindir a nosa historia literaria polo seu valor documental de primeira man.

É claro que non todo foi ouro lírico. Sen dúbida advertímos-la presencia de nomes de primeira magnitude da nosa lírica contemporánea como Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel, Carballo Calero, Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Cabanillas, etc., todos eles coñecidos con anterioridade a 1936. Pero ó seu carón, hai moitos nos que a poesía foi unha aventura frustrada, xentes que carecían de dotes para o mester poético (polisóns que se introducían por relacións de amizade, pola teima de publicar ou por outras motivacións extraliterarias), e que, en definitiva, constitúen unha empobrecedora veciñanza e deterioran a altura estética do conxunto. Moi poucas revistas conseguiron librarse desta situación e nalgunhas delas advertímos unha particular ceremonia de confusión e un localismo que deriva en mediocridade.

A elaboración ás veces pouco menos que artesanal, os escasos exemplares das tiradas, o reducido grupo de público receptor (case exclusivamente escritores ou amigos de escritores) son outros tantos trazos distintivos destas revistas. Algunhas subsistiron polo abondoso material publicitario que conseguiron. Mais ningunha delas, xusto é dicilo, fixo escola nin marcou unha tendencia estética definida. Os textos programáticos, cando existen, resultan pobres ou excesivamente lastrados de vacuidade retórica. Tampouco deron saída a unha xeración concreta para ser portavoz dela; contrariamente, constituíronse ás veces en punto de encontro de varias xeracións. *Alba* (1948), *Aturuxo* (1952) e *Atlántida* (1954) estiveron sen dúbida á altura das que se facían polo resto da xeografía española naqueles anos, pero de certo non chegaron a consegui-la significación de *Espadaña* (1944) ou *Cántico* (1947), por poñer dous ilustres exemplos.

2.3.2. Caracterización das fontes principais: poéticas, literarias e culturais

A presencia de composicións poéticas en galego nas revistas poéticas, literarias ou culturais cunha importante aportación literaria, publicadas²⁴ en Galicia entre 1940 e 1960, adquire un gradual incremento xa desde os primeiros anos da posguerra. Esta presencia é certamente limitada na primeira das dúas décadas polas difíceis circunstancias que están a condicionar gravemente o uso escrito do galego (situación á que xa nos temos referido con anterioridade). Nestes anos a aparición de poemarios en galego publicados dentro de Galicia, era un feito tan anómalo como infrecuente.

É de xustiza anotar que, na problemática tarefa de dar pulo á nosa lingua naquelas publicacións, *Alba* (1948) foi unha meritaria adiantada xa desde os seus primeiros números, —o terceiro moi especialmente— nos que advertimos unha tentativa de equilibra-lo uso do galego e do castelán. Por diferentes razóns ese equilibrio non callou, non se mantivo con regularidade ó longo dos dezaseis números da revista, pero sen dúbida temos nela algunas pezas poéticas da nosa lírica de grande interese. Con anterioridade, *Sonata Gallega* (1944) acolleu nas súas páxinas unha considerable aportación poética en galego.

Xa na década 1950-1960, coa posta en funcionamento das primeiras empresas editoriais galegas da posguerra e a aparición dalgúnhas coleccións poéticas, na liña dunha política de galleguismo cultural promovida sobre todo polo grupo vencellado a Galaxia, a situación semella más positiva. Lémbrese que ata que o movemento editorial acadou certo pulo as posibilidades de publicar para os nosos poetas estaban reducidas ó espacio nos suplementos literarios dalgúns xornais ou, no mellor dos casos, ás páxinas das revistas de dentro ou fóra de Galicia (ás da Galicia do exilio en Hispanoamérica no segundo caso).

Con todo, os atrancos son ainda moitos e a presión da censura é máis que notable malia a irregularidade das súas actuacións. O resultado é que, nas revistas destes anos, a frecuencia do uso do galego acada meirande entidade: moitas das páxinas de *Aturuxo*, algunas das separatas de *Atlántida*, o apartado adicado á poesía galega no último volume de *Posío. Arte y Letras* a carón de mostras más puntuais como o monográfico dedicado a Álvaro Cunqueiro en *Mensajes de Poesía*, a homenaxe a Luís Pimentel en *Aturuxo* ou a escolma dos poemas de *Mar ao norde*, de Manuel María, en *Alba*. Tamén *Tapal*, de vocación local noiesa pero con inquedanzas literarias, deu entrada xenerosa á nosa lírica. É de rigor puntualizar, sen embargo, que global e comparativamente o castelán desequilibra con claridade ó seu favor a situación evidente de bilingüismo de tódalas nosas revistas aparecidas no ámbito dos vinte anos que temos delimitado.

A efectos da súa conservación material en coleccións completas e da ulterior posibilidade de consulta polos interesados, a situación destas revistas móvese no terreo da incuria e da precariedade. Polo xeral, e agás algúnhha excepción, as bibliotecas das institucións tanto públicas como privadas carecen da totalidade dos números que integran cada colección e o estado dos exemplares existentes resulta con frecuencia menos que discreto. Como a bibliografía sobre este tema é ata agora escasa, e nalgúns casos moi pouco fiable, temos que acudir a fontes particulares para constatar co necesario rigor datos referentes á cronoloxía, á cuantificación dos números que componen a totalidade de tal ou cal publicación ou a consignación de refe-

²⁴ Para unha cronoloxía posterior vid. sobre este tema o traballo de Xosé M^a Álvarez Cáccamo, "As revistas culturais e literarias de 1975 a 1985", en *Grial*, nº 89, Vigo, 1985, pp. 340-353.

rencias identificativas omitidas sexa por descuido, sexa por apresuramento á hora de dar ó prelo os orixinais.

As revistas que caracterizamos a continuación adoitan aparecer clasificadas como poéticas ás veces, como de poesía e crítica, xenericamente literarias ou áinda culturais cun significativo número de páxinas de carácter literario. Pero este conxunto carece de pretensións de exhaustividade. Nunha revista calquera, non especificamente literaria nin cultural, poden aparecer poemas dos que, pola voluntaria restricción do noso terreo a investigar, non damos conta. O noso traballo é, xa que logo, susceptible de se completar coa esculca doutras revistas pertencentes ós seguintes niveis:


- A) As galegas, de carácter non literario, publicadas en España pero fóra de Galicia (moitas delas promovidas polos diferentes Centros Galegos).
- B) As publicadas en Galicia pero que, pola súa propia natureza, carecen dunha aportación literaria de certo relevo.
- C) As españolas non galegas, poéticas ou literarias, nas que con algunha frecuencia colaboraron poetas galegos na súa lingua.
- D) As galegas aparecidas en Hispanoamérica, como resultado da emigración ou do exilio.
- E) As portuguesas nas que colaboran poetas galegos.

Dalgunhas destas publicacións daremos referencia con posterioridade. A continuación, coa finalidade de contextualiza-lo *corpus* poético da nosa lírica no conxunto de revistas xa delimitadas ó comezo deste apartado, ofrecemos unha visión dos aspectos máis característicos das mesmas. Estas son as seguintes:

TRIUNFAL (Pontevedra, 1940)

Triunfal reaparece na súa “segunda época” no número 5, datado en abril de 1940. Subtitulada “Revista Nacional Literaria e Ilustrada”, publícase en Pontevedra, pero ten delegacións en Madrid e noutras cidades españolas. O seu director foi Prudencio Otero Bermúdez de Castro e como director literario e artístico aparece Ramón Peña. A súa aportación literaria —prosa e verso— ten un interese menos que discreto. Pola contra, posúe un amplio e coidado material fotográfico particularmente nas seccións de moda e actualidade bélica. Cun formato de 29 x 20,5 cm, *Triunfal* amosa un importante soporte publicitario e está redactada integralmente en castelán.

Entre os ilustradores figuran Portela, Castro Arines e Torres, áinda que moitas ilustracións carecen de sinatura. Tampouco figuran os autores das fotografías. Dos colaboradores literarios algúns deles figuran baixo pseudónimo ou con iniciais. Dunha más ampla nómina anotámo-los nomes de J. Sánchez Cantón, Filgueira Valverde, Ramón de la Vega, Ramón Peña, González Arrilli, Francisco Leonarte, A. Zaragoza Ruiz, Manuel G. de la Fuente, José de Castro Arines, Cristina





Novoa, Pascasio Trujillo, Del Río Crespo, Viñas Calvo, María Maetzu e Carlos Luis del Valle-Inclán.

No número 5, inicial da segunda época, nunha breve nota —"Nuestro saludo"— *Triunfal* amosa o seu agradecemento á Corporación Municipal de Pontevedra, que declarara a revista "de utilidad para nuestra ciudad y provincia". O último número consultado por nós é o 8, correspondente a xaneiro de 1941.

FINISTERRE (Pontevedra-Madrid, 1943-1946)

Finisterre foi, sen dúbida, a máis madrugadora das nosas revistas de posguerra. Certo que con anterioridade apareceu *Triunfal*, que é unha publicación de moito menor interese, pero foi *Finisterre* a primeira en introducir textos en galego. O seu número 1 está datado en Pontevedra, no 1-IX-1943. Imprentábase en Gráficas Torres e o seu director-proprietario era Emilio Canda. Figuraba como redactor-xefe Celso E. Ferreiro.

Subtitulada "Revista de Galicia", mensual e ilustrada, nun curto editorial do número 1 declaraba o seu propósito: "aportar al acervo cultural y literario de España la contribución cuantiosa y

admirable de Galicia". Esa contribución concretaríase nunha temática variada na que entraban cuestións e problemas de carácter histórico, literario, biográfico, científico, artístico e xeográfico. Un artigo de Santiago Amaral (Otero Pedrayo) que toma o seu título da cabeceira da publicación, abre o primeiro número, que está ilustrado cun gravado da fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela feito polo artista lugués Manuel Castro Gil.

Cun formato de 19,5 x 20,5 cm (con lixeiras variacións) *Finisterre* ofrecía entrevistas, narracións curtas, artigos de crítica literaria, reportaxes fotográficas sobre feitos e acontecementos da vida pontevedresa, comentarios dos espectáculos teatrais e cinematográficos, crónicas de asuntos diversos, recensións de libros, crítica musical, notas de sociedade, etc. A longa andaina de *Finisterre* debeuse seguramente ó amplísimo soporte de publicidade e tamén ás reportaxes fotográficas de carácter social, cultural e da actualidade política. Das súas diferentes seccións quizais sexa pertinente reparar na titulada Oro Viejo. Dedicada á poesía, homenaxeou —case sempre con poemas en galego— a algunas das nosas más prestixiosas figuras (Pondal, Marcial Valladares, Concepción Arenal, Alberto Camino, Rosalía de Castro) e outras menos coñecidas como Clara Corral ou C. Placer Bouzo.

No número 24 (xaneiro de 1946) publicáronse os "Seis poemas galegos" de Federico García Lorca e, ó mesmo tempo, Álvaro Cunqueiro anuncia o comezo da súa serie de artigos sobre as tabernas galegas, "historia que ha sido en gran parte vivida por el autor". Este número 24 presenta como novidade o feito de que nel comeza a andaina madrileña da revista, que ten agora a súa redacción no número 1 da rúa Cruz da capital. Camilo José Cela abre este número de *Finisterre* cun artigo de tema galego. Da xeira madrileña de *Finisterre* sabemos que durou ata o número 31 da revista, datado en outubro de 1946. Carecemos de noticias do número 32, que possiblemente non apareceu. Pola contra o número 33 (xaneiro de 1947) presenta xa unha revista diferente, un *Finisterre* dirixido agora por Leopoldo Eulogio Palacios, revista mensual que inaugura no antecitado número 33 novo formato e di ser continuadora dunha anterior *Finisterre* que mudara a súa cabeceira por outra, *Más allá*, pero que continúa unha numeración correlativa co *Finisterre* galego, suprimindo o subtítulo "Revista de Galicia". En fin, esta nova revista remata no número 44, datado en decembro de 1947.

Fotografías de Ksado, Arturo, Almeida, Pacheco, Chao, Martín, Cancelo, Vega e Lagos; debuxos, caricaturas, gravados e acuarelas de Castro Gil, Ríos, Válgora e Portela a carón de moitas que van sen sinatura aportan o material gráfico de *Finisterre*, sostida doutra banda por unha nutrida sección de anuncios publicitarios. Numerosos e importantes son os colaboradores literarios, en verso e prosa, se ben a prosa leva sempre aquí o bocado do león. Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro (ás veces como Celso de Cela), Camilo José Cela, Alejandro Barreiro, Julio F. Ogando Vázquez, Vicente Risco, Carmen Laforet, Francisco Leal Insua, Ramón Barreiro, W. Fernández Flórez, Emilio Canda, Joaquín Pesqueira, J. Leira Domínguez, Carlos Rivero, M. Blanco Tobío, A. Fernández-Cid, E. Chao Espina, José L. Bugallal, Manuel G. Cerezales, Cuña Novás, Dámaso Calvo, José M^a Uncal, Julio Sierra, J. Bremón Sánchez, Jesús F. Rey Alvite, Eugenio Montes, Julio Dantas, José M^a Prada, Arturo Lagorio, J. López Medina, Jesús Carro García, Emilio Álvarez Blázquez, Filgueira Valverde, B. Varela Jácome, Isidoro Millán, Francisco Mayán Fernández, Manuel Fabeiro Gómez, José M. González Luengo, J. Trapero Pardo, Carlos del Valle-Inclán, Francisco J. Sánchez Cantón, Sofía Casanova, Antonio Rey Soto, Faustino Rey Romero, Montes Aguilera, José de Castro Arines, Enrique Romero Archidona, Dionisio Gamallo Fierros, José e Amancio Portabales, Jesús Rey Alvite, José Díaz Andión, Francisco Daponte Fandiño e Luis Moure Mariño son parte dunha áinda máis extensa nómina de escritores.

Relativamente escasos —como cabería agardar— son os textos (case todos eles poéticos) en galego. Ademais dos xa citados poemas de García Lorca temos composicións de Álvaro Cunqueiro, E. Pondal, Pura Vázquez, C. Placer Bouzo, Marcial Valladares, Clara Corral, A. Vázquez Rey, A. Noriega Varela e Carlos Rivero.

Da prosa, anotámolo conto "O zapateiro de Cangas", de V. Lamas Carvajal.

NUMEN (Vigo, 1944)

Numen foi unha das manifestacións más temperás entre as revistas literarias da posguerra. Xurdiu en Vigo, en 1944, baixo a dirección de Xulio Sigüenza e con Enrique Romero Archidona como secretario de redacción. Nese ano tirou, ó parecer, dous números, que dan conta da totalidade da súa ben curta traxectoria.

No número 1, de formato tabloide (35 x 26 cm) como se dun xornal se tratara, advertímos-lo subtítulo "Revista popular de poesía", xustificado polo seu primeiro e único texto programático, "Pregón para poetas y para los que no lo son". Entre moita retórica oca, fálase alí, con non pouca ambigüidade, de recupera-la "noción del Norte" e, sobre todo, da pretensión de facer unha revista para "popularizar la buena Poesía"; a poesía como "un camino hacia Dios" nun mundo que "tan sangrientamente se está gestando ahora" (en referencia sen dúbida ó reesar da II Guerra Mundial).

O número 2 confirma o enderezo vigués da revista e presenta, de forma anómala, unha notable reducción de formato (23,5 x 16 cm). As ilustracións son poucas e de pequenas dimensións, pero están feitas con gusto en ámbolos dous números. As únicas referencias ós seus autores (moitas están sen asinar) permiten falar da colaboración de U(rbano) L(ugrís) e Ánxel (Johán). Este número 2 inclúe publicidade, pero, como o precedente, carece de paxinación.

Breves textos en prosa (recensións, notas biográficas, notas breves, citas de autores estraneiros traducidas ó castelán), non impiden catalogar a *Numen* como unha publicación estreitamente poética. No seu corpo de redactores figuran os irmáns Emilio e Xosé M^a Álvarez Blázquez xunto con Pascual Sigüenza, José M. González Luengo (colaborador máis tarde de *Alba*), José L. Solla, César López Canabal, Ángel Gómez Montero e Maximino Fernández Domínguez. As colaboracións poéticas amosan un criterio de variedade e diversidade tanto esté-

tica como xeográfica dos seus autores. Entre eles temos ó arxentino Baldomero Fernández Moreno, a Joan Maragall (traducido ó castelán), ó colombiano e modernista Guillermo Valencia, ó cubano Nicolás Guillén, ó tamén colombiano José Asunción Silva, ó brasileiro Olavo Bilac ou á uruxuaia Luisa Luisi. Esta apertura complétase con breves textos de autores tan universais como Corneille, Oscar Wilde, Ruydard Kipling, Baudelaire, Verlaine, Ronsard e outros.

No número 2 é notable, pola contra, a presencia de poetas galegos con colaboracións en castelán. Emilio Álvarez Blázquez e o seu irmán Xosé M^a, Juan Bautista Andrade, Pascual Sigüenza, Ánxel Fole, Álvaro Cornide Ferrant, José Outeiriño Blanco, Xosé Díaz Jácome, Xulio Sigüenza, José M^a Castroviejo, Francisco Leal Insua, Luís Pimentel. Aportan así mesmo algúns poemas E. Romero de Archidona, Alfonso Ramos, César L. Canabal, González Luengo, Teófilo Ayuso, Rafael Manzano, E. Pérez Martínez, Urbano Lugrís, Bremón Sánchez, Pascual Sigüenza, Carlos A. Areán e Agustín Acosta. En galego, no conxunto da revista, temos unha única contribución, os “catro poemas galegos” de Xulio Sigüenza.

Como acontecerá con outras revistas cronoloxicamente posteriores, a mínima perduración, a condición case embrionaria de *Numen* constitúe un atranco insalvable á hora de xulga-lo seu resultado como publicación. Vertida cara ó castelán, non hai nela mención ningunha á cuestión lingüística, nin sequera a Galicia. O papel transcendente, de dimensión relixiosa, que asigna á poesía o xa referido “Pregón”, está de acordo coa atmosfera do momento, perceptible tamén na lírica española en castelán dos anos inmediatamente posteriores á posguerra. Mais discutible é que foran as vanguardas as responsables de que a poesía tivera perdida unha “noción del Norte” que non se concreta senón nun insólito “Norte legítimo” que queda sen explicar.

Hai, no paso do número 1 ó 2, un proceso de apertura-peche, de universalización-particularización no que atinxe á procedencia xeográfica e estética das colaboracións poéticas. As voces do mundo hispánico en xeral (dende Unamuno ata José Asunción Silva) e outras estranxeiras e universais (de O. Wilde a Baudelaire), que implican unha perspectiva más cara ó pasado próximo que cara ó futuro, deixan paso —no número 2— á presencia praticamente exclusiva de poetas galegos que se manifestan en castelán. Dende o tradicional romance ata o poema versolibrista, pasando por composicións en tercetos encadeados, redondillas e cancións de diverso feitío, temos manifestacións de modernismo residual, pegadas do vanguardismo, poemas de corte amadocarballista, relixiosidade afervoada, expresións da saudade e cancións amorosas. En definitiva, unha pluralidade de voces entre as que contamos manifestacións de interese.

Coa ben perceptible diferencia que xa constatamos entre os seus dous números, a lírica que ofrece *Numen*, en nada popular, é de máis que mediano interese, pero pouco aporta á poesía galega de posguerra como non sexa a constatación de que algunas voces que logo ían recuperar o galego como lingua poética utilizaban o castelán pola presión das circunstancias: Xosé M^a Álvarez Blázquez, Ánxel Fole, Díaz Jácome ou Emilio Álvarez Blázquez entre outros.

SONATA GALLEGA (Pontevedra, 1944-1952)


Madrugadora como *Finisterre* e tamén pontevedresa, *Sonata Gallega* (“una publicación de Céltiga”) tira o seu número 1 no inverno de 1944. Segue, na súa periodicidade, o ciclo das estacións do ano. No “Proemio” do aludido primeiro número fálase dunha publicación feita por “artistas e escritores pontevedreses”. Galicia-Jacobusland está no cerne mesmo das súas quedanzas; a “Galicia popular, humilde, bella” é o obxecto destas páxinas. Certamente a mestura de textos e ilustracións indica que estamos diante dunha revista literario-cultural na que a aportación de ilustracións (fotografías, debuxos, gravados ou linóleos) é ricaz e variada.

Ramón Peña figuraba como director e entre os colaboradores literarios²⁵ temos a Celso Emilio Ferreiro (moi presente en *Finisterre* e logo en *Alba*), Ramón Cabanillas, Carlos de Valle-Inclán (colaborador de *Triunfal*), Hipólito de Sá, Viñas Calvo, Joaquín Pesqueira e Emilio Canuda (director-proprietario de *Finisterre*). Con posterioridade prestarán a súa colaboración Victoriano Taibo, Prada Angulo, Leal Insua, Montes Aguilera, Celso de Cela (C. E. Ferreiro), Santiago Amaral (Otero Pedrayo), Ramón Peña, Alejandro Barreiro, Palacios Carbonell, J. Carlos Alonso, Gabriel Méndez, M. Cidrón, E. L. del Palacio, Manuel Cuña Novás, José Conde, Santiago Mallo, V. Nóvoa Gil, Antonio Almazán, Ángel Luis Sesto, E. Romero de Archidona, Emilio Álvarez Negreira, Luis Manteiga, Pura Vázquez, Arturo Vázquez, Manuel Rabanal, F. Montes Aguilera, Pilar Ulloa, Faustino Rey Romero, Adelaida Vallejo, Delfín Doncel, A. Garibáldi, J. Rey Porto, Ramón Vidal, Rafael Dieste, Manuel Antonio, Xesús Carro García, A. Fernández Xesta, Eduardo Blanco Amor, Gómez Tato, R. López Cuevillas, J. A. Avilés Vinagre, J. Ferro Couselo, M. Castro Fragoso, Fermín Bouza Brey, Sebastián Risco, Carballo Calero, Filgueira Valverde, Xosé Díaz Jácome, Xelioro (Rogelio Pérez), Julio Siguenza, A. Cambronero, Otero Pedrayo, Álvaro Paradela, Juan Naya, Isidro Conde, Matilde G. de Lloria, Ángel del Castillo, A. Cambronero, Otero Pedrayo, Álvaro Paradela, A. Carvalho, Camilo José Cela, J. León Delestal, Aquilino Iglesia Alvariño, Prudencio Landín, Vicente Risco, Edigio L. Padín, Herminia Fariña, Aurora Vidal, M. Fabeiro Gómez, J. Caamaño Bournacell, Salvador Lorenzana, M. Blanco Tobío, Sabino Torres, José Márquez Peña, Antonio Blanco Freijeiro e outros más que farían case inacabable esta nómina. A extensión da mesma está en relación co amplo número de páxinas da revista (que sen embargo non vai paxinada) e coa duración da súa andaina.

Cun formato de 29,5 x 19,5 cm, *Sonata Gallega* tirou en oito anos 12 números (varios deles extraordinarios) máis un especial dedicado ás festas de Rianxo en 1952, ano que remata a súa xeira. Foron, xa que logo, 13 en total. No número 2 —primavera de 1944— xa figura Celso Emilio Ferreiro como responsable das “seleccións literarias”. Posteriormente, Miguel Monreal aparece como xefe de redacción. As páxinas de publicidade foron sempre abondosas e dende logo van en detrimento da estética da publicación, que contaba con prestixiosos artistas plásticos como Laxeiro, Castro Gil, Pesqueira Salgado, Ramón Peña, Carlos Sobrino, Portela, Pintos Fonseca (autor dos linóleos de moitas portadas), Juan Luis, Paisa Gil, Abelenda, M. Torres, Morán, Rivas Briones, José Peña ou os irmáns Hernández. Figura tamén un grupo de fotógrafos (G. Santos, Bellber, Martín, Portela, Pintos, Almeida, Frías, etc.).

Poemas, contos, artigos de temática galega (pontevedresa e santiaguesa en particular), páxinas de homenaxe a figuras da nosa literatura (dende Rosalía a Manuel Antonio), estampas paisaxísticas, divagacións líricas en prosa, retratos biográficos, glosas, artigos de crítica literaria e artística e recensións de libros integran o contido da revista, subtitulada nos seus últimos números “Revista de Galicia” e cualificada pola R. A. G. como “exponente literario y artístico de la región”.

Entre os números extraordinarios cabe dar conta do dedicado á cidade de Coímbra (nº 10, primavera de 1948). Nel temos un artigo de C. E. Ferreiro sobre Antero de Quental, outro de Otero Pedrayo sobre Almeida Garret, poemas dos poetas portugueses A. Garibáldi, Augusto Nunes Pereira, L. de Carvalho e Otoniel Beleza así como dos galegos Díaz Castro, F. Bouza Brey, M. Cuña Novás, M. Fabeiro Gómez, Pura Vázquez, Aurora Vidal, Herminia Fariña, Ade-



²⁵ No nº 1, por erro, figurán como “artísticos”.

laida Vallejo-Leira e Ramón Cabanillas, que romancea a "Estoria do Bendito San Amaro" en galego. C. J. Cela, Salvador Lorenzana, Aquilino Iglesia Alvariño (coa narración "O mesón do Quinto"), Caamaño Bournacell, Blanco Tobío, Xelioro (Rogelio Pérez) e Blanco Freijeiro apórtan prosas diversas, dende narracións curtas ata ensaios breves de tema literario.

O número 11 (1949) é outro extraordinario, dedicado esta vez ó emigrante galego. E xa na "Ofrenda" que encabeza o número anúnciase o seguinte, extraordinario tamén, dedicado á "Madre Galicia". C. E. Ferreiro, Otero Pedrayo, Joaquín Pesqueira, Juan de los Campos, Ramón Peña, Ramón Vidal e Herminia Fariña escriben (en verso ou prosa, en galego ou castelán) sobre o tema da emigración. Reprodúcese un fragmento do poema "A emigración", de Curros. Outras colaboracións son da autoría de A. Landín Carrasco, V. Risco, Xelioro, A. Soto-Quiroga, Fermín Bouza Brey, C. J. Cela, Salvador Lorenzana, todos eles con artigos en prosa. Pura Vázquez, Viñas Calvo, Sabino Torres, Manuel Fabeiro colaboran con composicións poéticas.

Sonata Gallega foi, como tódalas da súa época publicadas en Galicia, unha revista bilíngüe. O predominio do castelán non impide estima-lo considerable interese —en cantidade e cualidade— dos textos en galego, nos que loxicamente predomina con moito o verso. Da presencia da lírica galega deixaremos constancia nas páxinas do noso *corpus* da mesma. A cualidade estética das ilustracións e o elevado número de ilustres escritores fan de *Sonata Gallega* unha revista fundamental no seu tempo e áinda hoxe digna de atención.


CARTEL (Vigo, 1945-1946)

Cartel, subtitulada "Revista de la vida gallega", foi unha publicación viguesa fundada e dirixida por Xulio Sigüenza, director tamén de *Numen*. Nos seus dous anos de existencia tirou un total de 12 números; o primeiro deles datado en decembro de 1945 e tódolos demais xa no ano seguinte. O derradeiro foi un extraordinario correspondente ós meses xullo-agosto de 1946.

Cartel, cun formato de 34 x 24,5 cm, tiña a portada en cor, levaba publicidade e como seccións de carácter cultural mantiña páxinas dedicadas á literatura, ó teatro e ás artes plásticas, así como á cinematografía. Vida social, deportes e actualidade eran apartados complementarios. Estamos, pois, diante dunha publicación cultural ou literario-cultural. Dende o punto de vista da lingua *Cartel* foi unha revista redactada en castelán que, como outras semellantes daqueles anos, publicaba algúns poemas en galego.

Ademais da parte fotográfica, levada por Ksado, Valín, Pacheco e Blanco, témo-la presencia de ilustradores como Colmeiro, Torres, L. Seoane, C. Maside, Manolo Quiroga, Goyanes, Isaac Díaz Pardo, Bustamante, Sánchez Mazas, Julia Minguillón, Norah Borges, Brufau, etc.

Entre os colaboradores literarios rexistrámos-los nomes de Francisco Leal Insua, Álvaro Paradela, Eliseo Alonso Rodríguez, Juan Manuel González Luengo, Manuel Fabeiro Gómez, Xosé Díaz Jácome, José Landeira Yrago, Enrique Romero Archidona, J. S. Raymández, Eduardo Pérez del Sar Río, Xosé M^a Álvarez Blázquez, Juana de Ibarbourou, José Outerño Blanco, J. Márquez Peña, Noriega Varela, Francisco Carvajal Capella, Gabino Díaz Herrera, Tomás Barros, Victoriano Taibo, Julio J. Casal, Eduardo del Río, Salvador Lorenzana, Diego San José, José Alonso y Trelles, Evaristo Correa Calderón, Imeldo Corral, Juan



Bautista Andrade, Ánxel Fole, Francisco Mayán Fernández, Antonio Rey Soto, Miguel Ramón Pola, Roberto Arlt, Luis de Mandariaga, Manuel Roldán, Wenceslao Añón, etc.

GELMÍREZ (Santiago de Compostela, 1945-1946)

Subtitulada "Hojas de Otoño a Primavera", *Gelmírez*²⁶ foi a "Revista literaria editada por el Instituto Nacional de Enseñanza Media Arzobispo Gelmírez de Santiago de Compostela, y patrocinada por los antiguos alumnos". A súa andaina estivo limitada ós 3 números que apareceron durante o curso 1945-1946. Cun formato uniforme (17,5 x 19,5 cm), perfectamente numerada e paxinada, os seus sumarios recollían colaboracións literarias e gráficas.


Foi Enrique Vidal Abascal o seu director, mentres que Manuel Rabanal Álvarez, vencellado ó grupo fundador de *España* (1944) e colaborador asiduo de revistas e xornais galegos e madrileños, era o director de redacción. Ámbolos dous integraban o padroado da publicación, a carón de Eladio Leirós, Manuel Remuñán, Mercedes Alsina e Luis Villar. A pretensión da revista era tirar tres números por curso, meta só acadada, como xa anotamos, no único curso que a publicación durou. Admitía publicidade e subscriptores como medios de financiación.

Linóleos, debuxos e gravados integraban o ben coidado material de ilustración. Nese aspecto salienta o traballo aportado por Enrique Mayer Méndez, membro dunha ilustre familia de gravadores composteláns. Del son as ilustracións das portadas e moitas do interior. Enrique Vidal, Beberide, Kollwitz e José A. Liste aparecen tamén como ilustradores.

Da nómina de colaboradores literarios salienta un feixe de ben coñecidos profesores daquelas anos en Santiago de Compostela: Manuel Rabanal, Enrique Vidal, Abelardo Moralejo Laso, Manuel Remuñán, Alfredo Llecha, Aquilino Iglesia Alvariño e Antonio Fraguas son algúns deles. Presencias ilustres son as de Vicente Aleixandre e Otero Pedrayo. Victoriano Crémer figura seguramente pola súa amizade dende *España* con Manuel Rabanal. Outras comparencias foron as de Luis Manteiga, Manuel Fabeiro, E. Fernández Almuzara, F. Ávarez Conzi, J. Crecente Vega, Florentino Agustín, E. Gutiérrez Abeledo, Miguel R. Pola e Agustín de la Rosa. O único representante do ámbito literario portugués é A. Garibáldi, presente en case tódalas revistas literarias galegas das décadas seguintes á Guerra Civil.

Mención especial merecen as separatas ben coidadas e impresas en cor. A primeira delas é a versión do "Canto al amor" da *Antígona* de Sófocles feita por Manuel Rabanal. A segunda —adxunta ó número 3 da revista— é a "Galopada de tercetos al Señor Santiago", en homenaxe ó Apóstol, da autoría de Antonio de Zubiaurre.

Gelmírez amosa un notable equilibrio entre creación poética e prosa crítica e ensaística. Hai tamén estudos literarios e prosa narrativa, pero sen dúbida a lírica ocupa lugar moi principal. Da liña da revista dan conta algúns textos programáticos (vid. no número 1, "Saludo" e "Manifiesto", e "Voz segunda" no número 2) nos que *Gelmírez* se autodefine como "revista de creación literaria", como un "cuaderno inquietante" que quere ser "guión apasionado... del



²⁶ Sobre *Gelmírez* pódense consulta-los artigos de Villa, "Proximidad de Rilke", en *La Noche*, Santiago de Compostela, 11-VIII-1949 e Manuel Rabanal, "Moralejo, traductor de poetas", en *La Noche*, Santiago de Compostela, 10-VII-1946.

verso y de la prosa". A apostar pola poesía contra a "prosa de la vida", pola estética da fermosura, por unha publicación que dea espacio á inspiración e ás voces novas, constitúe un explícito propósito da publicación. Estamos, en síntese, diante dunha revista de grupo, con ampla representación de poetas-profesores, con evidentes olladas ó mundo clásico, pero sen inscripción en corrente ou estética definida. A intervención de Manuel Rabanal nestas páxinas é a de meirande relevo.

Amosa *Gelmírez*, como tantas outras, un bilingüismo moi desequilibrado a favor do castelán. O emprego dunha ou doutra lingua (ou do portugués nos poemas de Garibaldi) non se cuestiona. Hai, en galego, seis poemas, sen dúbida seis interesantes poemas, da autoría de Otero Pedrayo, Bouza Brey e Iglesia Alvariño; este último aporta tres fermosas "Nenias", unha en cada un dos 3 números da revista. Ben concibida, ben coidada tanto en ilustracións como no deseño e tipografía, *Gelmírez* foi, sen embargo, lamentablemente efémera. Dicía ó parecer Manuel Rabanal que en Galicia os números dunha revista non chegaban ó número dos evanxelistas. *Gelmírez* (como *Xistral*, como *Numen* ou *Nemancos*) non fixo senón confirma-la súa estimación.

Posío (Ourense, 1945-1946)

As páxinas introductorias desta edición facsímile de *Posío* farían redundante calquera outra referencia a esta revista fundamentalmente poética. Novamente temos que insistir na diferencia —malia a coincidencia na cabeceira de ámbalas dúas publicacións— entre ela e aquelaoutra, *Posío. Arte y Letras*, que seis anos despois, en 1951, aparecerá tamén en Ourense cunha temática miscelánea na que sen embargo sobresaen as colaboracións literarias. Desta última damos noticia máis adiante.

ALBA (A Coruña, 1948-Vigo, 1956)

Tamén no caso desta revista, fundada e dirixida por Ramón González-Alegre en 1948 na Coruña, debemos remitir á edición facsímile²⁷ de recente publicación. Nela están anotados extensamente os datos caracterizadores da publicación e a súa evolución ó longo dos anos que durou. Nos seus 16 números (non 14 nin 17, como consta erroneamente en diferentes fontes) houbo de todo, segundo confesaría o propio González-Alegre ó facer balance dos anos de existencia de *Alba*. Unha nómina de 14 ilustradores, e outra de máis de 120 colaboradores literarios —en verso a maioría deles— confirma a interesante andaina das moi numerosas páxinas de *Alba*, irregular por moitos conceptos pero importante polo material informativo que contén e que reflicte puntuais e concretos feitos da historia literaria galega ó longo de case dunha década. Fundación de editoriais, novas coleccións, publicación de poemarios, aparición de revistas, congresos, conferencias, presentacións, antoloxías foron obxecto de recensión ou comentario naquelhas páxinas; moitas delas acollerón un caudal poético galego de notable cualidade: dende as



²⁷ *Alba. Hojas de Poesía / Follas de poesía* (A Coruña, 1948-Vigo, 1956). Santiago de Compostela: Publicacións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1995.

que revelaron voces novas ata aquelas que homenaxearon a figuras ben coñecidas ou serviron para que algúns poetas puideran publicar poemas que despois aparecerían en diferentes libros.


Alba foi unha revista poética bilingüe, pero máis proclive ó emprego do castelán, na que tamén tivo manifestación a prosa crítico-ensaística, informativa e narrativa. A presencia do galego ás veces é mínima, pero en certos números significativa. A preocupación pola poesía escrita por galegos, en galego ou castelán, tivo sempre preferencia, cunha singular atención ós poetas portugueses (Miguel Torga a figura máis relevante de todos eles) e brasileiros.

Non temos dúbida de que *Alba* debe ser catalogada como revista de director. González-Alegre, en efecto, foi corpo e alma da mesma para ben ou para mal. Omnipresente sempre, el foi o responsable dos polémicos textos programáticos. Quixo que *Alba* fora unha revista galega de poesía... non unha revista de poesía galega. Cando fala desta última, a súa terminoloxía resulta confusa ó non ter en conta a fronteira idiomática como liña diferenciadora. Polémico, entusiasta e xeneroso, non foi quen de crear grupo ou escola a través da súa revista, que el mantivo con sacrificio e traballo. Coas limitacións ou deficiencias que se lle poidan poñer, *Alba* foi unha avanzada e meritoria aventura no eido das nosas revistas poéticas.

MENSAJES DE POESÍA (Vigo, 1948-1952)

Hai certa confusión no que respecta a esta publicación poética que foi empresa persoal e exclusiva de Eduardo Moreiras, director, distribuidor, redactor, colaborador e ata ás veces impresor da mesma. En carta²⁸ do propio Moreiras a Luz Pozo, datada o 20 de agosto de 1948, pódese ler: "Tu "Llamada de Danae" va a ser publicada... Voy a editar unos pequeños cuadernos de poesía, en que recogeré lo más delicado de los poetas gallegos actuales, y también, en algún número posterior, del resto de España y Francia. Cada cuaderno será de cuatro páginas; habrá que seleccionar y dar en extracto lo más rico y fiel de la hora poética actual. Su precio no rebasará 3 pesetas y deseo que la publicación sea mensual".

Efectivamente, *Mensajes de Poesía* comeza a súa andaina en setembro de 1948 (IX de 1948) e o poema "La espina", de Luz Pozo, encabeza o seu primeiro número. Poemas de Pimentel, Pura Vázquez, Eduardo Moreiras e Xulio Sigüenza (o único de todos que se manifesta en galego) aparecen nesse número. En realidade a publicación non era unha revista, senón más ben un pequeno feixe de follas soltas que o propio Eduardo Moreiras remitía en sobre, mensualmente, como mensaxe particular e privado a un conxunto de 300 receptores, polo regular amigos do director e emisor daquellas follas.



²⁸ Reproducida, xunto con outros documentos relativos á revista, en *Nordés. Homenaxe a Eduardo Moreiras*, n^{os} 17-18, III Xeira, Sada - A Coruña: Edicións do Castro, maio de 1992, pp. 70-84. Vid. especialmente "Eduardo Moreiras fala de *Mensajes*".

Alonso Montero, que escribiu eloxiosas palabras sobre esta publicación, estima que “se publicaron, por lo menos, doce números en 1948, y nueve en 1949”²⁹. Entendemos que o erro na cuantificación procede da lectura da especificación do mes (en números romanos) como correspondente ó número da colección. Certamente esta consta de 11 números, o primeiro deles, coma xa quedou anotado, de setembro de 1948 e o derradeiro de xaneiro de 1952. A periodicidade foi, en consecuencia, moi irregular e dende logo non apareceu tódolos meses nin moito menos.

Nas páxinas de *Follas de vagar* lembra Moreiras³⁰ os tempos dos seus *Mensajes*, nos que “O ouxeto era dar a coñecer novos valores da poesía galega i engadir, en troques, os poetas casteláns que xurdían no ceo da poesía española da post-guerra”. A desaparición daquelas follas poéticas é un episodio —un máis— dos protagonizados pola censura. Algúns poemas do homenaxe dedicado a Blas de Otero (concretamente os titulados “A la inmensa mayoría” e “Plañid así”) motivaron a suspensión. Alonso Montero³¹ refire a frustrada tentativa de superá-lo atranco cando “Carmen Conde, entonces muy relacionada con Juan Aparicio, alto cargo en el Ministerio de Informaciones, le garantizó, si se rellenaba cierto cuestionario oficial, la continuidade de la revista, ya, así, plenamente legal. Moreiras declinó la propuesta”. Vicente Aleixandre, Cunqueiro, Luis Cernuda, Pimentel, Enrique Azcoaga e outros teñen saudado agrimonosamente estas follas poéticas de Moreiras. Follas que nin estaban paxinadas nin admitían publicidade e tampouco deran lugar a separatas nin textos programáticos. A numeración só parece nos números 8, 9 e 10 do conxunto. Nos sobres figuraba o nome de Eduardo Moreiras, o prezo do exemplar e o enderezo de Vigo onde se facía.

As ilustracións son, nalgúns casos, de aparición recorrente. Hai algúns debuxos de Laxeiro, un autorretrato de Cunqueiro, un retrato de Carmen Conde por Molina Sánchez e un óleo de Blas de Otero feito por Párraga. Pola contra, a nómina de colaboradores literarios é relativamente abondosa e ten nomes de interese. Mención particular merecen os números monográficos dedicados a Carmen Conde (con poemas dela e outros dedicados a ela), Blas de Otero (que ó parecer motivou problemas coa censura), Rafael Morales e Álvaro Cunqueiro.

Dos colaboradores galegos son asiduos Luz Pozo Garza, Álvaro Cunqueiro, Pura Vázquez, Eduardo Moreiras e Luís Pimentel. Menor relevo acada a colaboración doutros como Xulio Sigüenza, Ánxel Fole, Aquilino Iglesia Alvariño, Emilio Álvarez Blázquez, Alfonso Alcaraz, Carballo Calero, Otero Pedrayo e Celso Emilio Ferreiro. Como acontece en *Alba* ou *Aturuxo*, a lingua destes poetas (Luz Pozo, Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Eduardo Moreiras se manifestan tamén en textos de prosa poética) é alternante, galego e/ou castelán. En galego temos poemas de X. Sigüenza, Celso E. Ferreiro, Iglesia Alvariño, Carballo Calero, Emilio Álvarez Blázquez e Álvaro Cunqueiro. En castelán sempre, Luz Pozo, Pura Vázquez, Luís Pimentel e Eduardo Moreiras.

Hai en *Mensajes de Poesía* presencias de moi primeira liña de poetas españois non galegos. Aparecen poemas de Vicente Aleixandre, Gerardo Diego, Blas de Otero, Rafael Alberti e Juan Ramón Jiménez. Ó seu carón, outros tan estimables como Carmen Conde, Rafael Morales, Leopoldo de Luis, José L. Cano, Ángela Figuera, Concha Zardoya, Ana-Inés Bonnín, Susana March, Enrique Azcoaga e Ricardo Molina. Cómpre salienta-lo equilibrio de poetas galegos e españois non galegos nestas páxinas que, ademais, e como feito singular no contexto das re-

²⁹ Xesús Alonso Montero, “Mensajes de Poesía”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. XXI, Santiago / Xixón: Silverio Cañada editor, 1974, pp. 14-15. Do mesmo Alonso Montero vid. tamén “A fermosa empresa de *Mensajes de Poesía*: Homenaxe a Eduardo Moreiras”, en *La Voz de Galicia*, A Coruña, martes 30 de abril de 1991, artigo reproducido no número de *Nordés* citado na nota anterior.

³⁰ No número antecitado de *Nordés*, p. 82.

³¹ Vid. art. cit. que encabeza a nota anterior.

vistas literarias daqueles anos, deron cabida á lírica nas linguas francesa (con poemas de Jacques Audiberti, Jean Cocteau, Paul Claudel) e inglesa (composiciones de Mark Turbyfill e E. L. Mayo). En portugués, só lemos un poema de Ernani de Melo Viana.

Polo que se refire ós números monográficos, sen dúbida meritorios, a verdade é que a aportación orixinal da revista é ás veces reducida. Por exemplo, dos 18 poemas de Blas de Otero só 2 deles eran inéditos ata a súa publicación en *Mensajes de Poesía*, e dos 17 de Carmen Conde só 4 estaban na mesma situación. Pola contra, dos 17 de Álvaro Cunqueiro no seu número monográfico contamos 7 inéditos.

Mensajes de Poesía foi unha publicación específica e unicamente poética. Carece áinda de páxinas de crítica ou de noticia de libros e revistas poéticas. A prosa é, como xa anotamos, de fasquía lírica. Polo demais, amosa un bilingüismo desequilibrado a prol do castelán. A aportación galega máis significativa é, con moita diferencia, a de Álvaro Cunqueiro.

Estamos diante dunha revista catalogable como de director, porque *Mensajes de Poesía* foi unha aventura estritamente persoal do autor de *A realidade esencial*. A procura de colaboracións, a elaboración e configuración das páxinas e ata a distribución, foi tarefa individual de Eduardo Moreiras, como xa anotamos ó comezo destas liñas.

VAMOS³² (Santiago de Compostela, 1948-1995)

Vamos, como publicación, é difícil de catalogar. Trátase, en principio, dunha revista de ensino que é órgano de expresión dun prestixioso colexio privado compostelán no que estudiaron rapaces que logo ían ser importantes nomes da cultura, a economía, a avogacía ou a medicina de Galicia. Pero como revista escolar deu entrada nas súas páxinas a algúns singulares primeiros pasos literarios (os de Gonzalo Rodríguez Mourullo cando áinda estudiaba 4º curso do Bacharelato, por poñer un só exemplo) dos estudiantes do Colexio Minerva, a moitas colaboracións de importantes profesores e a coñecidos persoeiros das letras galegas. O interese poético de *Vamos* é o motivo que xustifica a súa inclusión aquí. Inclusión que sen dúbida pode ser discutible porque os contidos da revista evolucionan co paso dos anos e porque xa deixamos constancia da dificultade de deslindar con rigor no ámbito da catalogación de moitas das publicacións das que tratamos aquí.

Vamos!! (Escolar infantil) tira o seu número 1 no Nadal de 1948. Na “Autopresentación” da primeira páxina advírtese un ton lúdico e unha invitación xenerosa á colaboración nunha revista que quere ser algo significativo na “precaria luz de linterna en esta época de restricciones”. E, por suposto, non está ausente a afirmación do estudio e a fe relixiosa.

O número 3 (febreiro de 1953), malia mante-lo mesmo formato (29,5 x 20,5 cm) muda a cabeceira, que agora é *Vamos*. (Órgano del Colegio Minerva). Como editorial, “O Saúdo do Mestre”, un fermoso traballo en galego de Otero Pedrayo que constitúe un saúdo e chamado ós mozos: “Deixade falar en vos o acento da raza e da terra”. Neste número comeza a mellor etapa de *Vamos*, que se facía na Imprenta Yrago de Ro-

VAMOS

ORGANO DEL COLEGIO MINERVA



Colaboran en estos números 5 y 6.

Domingo García Sobeijos — Ramón Lugrís — Baldomero Cores — José M. Zabiaur D. L. — Benito Varela — José Luis Allué — José Díaz — Jesús Suárez — J. P. Francisco Río Berdejo — Francisco Otero — M. Ortega — M.ª Isabel Peleteiro — M. Castro — G. Pardo — Gumersindo Fontán — Jesús Tobío — Pedro Pereira — Angel M. Béiras — Fernando Balcar — Abelardo Moralejo — Fernando Castromil — Juan Carlos Goitia — Julián Estévez — J. P. — Esther Fernández — Mavice y G. Pardo.

³² Continúa publicándose na actualidade.

mera, no número 8 da Calle Nueva e posteriormente na rúa Rosalía de Castro, número 16. Admitía publicidade na última páxina, na sección “Guía comercial y profesional”. Non deixa de chama-la atención que os anuncios foran acompañados de pequenos poemas de ton humorístico e ás veces cheos de orixinalidade. Levaba a capa e a contracapa en papel de cor gris, logo laranxa e tamén azul. Dende o número 4 as portadas van ilustradas, en varios casos polos irmáns Villafínez, pintores da xeografía urbana e artística de Compostela. Non aparece nunca o nome do director da publicación.

Entre 1948 e 1960 *Vamos* tirou 57 números. Entre 1948 e 1953 non apareceu ningún. A súa periodicidade foi por momentos irregular e pasou de anual a mensual. Os mellores anos da revista, dende o punto de vista literario, foron 1953 e 1960. O emprego do galego foi certamente esporádico e só en poemas, narracións ou algúns pequenos ensaios literarios. As actividades do colexio dirixido por Manuel Peleteiro tiñan, loxicamente, tratamento prioritario: vida escolar, deportes, excursións e viaxes, cadros de honra, humor e anécdotas varias ocupan moitas páxinas de *Vamos*.

Hai tres tipos de colaboradores: intelectuais e escritores invitados, profesores e alumnos. Entre os primeiros anotamos colaboracións de Otero Pedrayo, García-Sabell, Baldomero Cores Trasmonte, Salvador Lorenzana, Ramón Piñeiro, Pura Vázquez, Aquilino Iglesia Alvariño, Uxío Novoneyra ou Manuel María. Entre os profesores temos a Benito Varela Jácome, Antonio Eiras Roel, Xesús Alonso Montero, Manuel Mourelle Lema, Avelino Abuín de Tembra, Francisco Javier Río Barja e Ángel Rodríguez González entre outros. Dun amplísimo grupo de alumnos salientámolo los nomes de Gonzalo Rodríguez Mourullo, José María Sánchez Harguindeguy, José Manuel, Ángel Mª e Alejandro Beiras Torrado, José Luis, Abelardo e Juan J. Moralejo Álvarez, Fernando Baltar Tojo, J. Bonet Correa, Ángel Pardo Fabeiro, Xohán Pernas Leira, Manuel Otero Pardo, Jesús Pereira Vilariño, Enrique Moreno Castillo, Antonio Santiso Girón, Gerardo Pardo Díaz, Antonio Platas Tasende, Sinesio Misol, Álvaro Pérez-Lafuente, José Carro Otero, Francisco Bellot Rosado, Francisco Otero Guldrís, Pedro Pereira Carballo, Cándido Sánchez Castiñeiras, José Ignacio Fernández de Viana e Ezequiel Méndez Vidal. Aparecen con certa frecuencia páxinas literarias de homenaxe a escritores e nelas temos prosas e poemas de Ramón Gómez de la Serna, Góngora, Gerardo Diego, Gabriela Mistral, R. Tagore ou Azorín. Figuran tamén abondosas páxinas de estudos e ensaios literarios. Entre as actividades culturais do colexio as representacións e lecturas teatrais ocupan un lugar preferente.

Das páxinas de prosa galega, certamente pouco frecuentes, anotámos-las narracións de Gonzalo R. Mourullo (que ás veces asinaba Gonzalo de Balcaide) “Estampa mariñeira” (nº 2, 1953) e “Estampa d' Outono” (nº 3, 1953), e os seus estudos “Manuel Prieto Marcos e os seus poemas en gama de gaita” (nº 4, 1953) e “Á lus do candil”, de Á. Fole (nº 7, 1953). As tres colaboracións de Otero Pedrayo, “O Saúdo do Mestre” (nº 3, 1953) e as dúas entregas de que consta “As estrelas e as badeladas” (nºs 53 e 54, 1960); a narración “Pepiño”, de José Manuel Beiras Torrado (nº 3, 1953), o ensayo “Xeneracións galegas” (nº 7, 1953), de Salvador Lorenzana, o “Editorial” (nº 4, 1953) de Ramón Piñeiro e o estudio “Agustín Faraldo de Malvar. Homenaxe no Centenario da súa morte”, de Francisco Otero Guldrís (nº 7, 1953).

Son máis de vinte as composicións poéticas en galego e figuran anotadas no apartado do noso *corpus* lírico que configuramos máis adiante neste traballo. Entre os seus autores hai poetas que eran daquela xa coñecidos como Gonzalo López Abente (colaborador de *Nemancos*), Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel María, Uxío Novoneyra ou Pura Vázquez. Xunto con eles, algúns mozos nos que a lírica foi froito esporádico, labor de xuventude: Gonzalo de Balcaide (Gonzalo Rodríguez Mourullo), José Manuel Beiras Torrado e Xohán Pernas Leira (colaborador logo de *Nemancos* e *Aturuxo*).

XISTRAL (Lugo, 1949)

Novamente temos unha publicación de vida absolutamente efémera. Novamente o froito dunha aventura entusiasta, individual, precaria na súa economía. *Xistral*, en efecto, foi unha publicación promovida por Manuel María e Manuel Antonio Sopena Somoza. No seu único ano de existencia, 1949, en Lugo, tirou 2 números. Carecían os seus promotores e fundadores de calquera tipo de permiso legal para a publicación e, de certo, tampouco tiñan máis intención cá de facer unha revista de poesía. O resultado foi que, saído do prelo o número 2, xa non puideron sufragar os gastos de impresión, que foron 500 pts. aproximadamente por número. Segundo lembranza do mesmo Manuel María o número 1 pagouno o seu tío, que era crego, profesor de Filosofía no Instituto Feminino de Lugo e párroco de San Froilán. O número 2 foi custeado pola nai de Manuel A. Sopena, profesora de matemáticas da Escola Normal de Lugo.


Amosa *Xistral* un formato de 24,5 x 17 cm, carece de calquera tipo de autorreferencia dos seus datos (agás número e ano), non leva separatas nin tampouco textos programáticos, coa excepción dun poético e difuso "Saludo" da autoría de Luís Pimentel que preside o número 1. Está paxinada e a cabeceira vai en cor vermella. Trátase dunha revista estrictamente lírica, con algúns aportacións de prosa poética. Non posúe tampouco páxinas de información ou crítica. Carece así mesmo de ilustracións.

A reducida nómina de colaboradores evidencia a dimensión case exclusivamente luguesa de *Xistral*. O xa citado Luís Pimentel, a carón de Manuel María, A. Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Clotilde Paz, o asturiano Adolfo Gustavo Pérez (colaborador de *Alba e Espadaña*), Pérez Amor, Lázaro Montero, Carlos Fernández Otero (que asina Carlos de Peregrín), Juan M. Gallego, Glicerio Albarrán (un curioso e estrafalario profesor do Instituto lugués), Antonio Cillero, Mariano S. Luke e Ángel L. Castro, forman o grupo de poetas de *Xistral*. En galego só temos un total de cinco composicións: dúas no número 1 e tres no número 2. Son poemas da autoría de Luís Pimentel, Manuel María, Álvaro Cunqueiro, Clotilde Paz e Aquilino Iglesia Alvariño.

É praticamente imposible facer un balance dun proxecto que, en definitiva, non pasou de sa mesma condición. *Xistral*, como antes *Numen*, foi unha criatura case non nata, froito do fervor pola poesía. No terreo da lingua, advírtese nela, unha vez máis, a práctica bilingüe obligada, moi desequilibrada cara ó ámbito do castelán. Formal e tematicamente o seu signo foi a diversidade. Poesía de afirmación relixiosa, lírica da terra, poemas de evocación da infancia e outros de carácter amoroso xorden ben en sonetos, ben en composicións de versos libres ou semilibres. Sen posuér unha liña directriz pola que poidamos afirmar que *Xistral* foi unha revista de director, sen dúbida esta cabeceira poética vai estreitamente vinculada ó nome de Manuel María, fecundo poeta e impulsor —a carón de Ánxel Johán— da colección *Xistral* de poesía.

TAPAL (Noia, 1950-1955)

Como revista de gran formato (32 x 22 cm) aparece na vila de Noia, en novembro de 1950, *Tapal*, que, ó dicir do seu primeiro "Editorial", xorde baixo o signo dunha "Minerva inesperada e azarosa" para participar na actividade literaria noiesa e servir ós intereses locais. Polo que se refire á periodicidade e cronoloxía, temos: números 1 e 2 (únicos numerados), de novem-



bro-decembro de 1950. En 1951 publícanse 3 números máis, correspondentes ós meses de febreiro, abril e agosto. Ó ano seguinte, temos un só número (agosto, 1952). En 1953 e 1954 tamén aparece un só número anual, en agosto nos dous casos, na celebración das festas de Noia. Esa situación reitérase así mesmo no derradeiro número, correspondente a agosto de 1955. Son, en total, 9 números.

Manuel Fabeiro Gómez e Andrés Rodríguez Millares foron os directores desta publicación certamente coidada, xenerosa nas ilustracións, ben paxinada e sostida por unha abondosísima publicidade. Contaba co apoio do impresor Severo Loroño Laciana e os administradores eran Eduardo Ces Iglesias e Ramón Patiño Ronquete. A tirada era de 1.000 exemplares, que ó parecer vendíanse moi ben. A cabeceira tomaba o seu nome do antigo pazo de Tapal, do que reproducía na súa portada unha fiesta gótica. Cada número ía presidido por un amplio editorial.

Entre os más asiduos colaboradores figuran Francisco Creo Rodríguez, Argimiro Suárez Ferreiro, José Fernández da Ponte, Manuel Blanco Ons, Basilio Fernández Barbazán, José Antonio Avilés Vinagre, Eduardo Núñez (D'Arxellas), Manuel Mayo García, I. Nieto Caamaño, Enrique Chao Espina, Ramón Patiño Ronquete, Gonzalo Lago, Eduardo Mariño Mirazo, Xosé Leyra Domínguez, José Pérez Morales, Ángel del Castillo, Juana Blanco Roo, A. Rodríguez Cadarso, Joaquín de Agra Cadarso e Luis Rivas Rego. Hai diversas notas informativas, artigos e outros textos soltos asinados baixo pseudónimo ou con siglas.

Outras plumas prestixiaron as páxinas literarias da revista. Contamos entre elas a Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, García-Sabell, Ramón Villar Ponte, Leandro Carré Alvarellos, Ramón González-Alegre, Manuel María, Paulino Pedret Casado, José Caamaño Bournacell, Juan Naya Pérez, Alberto Vilanova, Salvador Lorenzana, Xesús San Luis Romero, Xosé Fernández Ferreiro, Xosé Ramón Fernández-Oxea, Borobó, Mariano Tudela e moitos outros.

É salientable o material de ilustración, ás veces de gran formato, integrado por fotografías, debuxos e gravados, case sempre de motivos noieses e galegos. E. Mariño, Suárez Ferreiro, F. Creo, Pradilla, Agra Cadarso, Ángel Johán, M. B. Ons, C. Maside, Leyra Domínguez, Argimiro, Fernández-Oxea e A. Suárez contribuíron ó interese estético das páxinas de *Tapal*.

De novo temos que falar dunha revista redactada en castelán, pero que non renuncia ó galego sexa en prosa ou verso. O resultado, que reiteramos unha e outra vez, é un bilingüismo que favorece cuantitativamente ó castelán e que se equilibraba sobre todo nos textos poéticos.

En materia poética atopamos un pouco de todo. Poemas de homenaxe, folclorismo, paisaxismo, voces novas e vellas. Das novas non deixa de sorprende-la de J. A. Avilés Vinagre, con algúns poemas escritos ós 14 anos. Das xa coñecidas a máis constante é a de Manuel Fabeiro Gómez. Outras voces poéticas son as de Manuel María, A. Rodríguez Millares, Roxerius (Rogelio Pérez González), R. González-Alegre, Uxío Carré Alvarellos, Maximino Castiñeiras, José Conde, José Martín, Gonzalo Novo, José F. da Ponte, Eduardo Núñez, F. Rey, Isaías Fernández, Hélida García López, Pura Vázquez e Isolino Nieto.

Como no caso de *Nemancos*, advertimos en *Tapal* páxinas que son rexistro da intrahistoria local de Noia, en dimensións que van desde o deportivo e artístico ata cuestións de crónica social, municipal, xeográfico ou biográfico. Pero este localismo, evidenciado na orixe noiesa de moitos colaboradores da revista, contou co adobío da literatura, xuntamente coas fermosa ilustracións, outorgaron á publicación un nivel de dignidade cultural e cualidade estética que é xusto recoñecer. A iniciativa non tivo excesiva duración, pero sobrepasa a curta existencia de moitas outras.

Manuel Fabeiro Gómez, que aportou unha caracterización³³ puntual da revista, dá conta dos motivos da súa desaparición. Semella que a partir do número 4 houbo problemas coa

³³ Manuel Fabeiro Gómez, "Tapal", en *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. XXIX, Santiago de Compostela / Xixón: Silverio Cañada editor, 1974, pp. 42-43.

censura, que demandaba a revisión dos orixinais. Manuel Blanco Ons, alcalde de Noia, decide convertela nun programa das festas patronais noiesas e superar así a difícil situación de enfrentamento coa Delegación Provincial de Información e Turismo. Pero cando, en 1956, estaba a se confecciona-lo número 10, "la censura es implacable: elimina todos los originales de tema municipal. Además le es retirada la subvención y la revista deja de salir". Ese número xa non apareceu.

Posío. ARTE Y LETRAS (Ourense, 1951-1954)


Por segunda vez a voz Posío convértese en cabeceira dunha revista ourensá, agora de *Posío. Arte y Letras* que, entre 1951 e 1954 tirou 24 números distribuídos irregularmente en 5 volumes. As irregularidades comezan xa pola diversidade de formatos (que van dende os 21,5 x 15,5 cm do número 1 ata os 24,5 x 16,5 do volume de 1953-1954) e prosegue no feito de que mentres nos números 1 e 2 da publicación a relación volume-número é a habitual, o terceiro volume (marzo-abril-maio de 1951) abrangue os números 3-4-5, o cuarto (xuño-decembro de 1951) inclúe do número 6 ó 12, o quinto (xaneiro-decembro de 1952) vai do 13 ó 24 e, por fin, o sexto e derradeiro só consigna o ano, 1953-1954. Se temos en conta a sostida relación número-mes, este volume engadiría 24 números máis, que nos levaría a un total de 48 para a revista completa.

Posío. Arte y Letras posúe unha dobre dimensión. Dunha banda é o boletín ou órgano de expresión da Asociación ou Agrupación do mesmo nome que tivo o seu berce entre algúns membros do Círculo Azor e comezou as súas actividades en 1948. En efecto, nos locais da Biblioteca Provincial, do Liceo Orensano, da Cámara de Comercio ou da Emisora da capital da provincia o Grupo Posío desenvolveu un labor cultural que contou con conferencias, lecturas poéticas e teatrais, recitais líricos, actuacións musicais, seminarios en réxime privado para os membros da Asociación, excursións, visitas científicas e programas radiofónicos.

Como boletín ou órgano da Asociación, *Posío. Arte y Letras* recolle nas súas páxinas actividades da mesma e áinda rexistra a configuración da súa Xunta Directiva, con Xesús Ferro Couso como presidente, José Fernández Gallego na vicepresidencia, Alfonso Vázquez Martínez como secretario e Segundo Alvarado Feijoo-Montenegro de tesoureiro. Figura ademais a nómina de vocais e socios integrada tanto por particulares como por entidades públicas e privadas. A intrahistoria da Asociación está relatada por Segundo Alvarado nas páxinas da propia revista, particularmente nos seis artigos "Vida y obra de Posío" (nºs 1, 2, 3-4-5, 6-12 e 13-24). Neste último volume figuran os estatutos da Agrupación Posío.

Mais, doutra banda, témo-la revista, unha revista que non podemos catalogar entre as literarias estrictamente. Hai, por certo, un amplo abano de colaboracións de temática antropolóxica, histórica, local-ourensá, psicolóxica, relixiosa, filolóxica, artística, musical, científica e bibliográfica. Sen embargo é a literatura (ensaio e crítica, narrativa e lírica) o núcleo fundamental destas páxinas. Dada a amplitude das mesmas non podemos facer referencias más precisas, pero cómpre subliñar, no volume numerado 6-12 (1951), as homenaxes a Curros e Pardo Bazán, os distintos traballos dedicados á historia e cultura de Ourense e as interesantes páxinas de poesía galega no volume derradeiro (1953-1954, sen numerar).

O material de ilustración é desigual na súa presencia ó longo dos diversos números da publicación, que só aparece paxinada a



partir do número 13 (volume numerado 13-24). Nos sumarios (que faltan nalgúns volumes) non constan os ilustradores e algúns debuxos e viñetas non van asinados. Con todo, temos ilustracións de Vicente Risco (que debuxou a portada identificativa da revista) e Prego de Oliver.

Entre os colaboradores literarios, Matilde G. de Lloria, Daniel Pato, M^a Antonia de Ibarra, Javier de Burgos, Augusto M^a Casas, Adelardo Curros Vázquez, José Rius, Laureano Prieto, Segundo Alvarado, Serafín Gómez Pato, Manuel María, Nabor Vázquez Montero, Víctor Campio Pereira, Abelardo Santorun, Pura Vázquez, Antonio Tovar, Miguel González Garcés, J. Carballo, José M. Silva e José L. Montes aportan —en galego ou castelán— as súas contribucións á lírica.

No apartado da prosa, sen pretensión de exhaustividade, contámo-las páxinas deixadas por Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ferro Counelo, A. Tovar, Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey), José L. López Cid, A. Vilanova Rodríguez, Segundo Alvarado, José Rius Zunón, José Fernández Gallego, Basilio Losada, C. Bravo Mateos, Teodoro López Sanmartín, Matilde G. de Lloria, Alicia Crespo, A. Vázquez Martínez, M. Cabaleiro Goás e M^a del Carmen Parrilla.

Á hora de facer balance desta revista xorde inevitable a comparación coa súa homónima e predecesora. Desta comparación resulta *Posío. Arte y Letras* como unha revista esteticamente más pobre e menos coidada, externamente más irregular e tematicamente más dispersa.

Como en case tódolos casos que comentamos, a revista está redactada en castelán, pero acolle colaboracións en galego, particularmente en verso. Hai que ter en conta tamén a súa dimensión de boletín dunha asociación que desenvolveu outras moitas actividades sen facer da súa publicación obxectivo único do seu labor. E tamén, como noutrous casos, estamos diante dunhas páxinas acentuadamente locais, ourensás, das que Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ferro Counelo son figuras sobranceiras. O último deles, a carón dun pequeno e activo grupo, foi o verdadeiro animador e impulsor da empresa, pero dende logo non tentou imponer unha orientación estética, nin sequera unha tendencia literaria. Ben é certo, polo demais, que no ámbito das revistas que estamos a comentar ningunha delas asumiou unha determinada liña poética nin portavoz de escola propia ou allea. Ningún director nin grupo conseguiron acadar esa meta. A escisión provocada pola Guerra Civil non só significou un atranco grave para a lingua do país, senón un clima de confusión e desorientación estética que perdurou polo menos a través das dúas décadas posteriores á confrontación armada.

ATURUXO (Ferrol, 1952-1960)

A análise desta revista de poesía e crítica poética está xa feito nas páxinas prologais da súa edición facsímile³⁴. Nela pódese atopar información precisa sobre a cronoloxía, etapas, liña programática, ilustradores, colaboradores literarios e outros datos da intrahistoria desta publicación, así como un detido estudio do seu *corpus* de poesía, particularmente da escrita en galego.

No contexto das revistas poéticas ou simplemente literarias publicadas en Galicia entre 1940 e 1960 *Aturuxo*³⁵ ocupa un posto

³⁴ *Aturuxo. Revista de Poesía e Crítica* (Ferrol, 1952-1960), Santiago de Compostela: Publicacións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1994.

³⁵ O estudio máis completo sobre os xornais e revistas publicadas en Ferrol é o de Guillermo Llorca Freire, *Historia da prensa ferrolá*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1993.

de relevo. Hai nela, cun sostido equilibrio, o constante bilingüismo que atopamos sempre nestas publicacións, pero que *Aturuxo* mantivo con máis xusteza que moitas outras. Pero sobre todo interesa a entidade dos seus colaboradores galegos e, moi particularmente, o mérito de ter sido a primeira en dedicar un número monográfico de homenaxe a Luís Pimentel.


Os cumplidos 11 números que constitúen a súa traxectoria permiten albiscar algunas cultivadas liñas da lírica galega daqueles anos. As ilustracións de Díaz Pardo na primeira etapa (números 1-9) contribuíron moito á estimación estética daquelas páxinas, sen esquece-las viñetas de Segura Torrella. Como anteriormente *Xistral*, *Aturuxo* foi cabeceira dunha colección de libros de poesía e tamén de teatro.

De certo, non fixo *Aturuxo*³⁶ unha decisiva proposta a prol da poesía galega. O castelán é a lingua na que se escriben os textos programáticos e informativos. Pero houbo nela un criterio aperturista, de coexistencia e ainda de dar entrada a algúns valores novos de expresión galega. Presencias non esporádicas como as de Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Castillo-Elejabeytia, Ánxel Johán, Manuel María, Pura Vázquez, Eduardo Moreiras, a carón doutras más restrinxidas como Bernardino Graña, Luís Pimentel (en galego), Uxío Novoneyra, X. L. Franco Grande ou A. Avilés de Taramancos —para non esgota-la nómina— non fan senón confirma-la nosa apreciación polo que se refire á importancia de *Aturuxo* na historia da lírica galega e, particularmente, das súas revistas.

Pódese catalogar *Aturuxo* de revista de grupo que contou co xeneroso apoio de Carballo Calero. Moi vencellada a un núcleo de poetas ferroláns e coruñeses (González Garcés entre estes últimos), estivo marcada pola esixencia selectiva de Miguel C. Vidal contra a maior tolerancia de Tomás Barros. Só certos prexuízos que nada teñen que ver coa valoración especificamente literaria motivaron o inxusto esquecemento ou silenciamento que caeron sobre a revista, pero non exclusivamente sobre ela.

NEMANCOS (Santiago de Compostela-Betanzos, 1953-1954)

Revista que toma a súa cabeceira das terras do arciprestado de Santiago de Compostela —terras de Nemancos— que abranguen os concellos de Camariñas, Muxía e parte de Vimianzo, na bisbarra coruñesa de Terra de Soneira. Foi o seu director, nos seus anos de mocidade, Baldomero Cores Trasmonte. Tiña a publicación o seu enderezo en Santiago de Compostela, pero imprentábase en Betanzos. Como más tarde acontecería con *Amanecer*, *Nemancos* tirou só 3 números entre 1953 e 1954. Cun formato de 23,5 x 16,5 cm, non estaba paxinada, admitía publicidade na contracapa e como ilustracións contou con algunas fotografías de Casa Lerri e un debuxo de Ventura Cores Trasmonte. Como revista que atendía intereses locais, tiña correspondencia en Cee, Zás, Lires, Vimianzo, Dumbría, Muxía, Corcubión, Fisterra, Camariñas, Pereiriña e ainda en Bos Aires. Empresas e particulares contribuíran a financiar esta publicación, que rematou cando o seu director tiivo que marchar a Ferrol para face-lo servicio militar.



³⁶ Sobre a significación da revista vid. os traballos de Luciano Rodríguez, *Poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Lugo: Servicio Publicaciones Diputación Provincial, s. d., p. 98 e Aquilino Iglesia Alvariño "Los poetas gallegos en 1956. Amenes de *Alba* y *Aturuxo*. La lírica en *Vida Gallega*.", en *La Noche*, Santiago de Compostela, 22-I-1958.

A parte de meirande importancia é a das colaboracións literarias. Dentro dela unha sección fixa foi a "Página poética", na que sen dúbida é Gonzalo López Abente o nome máis salienteble. Pero hai tamén poemas de Juan Pernas Leira (colaborador de *Aturuxo* e de *La Noche*), Consuelo Domínguez Rodríguez, cualificada de "rosaliana poetisa sexagenaria", e Xosé Fernández Ferreiro, que logo ía deixar unha importante obra narrativa en galego.

No ámbito da prosa temos estudos e ensaios de temática ben diferenciada (literaria, xeográfica, histórica, filolóxica, etc.), na que non faltan notas de carácter social, económico e deportivo. Como colaboracións de máis estima na sección literaria témo-los traballos de Fernández del Riego, Otero Pedrayo, Paulino Pedret, Manuel Rabanal, Romero Canosa, R. Costa Suárez, Manuel Domínguez Rodríguez, Francisco Mayán Fernández, Victoriano García Martí, Aquilino Iglesia Alvariño, Ben-Cho-Shey e Baldomero Cores Trasmonte.

Non faltaron na revista editoriais e textos programáticos diversos. Advírtese nesas páxinas o desexo de dar pulo ó desenvolvemento daquelas terras, de servir ós seus intereses, de adoptar unha perspectiva crítica pero constructiva cara á realidade cotiá, de dar entrada ás inquedanzas da xuventude e de recupera-la tradición histórica da terra, todo cun moi marcado acento local-galego.

Como sucede con outras publicacións das que estamos a dar conta, *Nemancos* foi empresa persoal do seu director e fundador, Baldomero Cores Trasmonte. Ollada en conxunto, amosa —como *Tapal*— a dobre condición de revista de temas e problemas locais que concede un posto de relevo ó eido literario, en prosa e verso, malia ocupá-la creación poética menos espazo cá prosa. En materia de lingua, novamente o castelán posúe un cultivo moi superior ó galego, pero no terreo da lírica a situación é a contraria. A efémera duración da revista impide albiscá-la súa posible significación e evolución de ter durado máis tempo. O seu deseño e tipografía certamente son de máis cualidade cós doutras publicacións más coñecidas.

ATLÁNTIDA (A Coruña, 1954-1956)

Como "una edición de la Delegación de Educación Nacional del Distrito Universitario de Santiago de Compostela" presentábase en xaneiro de 1954 a revista coruñesa *Atlántida*. Cun formato de 27,5 x 20,5 cm, ben paxinada e cun deseño moi coidado, definíase no seu primeiro escrito de presentación como unha "revista literaria", aberta ós novos valores pero atenta ós xa prestixiados, canle de ideas e sentimentos e "medularmente gallega", pero coa mirada posta tamén en Hispanoamérica.

Dous anos xustamente cumpliu na súa andaina, rematada en xaneiro de 1956 no número 13, cun monográfico dedicado a Valle-Inclán que motivou problemas coa censura. Xa que logo, a súa periodicidade foi en principio bimensual, pero irregular se temos en conta a existencia de númerosdobres (9-10) e triples (4-5-6). Os sumarios aparecen na páxina final e neles temos noticia precisa dos colaboradores literarios e dos ilustradores. Non figura, pola contra, mención ningunha ó director, función que semella ter desempeñado Enrique Míquez Tapia.

O ricaz conxunto de escritores das páxinas de *Atlántida* denota un claro desexo de apertura e interconexión do grupo coruñés que impulsaba a publicación cun segundo grupo no que figuraban escritores galegos non coruñeses (Risco, Otero Pedrayo, Iglesia Alvariño, Cunqueiro, Castroviejo, Filgueira Valverde,



etc.) e un terceiro de autores non galegos (Ignacio Aldecoa, Alfonso Sastre, R. Gómez de la Serna, Eugenio D'Ors, Medardo Fraile e outros). O acento coruñés da publicación procede do labor que levaron a cabo Mariano Tudela, Isabel Martínez Barbeito, L. Moure Mariño, Francisco X. de la Colina, Carlos M. Barbeito, A. García Tizón, F. Mon, Prieto Puga, Emilio Merino, Juan Naya e varios máis.

Salientable é a aportación de máis dunha ducia de artistas plásticos entre os que Urbano Lugrís xogou unha múltiple función: ilustrador, colaborador literario e animador da publicación. Ó seu carón aparecen os nomes de Labra, Tenreiro, Abelenda, García Patiño, González Pascual, Villar Chao, Antón Xesús, Pascual, Santo, Petter e A. Cebreiro.

Redactada en castelán, *Atlántida* deu pouca entrada ó galego, empregado sobre todo na lírica, certamente de menor entidade que a prosa dende o punto de vista cuantitativo. Artigos críticos, pequenos ensaios, narracións, recensión e noticias conforman o material prosístico. A lírica contou, sen embargo, cun posto de privilexio nas interesantes separatas, algunas delas (as dedicadas ós trobadores composteláns dos séculos XII-XIII, a de Manuel María ou a de Avilés de Taramancos) integralmente en galego. A de Álvaro Cunqueiro é bilingüe, como xa sucedía co monográfico que poucos anos antes publicara Eduardo Moreiras nos seus *Mensajes de Poesía*.

Quixo *Atlántida*, en boa medida, situarse na órbita da súa ilustre predecesora que foi *Alfar*. Amosou, como tódalas revistas poéticas ou literarias publicadas en Galicia entre 1940 e 1960, un bilingüismo que no seu caso está moi desequilibrado en beneficio do castelán. Acolleu un amplio número de prestixiosos colaboradores e foi, en definitiva, unha empresa cobizada e de altura.


AMANECER (A Coruña, 1957-1958)

Revista de pequeno formato que tirou, en total, catro números. A cronoloxía dos mesmos é a seguinte: número 1, marzo de 1957; número 2, mayo de 1957; número 3, outubro de 1957; número 4, marzo de 1958. Non está paxinada, pero os seus números oscilan entre as 6 e as 12 páxinas. Trátase, en realidade, dunha curta serie de catro cadernos que foron órgano de expresión do grupo poético coruñés "Amanecer". Non figura o director e carece de textos programáticos.

A publicación foi propiciada polo Club Imperio del Frente de Juventudes, que presidía Ricardo Fernández Castro, o verdadeiro pai e inspirador da publicación. Entre a nómina de colaboradores habituais figuran Manuel Álvarez Torneiro, Avilés de Taramancos, Rosario Barros Peña, Urbano Fernández Capelán, M^a del Carmen Gabela, Alfonso Gallego Vila, José M^a Guillén Rodríguez, Román J. López González, José Luis López Mosteiro, Pedro Javier Martínez, Armando Martínez Lago, Pilar Miguélez Pereira, Pedro Rodríguez Faraldo, Julio Seijas Fernández e "Pantaleón de Escalante". En cualidade de colaboradores especiais comparecen Luis López Anglada, Isidro Conde Botas, Manuel Alcántara e José Luis Prado Nogueira, con contribucións poéticas nos números 2, 3 e 4 da revista.

De configuración e deseño homoxéneos, *Amanecer* ofrece na portada o sumario de cada número (agás no caso do número 3, o único sen numerar) e carece totalmente de ilustracións. Miguel González Garcés estivo fondamente vincellado ó grupo Amanecer e á súa revista, na que sen embargo non colaborou.

Escrita toda ela exclusivamente en castelán, *Amanecer* é, estrictamente, unha revista poética. A temática amorosa e relixiosa é a predominante, aínda que non a única.





ESCRITOS (Lugo, 1959-1960)

Luguesa como *Xistral*, *Escritos* tivo unha existencia curta, pero non tanto como a da súa compañoira e predecesora. En efecto, tirou catro números, datados os dous primeiros en marzo e maio de 1959 e os dous últimos nos mesmos meses de 1960. Publicación en forma de cadernillo, de formato 20 x 14,5 cm, non ten paxinación nin figura nela o director, que foi ó parecer Luis J. Quintela Ferreiro. Non tirou separatas e dende o primeiro número mantivo unha notable homoxeneidade tanto de deseño como de contidos. Aínda que non figura ningún subtítulo, pódese catalogar claramente como revista literaria, se ben hai ás veces un tratamiento de certos temas que non pertencen ó eido da literatura. A poesía está presente nas súas páxinas, pero non é dominante. Hai prosa narrativa, ensaística e xornalístico-informativa e temos traballo de carácter xeracional, histórico, sociolóxico, cinematográfico e ata filosófico e político.

En diferentes editoriais temos constancia da liña de pensamento a seguir. Hai unha adhesión de carácter relixioso polo “permanente cristianismo” e un rexeitamento da figura elista de Ortega y Gasset; tamén, unha apertura ó diálogo e unha concepción iberista de achegamento e áunha unión con Portugal; un “portugalismo intenso”, como se di no “Editorial” do número 3. O humanismo cristián representado por Luis Legaz Lacambra semella ser un compromiso plenamente aceptado. Nada aparece en materia de estética.

As ilustracións, xeralmente, son de mínimas dimensións e pouco interese. Hai algunas nas que recoñecemos símbolos políticos e relixiosos da época. Francisco Martín, Fina Prado, Carmelo Alonso, R. C. Fernández, Hermida, Luis Vilabril, Ramón Clemente, Ada Liste, Sánchez Folgueira e Vázquez Alemán son os ilustradores.

Máis ampla é, loxicamente, a nómina de colaboradores literarios, algúns deles como Arcadio López-Casanova ou Borobó moi vencellados ás páxinas de *La Noche* e de orixe luguesa maioritariamente. A práctica totalidade son galegos. A nomes xa ben coñecidos como os de Luis Moure Mariño, Borobó, Ramón Piñeiro ou Álvaro Cunqueiro sumáronse os dos mozos que iniciaban a súa traxectoria naqueles anos (Arcadio López-Casanova, Marina Mayoral, B. Cores Trasmonte, Francisco Xavier Carro, X. L. Franco Grande e José Sánchez Reboreda). Atopamos tamén colaboracións de José Pena Trapero, Juan Neira Torviso, Ismael García Méndez, Francisco J. Alcántara, Luis J. Quintela Ferreiro, Jesús Vilela, J. Sergio de Cabo, Dicás, P. Martínez Freire, Jorge Ricoy, Diego Bernal, Isidro Conde, José Trapero Pardo, Amílcar Nemo, J. Blanco García, Pedro Pérez, Ramón Clemente e o portugués Oliveira Guerra.

Escritos é unha revista de grupo, marcadamente luguesa como xa anotamos. Semella non posuir unha personalidade individual que influíra nela decisivamente. As súas preocupacións non só eran literarias e hai no seu pensamento un marcado progresismo social, ideolóxico e intelectual. O castelán é lingua dominante nas súas páxinas, pero non faltan colaboracións en galego —verso e prosa— da autoría de Baldomero Cores Trasmonte, Ramón Piñeiro, Francisco Xavier Carro, Franco Grande, López-Casanova, Marina Mayoral, Jorge Ricoy e Pedro Pérez Rodríguez.

Escritos foi unha plataforma de manifestación do pensamento dun pequeno sector da xventude intelectual galega. Feita con moi limitados medios (carece de publicidade), a súa importancia literaria foi de escasa entidade. Lembrou a mestres como Cabanillas e Noriega Varela. Algúns dos seus colaboradores máis novos (casos de Marina Mayoral ou Arcadio López-Casanova) terían logo unha importante proxección posterior nos terreos da crítica, o ensaio, a lírica e a narrativa. Aínda que sexa a título de curiosidade non deixa de chama-la atención o

fermoso artigo de Cunqueiro “Primer artículo y primera novela” (número 1, sección Nuestros amigos) que nos leva á súa prehistoria de escritor. Sobre os comezos de *Escritos* e algúns dos seus colaboradores pódese consultar, tamén no número 1, o traballo de Borobó, “La generación de los Ferreiro”, publicado con anterioridade nas páxinas de *La Noche*.

2.3.3. *Corpus* de poesía galega:

Pensamos que o rexistro do *corpus* poético que ofrecemos a continuación non é algo inútil nin gratuíto. Trátase, dende logo, dun material que, esparecido por publicacións de difícil acceso, é de obrigada consideración para o estudioso da nosa historia literaria contemporánea. Neste senso pódese aplicar á nosa lírica a apreciación de Fanny Rubio³⁷, referida á poesía española en castelán, ó estimar que “es imposible acercarse a la historia literaria de nuestra postguerra sin considerar en profundidad el material y documentación que permanece encerrado en sus publicaciones periódicas”.

Doutra banda, este *corpus* poético rexistra e testemuña liñas, correntes e orientacións (ou desorientacións) estéticas da nosa poesía. Esta última dimensión foi xa subliñada, no eido da lírica portuguesa, por Clara Rocha³⁸, que considera que as revistas poéticas e literarias desempeñan “um papel fulcral como porta-voz de determinada geração ou como lugar de afirmação de algum movimento estético-literário”. Pois ben, nas nosas revistas non só se reflictan certos posicionamentos particulares ou xeracionais cara á lingua, senón tamén a prolongación ou continuidade de correntes como a amadocarballista ou imaxinista e a neotrobadorista, así como o arredamento intimista, o xurdimento dun lirismo existencial e aínda os paralelismos coa lírica española en castelán daqueles anos en aspectos puntuais como o formalismo ou o lirismo arraigado.

Pero ademais este *corpus* poético é igualmente imprescindible para explicar co necesario rigor a traxectoria idiomática e estética de moi significativos poetas galegos, para coñecer-los seus primeiros pasos, a súa prehistoria como poetas; para verifica-la xénese e configuración cronolóxica dalgúns poemarios e evitar, ó mesmo tempo, que non poucas edicións de “poesías completas” sexan en definitiva incompletas. Acontece que neste variado material poético hai sen dúbida unha parte que, a xeito de homenaxe, dende unha actitude nostálgica e aínda quizais pouco arriscada, mira cara ó pasado (temos así textos de Pondal, Rosalía, os cancioneiros medievais... a carón doutros, representativos do pasado inmediato, da autoría de Cunqueiro, Manuel Antonio ou Amado Carballo, por poñer só algúns exemplos). Pero hai tamén unha parte desta produción que se proxecta ó futuro, que ofrece adiantos puntuais dunha actividade creadora que carecía de canles de achegamento ó lector, que ás veces medrou ata chegar a se plasmar en libro, pero noutras ocasions quedou como manifestacións de poetas ocasionais, como pezas que o poeta desbotou cara a un futuro libro ou como composicións simplemente esquecidas.

Coa finalidade de ter constancia desta parte da nosa produción poética ofrecémo-lo *corpus* da mesma dende un dobre eixe, o das mesmas revistas e o dos poetas que colaboran ne-

³⁷ Fanny Rubio, op. cit. p. 13.

³⁸ Clara Rocha, *Revistas literárias do século XX em Portugal*, Vila da Maia: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1985, p. 13.

las. Ámbolos dous amosan a seguinte configuración a partir do presente sistema de siglas empregadas:

AL: *Alba*
AT: *Aturuxo*
ATL: *Atlántida*
CA: *Cartel*
ES: *Escritos*
FIN: *Finisterre*
GEL: *Gelmírez*
MP: *Mensajes de Poesía*
NEM: *Nemancos*
NUM: *Numen*
PO: *Posío*
POAL: *Posío. Artes y Letras*
SG: *Sonata Gallega*
TAP: *Tapal*
VA: *Vamos*
XIS: *Xistral*
s.: separata

a) REVISTAS

FINISTERRE (Pontevedra-Madrid, 1943-1946)

- Vázquez, Pura: "Sinxela" (FIN, nº 14, outubro de 1944, p. 6)
Xa no ámbito das revistas vémolo colaborando en *Nós* cun poema en galego. Despois publica poemas soltos ou artigos noutras como *Numen* (1944), *Posío* (1945), *Alba* (1948), *Atlántida* (1954) e *Ilustración Gallega* (1954).

Diversos foron os xornais nos que colaborou. No ano 1945 fundou e dirixiu en Vigo o semanario *Imán*, que pecharía as súas páxinas ó ano seguinte. En 1946 colabora nas páxinas de *La Noche*, onde ese mesmo ano aparece recensionado o seu libro *Los paisajes iluminados*. A súa sinatura aparece en *El Pueblo Gallego* de Vigo, do que foi director dende 1941 ata 1954 e no que levaba a sección diaria *Perfil*; en *ABC* de Madrid, en *La Vanguardia* de Barcelona, en *El Español* e noutras xornais das mencionadas cidades. Particularmente importante foi a súa presencia en *La Vanguardia*⁶ entre 1948 e 1958, xornal ó que foi levado por Luis Martínez

⁵ Sobre o libro vid. o artigo de Aquilino Iglesia Alvariño, “Un libro de Castroviejo. *El pálido visitante*”, en *La Noche*, Santiago de Compostela, 4-VI-1960.

⁶ Vid. ó respecto os dous artigos de Xesús González Gómez, “Xosé María Castroviejo en *La Vanguardia*” (I) e (II) aparecidos en *Faro de Vigo* o 25-III-1995 e o 8-IV-1995 respectivamente.

de Galisonga. Seis anos despois reaparecerá coa sección Relatos extraodinarios, que comprenderá 16 colaboracións que máis que artigos son auténticos relatos. Esta segunda xeira en *La Vanguardia* rematará en 1976 co artigo "El famoso oro de Moscú". Neste rotativo, á parte dos 16 relatos "extraordinarios" publicou outros traballos sobre política, escritores, gastronomía, caza, paisaxes, enoloxía, Irlanda e moitos temas máis. En definitiva, publicou centro trinta e nove colaboracións que sumadas ás setenta e cinco da primeira serie dá un total de douscentos catro artigos aparecidos neste medio barcelonés.

Ten acadado diversos premios e galardóns, entre eles o Mariano de Cavia, o Nacional de Literatura, o Nacional de Periodismo, o Godó e o Valle-Inclán. Morreu en Tirán en 1983.

CHAMORRO, Mercedes

De ascendencia galega, Mercedes Chamorro nace sen embargo en Toledo, en 1925. Dela temos só moi breve noticia e, áinda así, de carácter exclusivamente literario.

Ramo de romeros (1945), escrito ós vinte anos, marcou os seus comezos de poeta. Logo veu *Primavera* (1949), un caderniño que circulou con certo éxito. Sabemos tamén de dous poemarios máis, *La tierra herida* e *El silencio*, inéditos durante algúns anos. Non temos certeza de que foran publicados.

Foi tamén Mercedes Chamorro colaboradora de revistas. Vémola así en *Umbral* (1951), publicada en Madrid. Despois o seu nome figura en *Ágora* (1951), en tarefas de codirección da revista a carón de Rafael Millán. Publicou un poema en *Ansí* (1952), que fundara e dirixira, en Zaragoza, José M^a de Aguirre. En fin, comparece con algúns poemas en *Al-Motamid* (1947), fundada en Marrocos por Trina Mercader.

CONDE, Carmen

Carmen Conde, a primeira muller da Real Academia da Lingua Española, nace en Cartaxena, Murcia, o 15 de agosto de 1907. Estudia Maxisterio en Murcia e Albacete, e Filosofía e Letras en Valencia.

Cultiva a poesía en verso e prosa, a novela, o ensaio, o teatro, os contos infantís e o xornalismo en prensa e radio. En 1929 publica o seu primeiro libro, *Brocal*, composto por poemas en prosa. A continuación publica *Júbilos* (1934), prologado por Gabriela Mistral e ilustrado por Norah Borges da Torre (pintora arxentina irmá de Jorge Luis Borges). Nestas primeiras obras móstrase o vanguardismo da autora que logo deixará paso a unha literatura comprometida na que destaca a paixón amorosa, o intimismo e o existencialismo, ademais da solidariedade de co sufrimento alleo. Outros títulos poéticos posteriores de Carmen Conde son: *Pasión del verbo* (1944), *Honda memoria de mí* (1944), *Ansia de la gracia* (1945), *Sea la luz* (1947), *Mi fin en el viento* (1947), *Mujer sin Edén* (1947), *Iluminada tierra* (1951), *Mientras los hombres mueran* (1952), *Vivientes de los siglos* (1957), —Premio internacional de poesía Simón Bolívar en Siena, Italia— *Los monólogos de la hija* (1959), *En un mundo de fugitivos* (1960), *Derribado Arcángel* (1960), *Poemas del Mar Menor* (1960), *En la tierra de nadie* (1960), *Su voz le doy a la noche* (1962), *Jaguar puro inmarchito* (1963), *Corrosión* (1975) *El tiempo es un río lentísimo de fuego* (1978) ou *Cráter* (1985).

No eido da narrativa publica *Vidas contra su espejo* (1944), *Las oscuras raíces* (1953), *La Rambla* (1977) e *Soy la madre* (1980). Actualmente dá nome a un premio literario de narración breve da editorial Torremozas —editorial adicada á literatura de muller—. Tamén escribe varias biografías entre as que destacámo-las dedicadas a Menéndez Pidal (1969) e a Gabriela Mistral (1971). Recentemente foi publicada a súa *Obra Juvenil* (1990).

Pero non se pode esquecer as numerosas colaboracións en revistas poéticas e literarias entre as que podemos citar *Entregas de Poesía* (1944), *Espadaña* (1944), *Proel* (1944), *Halcón* (1945), *Cuadernos de Literatura* (1947), *Al-Motamid* (1947), *Platero* (1948), *La Isla de los Ratones* (1948), *El Pájaro de Paja* (1950), *Guadalquivir* (1951), *Ágora* (1951), *La Calandria* (1951), *La Tertulia* (1952), *Aldebarán* (1955), *Poesía Española* (1956), *Grímpola* (1957) e *Piedralves* (1957). A revista viguesa *Mensajes de Poesía* adicálle, no seu número 10 de setembro de 1951, un monográfico que contén, entre outras, composicións de Otero Pedrayo, Vicente Alexandre, Leopoldo de Luis, Rafael Morales, Gerardo Diego, Blas de Otero, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel, Pura Vázquez e Celso Emilio Ferreiro.

CUNQUEIRO MORA, Álvaro

Nace en Mondoñedo (Lugo) en 1911. Dende moi curta idade introduceuse no mundo da literatura e da escritura. Ós once anos trasládase a Lugo para cursa-los estudos de Bacharelato, fai amizade, entre outros, con Ánxel Fole e Luís Pimentel. É no Instituto de Lugo onde descobre o mapa de Galicia de Domingo Fontán, que supuxo o seu grande encontro co país galego. Amplía as súas lecturas (Dickens, Valle-Inclán) asimilando nesta época a concepción cervantina da novela como síntese de ironía, parodia e ambigüidade. En 1927 trasládase a Santiago de Compostela, onde vai cursar estudos na Facultade de Filosofía e Letras, na sección de Historia.

Daquela asiste a varias tertulias, como as do Derby ou do Español, onde coincide con xentes como Gonzalo Torrente Ballester, Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Ánxel Casal, etc. É a época na que principia as súas colaboracións nos xornais e revistas do momento: *Galiza* (1932), *Resol* (1932), *Yunque* (1932), *Papel de Color* (1933), *Saudade* (1942), *Finisterre* (1943), *Posío* (1945), *Alba* (1948), *Xistral* (1948), *Atlántida* (1954), *Galiza Emigrante* (1954), *Escritos* (1959) e *Grial* (1963). Asemade empeza a colaborar en *El Pueblo Gallego* (1924), o xornal de máis prestixio en Galicia nos anos trinta. Ingresa moi cedo no Partido Galeguista e abraza a causa republicana, pero rexeita a alianza coas esquerdas cando se intentaba o ingreso na Frente Popular.

Cunqueiro
con Otero

Pedrayo

Tralo estoupidu da Guerra Civil traballa como xornalista na publicación falanxista *Era Azul*. Como articulista literario son de especial interese os artigos que escribiu durante 1935 e 1936 en *El Pueblo Gallego* de Vigo baixo o título "Vísperas do mundo". Logo será redactor en *La Voz de España* de San Sebastián; ademais, colaborará nas páxinas de *Vértice* (1937). En 1939 ingresa no corpo de redacción de *ABC*, do que chegaría a ser subdirector, ó tempo que colabora tamén en *Misión* (1937) e *Escorial* (1940). De 1947 a 1957, logo de lle ser retirado o carné de xornalista, permanece illado na súa vila natal, retoma o oficio de escritor e publica moitas das súas mellores obras. Empeza a escribir no xornal compostelano *La Noche* (1946), onde mantén a sección Los días, ata comezos da década dos setenta. Por outra banda, "El pasajero en Galicia" foi o título escollido por Cunqueiro, alá polos anos cincuenta, para publicar unha serie de artigos en *Faro de*



Vigo nos que, aldea a aldea e cidade a cidade, facía a crónica turística e sentimental da súa terra. Co xornal *Faro de Vigo* volve a colaborar, en especial de 1961 —ano no que é nomeado académico de número da Real Academia Galega— a 1970, data na que cesa na dirección do citado rotativo, á que accedera en 1964; sen embargo, segue a exercer-lo seu labor xornalístico en moitas outras revistas. Coa chegada da democracia, subscribese ó proxecto Realidade Galega de R. Piñeiro e participa na campaña do Estatuto de Autonomía de Galicia. O 28 de xaneiro de 1980 é investido Doutor *Honoris causa* pola Universidade de Santiago de Compostela. Morre en Vigo en 1981.

En tanto ós ensaios merecen especial atención a colección de estudos que fixo sobre os poetas da lírica moderna. Cunqueiro contou cunha especial agudeza para atopar e difundir información sobre escritores como Paul Celan, George Tralk ou Bertold Brech, coa finalidade de chama-la atención sobre a poesía que se facía no mundo, demostrando unha amplitud de mira extraordinaria. Cunqueiro é un poeta no que se reflicte o resultado do encontro da confluencia dunha literatura escrita en lingua minorizada coa tradición sen datas da literatura occidental cara á que el sempre estivo axexando.

Polo que respecta á súa aportación no terreo da traducción⁷, Alvaro Cunqueiro verteu ó galego unha considerable presa de poemas, poemas recollidos en libro por Xesús González Gómez baixo o título *Flor de diversos (escolma de poetas traducidos) 1* (1991), boa mostra dos poetas traducidos por Cunqueiro. Poetas tan diferentes como Anna Ahmátova, Allen Ginsberg, Apollinaire, Paul Valéry, Shakespeare, Sean O'Casey, Lawrence, Francis Jammes, Ezra Pound, Cesare Pavese, Emily Dickinson, Robert Graves, Rimbaud, Paul Éluard, Charles Péguy ou Wallace Stevens. E non só poetas contemporáneos, senón tamén clásicos medievais como Guillen de Berguedá e Arnau Daniel. Traduciú tamén anacos de prosa, artigos, etc. Así, no xornal *Faro de Vigo* mantivo unha sección titulada Os avisos onde aparecen prosas vertidas ó galego de escritores como J. Joyce, A. Malraux, Gabriel Marcel, F. Marceau, etc.

O seu primeiro libro poético é *Mar ao norte* (1932), no que amosa a súa rebeldía contra a tradición e a contemporaneidade. Seguiranlle *Poemas do sí e non* (1933), o seu poemario más vanguardista, e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933), co que inicia a súa liña neotrobadorresca, que logo ha continuar en *Dona do corpo delgado* (1950). En *Obra en galego completa* (1980), aparece o poemario *Herba aquí e acolá*, amplio conxunto de textos poéticos compostos en distintas épocas da vida do autor. En castelán tamén contribuíu como poeta, cos libros *Elegías y canciones* (1940) e *Crónica de la derrota de las naciones* (1954), bilingüe español-galego.

Moi importante é o traballo de Cunqueiro como narrador, alternando na súa produción o galego e o castelán. En galego escribe *Merlín e familia e outras historias* (1955), *As crónicas do Sochantra* (1956) e *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1961). En castelán publica *Las mocedades de Ulises* (1960), *Un hombre que se parecía a Orestes* (1969), Premio Nadal; *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca* (1972) e *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes* (1974). A faceta de Cunqueiro como narrador complétase con tres libros de narrativa breve *Escola de menciñeiros* (1961), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979).

No eido do teatro publica *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1959) e *Don Hamlet e tres pezas más* (1974), no que se recollen as súas catro pezas teatrais: *Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, *A noite vai coma un río*, *Palabras de víspera* e *Función de Romeo y Julieta famosos namorados*. Obras de difícil clasificación son *A cociná galega* (1973)

⁷ Traduccions realizadas sobre todo a partir de 1964 e publicadas fundamentalmente no interior das páxinas de *Faro de Vigo* —aínda que tamén en *Grial* (1963), *Galicia Emigrante* (1954), *Nós* (1928), etc—. Traduccions que aparecen assinadas cos más variados pseudónimos como Manuel María Seoane, Patricio Mor, Cristobal Xordán, X. Berenguer, Ariel García e Álvaro Labrada ou coas siglas MMS e AL.

e *Tesouros novos e vellos* (1963), que foi o seu discurso de ingreso na R. A. G. Álvaro Cunqueiro⁸ foi, no seu tempo, un deses nomes que non podía faltar en xornais e toda clase de revistas.

DIEGO, Gerardo

O santanderino Gerardo Diego é a voz lírica máis prolífica e cambiante do grupo de poetas de 1927 (Lorca, Aleixandre, Cernuda, etc.). Nacido en 1896, foi catedrático, poeta, antólogo, conferenciante e áinda sensible pianista. Fundador das efémeras revistas *Carmen* (1928) e *Lola* (suplemento da anterior), acadou o Premio Nacional de Literatura (1925) e, posteriormente, o Premio Cervantes (1979). Foi académico da R. A. E. dende o ano 1947. Morreu en 1987.

Poesía española contemporánea (1932) é a súa importante e polémica contribución como antólogo. Como poeta, os seus libros suman case os corenta títulos. *Imagen* (1922), *Manual de espumas* (1924), *Fábula de Equis y Zeda* (1932) e *Poemas adrede*, do mesmo ano, pertencen á súa etapa creacionista. Logo virían outros poemarios, entre eles *Ángeles de Compostela* (1940), *Alondra de verdad* (1941), *Biografía incompleta* (1953), *La Suerte o la Muerte* (1963), *Preludio, Aria y Coda a Gabriel Fauré* (1967), *Canciones a Violante* (1959), *Mi Santander, mi cuna, mi palabra* (1961), *El jándalo* (1964), *Vuelta del peregrino* (1966), *Cementerio civil* (1972) e moitos más da súa vasta obra, que atende alternativamente ó vanguardismo e á tradición.

Foi tamén colaborador de moitas revistas poéticas de posguerra, entre elles as galegas *Posío* (1945) *Mensajes de Poesía* (1948) e *Atlántida* (1954), pero tamén en *Isla* (1933), *Cauces* (1936), *Cuadernos de Poesía* (1941), *Finnisterre* (1942), *Garcilaso* (1943), *Lazarillo* (1943), *Espadaña* (1944), *La Estafeta Literaria* (1944), *Proel* (1944), *Fantasía* (1945), *Mensaje* (1945), *La Isla de los Ratones* (1948), *Alor* (1950), *El Pájaro de Paja* (1950), *Ágora* (1951), *Poesía Española* (1952), *Gánigo* (1953), *Papeles de Son Armadans* (1956), *Punta Europa* (1956), *Poemas* (1962), *Álamo* (1964) e outras esparexidas ó longo de toda a xeografía española.

Como García Lorca, foi Gerardo Diego un poeta vinculado a Galicia. Chegou a Santiago de Compostela en 1929, invitado por Ciriaco Pérez Bustamante, catedrático de Literatura da universidade compostelá e decano da Facultade de Letras. Nas palabras limiares a *Versos escogidos* (1970) lembra o poeta que durante a súa estancia na cidade produciuse un longo apagón da luz. E á luz dunha vela escribiu o soneto "Ante las torres de Compostela", logo un dos once poemas integrados na primeira versión⁹ de *Ángeles de Compostela* (1940). Entre esta e a segunda definitiva daquel libro (1952) fixo varias viaxes máis a Galicia. No libro hai poemas dedicados a escritores amigos como Otero Pedrayo, Xosé M^a Castroviejo, Luz Pozo Garza, Filgueira Valverde e Torrente



⁸ Entre os moitos traballos realizados sobre a obra de A. Cunqueiro é de especial interese o volume monográfico que sobre o mesmo ten publicado a Universidade de Santiago de Compostela, no seu *Boletín Galego de Literatura*, nº 1, 1992, no que figura a máis rigorosa bibliografía que existe hoxe sobre o autor.

⁹ Os elementos galegos do libro foron estudiados por Francisco J. Díez de Revenga na súa introducción a *Ángeles de Compostela / Alondra de verdad*, de Gerardo Diego, Madrid: Ed. Castalia, 1986, pp. 51 e ss.

Ballester. Como xa anotamos nas páxinas da introducción, Otero Pedrayo escribiu un prólogo en galego¹⁰ para unha das dúas edicións que apareceron de *Ángeles de Compostela* en 1961.

Dos poetas non galegos de Posío sen dúbida é Gerardo Diego o máis importante. A súa presencia na revista ourensá seguramente tivo que ver con algunha das súas amizades literarias galegas.

ENTRAMBASAGUAS, Joaquín de

Naceu en Madrid en 1904. Foi catedrático de Literatura Española nas universidades de Murcia e Madrid e tamén xefe da sección de Literatura no Instituto Antonio de Nebrija do Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Pronunciou numerosas conferencias por diferentes universidades, Lisboa, Río de Xaneiro ou Leipzig entre elles.

A actividade literaria de Joaquín de Entrambasaguas proxectouse nunha triple dirección: como catedrático de Literatura da Universidade Central de Madrid, como poeta e ensaísta e como director e fundador de diversas publicacións literarias. Fixo, ademais, un importante e amplo labor no terreo da crítica e os estudos literarios.

No ámbito das revistas literarias foi colaborador de *Vértice* (1937), *Escorial* (1940), *Cuadernos de Literatura Contemporánea* (1942), *Sí* (1942), *Entregas de Poesía* (1944), *Acanto* (1946), *Cántico* (1947), *Cuadernos de Literatura* (1947) —esta última, o mesmo que *Cuadernos de Literatura Contemporánea*, impulsada polo Instituto A. de Nebrija do C. S. I. C. e dirixida por Entrambasaguas—, *La Isla de los Ratones* (1948), *Poesía Española* (1952), *Uriel* (1956), *Grímpola* (1957) e outras.

Como poeta situouse dende un principio lonxe do formalismo, do neoclasicismo de posguerra, e preto, pola contra, dun apaixonado romanticismo. *Voz de este mundo* (1946) é o seu primeiro poemario, seguido máis tarde por *Madrigales sin ternura* (1947), *Poemas de la ciudad* (1949), *El corazón lejano* (1950), *El canto del hombre* (1950), *Oda a Federico García Lorca* (1950), *Cinco poemas terrestres* (1951), *Poemas cariocas* (1955) e *Amor con paisaje* (1962). No ámbito do ensaio publicou *Las manos de la Gioconda* (1936), *La catedral sumergida* (1936), *El hombre al teléfono. Ensayos al hilo* (1938) e *El alma sorprendida* (1939).

Entre os seus incontables traballos literarios os dedicados a Lope de Vega son quizais os de meirande interese, pero é tamén autor de importantes estudos sobre o romanticismo español e sobre autores como Miguel de Molinos e Fernando Pessoa. Da súa responsabilidade foron innumerables edicións, en particular de moitas das más importantes novelas españolas dos séculos XIX e XX. Neste labor colaborou con el Pilar Palomo.

FABEIRO GÓMEZ, Manuel

Escritor muradán nacido o 7 de agosto de 1916 é autor dun único libro de poesía en galego, *Follas de un arbre senlleiro* (1951).

Moi cedo Fabeiro cambia a súa residencia dende Muros para Noia. Sobre este lugar e a súa bisbarra escribe numerosos artigos, tanto de carácter histórico como folclórico, entre os que destacamos “Noya en el cancionero popular” (publicado en *La Noche* o 24 de abril de 1952) e “Cancionero de Muros” (publicado a primeira parte en *Cuadernos de Estudios Gallegos* e a segunda e terceira parte no *Boletín da Real Academia Galega*).

¹⁰ Reproducido na edición do libro citada na nota anterior.

En 1950 é nomeado membro correspondente da Real Academia Galega. No seguinte ano publica *Follas de un arbre senlleiro*, dentro da colección Benito Soto de Pontevedra, cun prólogo de Aquilino Iglesia Alvariño e portada de Rafael Alonso. O volume *Cachemare da saudade* foi premiado polo Centro Gallego de Bos Aires, pero nunca saíu á luz como libro. É autor así mesmo dun abundante material inédito. Tamén participa en obras colectivas do tipo da homenaxe a Rosalía de Castro ou a Ramón Otero Pedrayo.

Pero se a súa obra impresa non é moi abundante, en cambio si que o é a súa colaboración en prensa e revistas; de feito, este é o seu labor fundamental. E así, escribe tanto artigos xornalísticos como poemas que están presentes nas máis diversas publicacións: *El Correo Gallego* (1878), *La Voz de Galicia* (1882), *Boletín da Real Academia Galega* (1906), *A Nosa Terra* (1916), *El Ideal Gallego* (1917), *Lar* (1934), *Opinión gallega* (1934), *Cartel* (1937), *Finisterre* (1943), *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1944), *Sonata Gallega* (1944), *Gelmírez* (1945), *Acan-
to* (1946), *La Noche* (1946), *Alba* (1948), *Manantial* (1949), *Poesía Española* (1952), *Compostel-
lanum* (1956), *Eufonía* (1958), etc. Nalgúns ocasions ocultaba a súa personalidade baixo pseudónimos tales como Roberto Muradano, Manuel Nogueira da Rossetta, Mingo Faz do Beiro, Pedro Orestes Vidal, Luis Nogueira, Gonzalo Lago, José Martín e Manuel Fabeiro Rey. Tamén empregaba o nome de Waldo Corredoira, que compartía con Andrés Rodríguez Millares.

Pero Manuel Fabeiro Gómez non se limitou a colaborar, senón que tamén fundou unha revista: *Tapal* de Noia. Aparece *Tapal* no ano 1950. Os seus directores son Fabeiro e Andrés Rodríguez Millares, mentres que Eduardo Ces Iglesias e Ramón Patiño Ronquete son os administradores. Entre estes catro homes sacaron adiante unha revista de gran cualidade, enfrentándose a unha serie de dificultades, sobre todo coa censura da época.



FERNÁNDEZ COVELO, Segundo

Ourensán, nacido en 1923, integrante do grupo fundador de *Posío* e membro da agrupación do mesmo nome que desenvolveu unha rica actividade cultural na década de 1950, Fernández Covelo non fixo carreira como escritor, malia algunha comparecencia nas páxinas da revista.

Fixo estudos superiores de Telecomunicacións e cursou Dereito na Universidade a Distancia. Mestre nacional, ocupou os cargos de Xefe Provincial de Correos e Telégrafos e Secretario do Ministerio de Transportes e Comunicacións en Ourense, cidade na que tomou parte na vida municipal en cualidade de concelleiro. Foi tamén Vicepresidente da Deputación Provincial e, na etapa preautonómica, Conselleiro da Xunta de Galicia. Deu pulo ó ambiente cultural ourensán como membro das xuntas directivas do Liceo Recreativo e da Sociedade Filarmónica da capital. Xubilado na actualidade, está en posesión da medalla de ouro das Telecomunicacións.

GARCÍA BAENA, Pablo

Poeta nacido en Córdoba, en 1923, é coñecido primeiramente como fundador de *Cántico*, unha revista de grupo na que figuraron tamén como cofundadores Ricardo Molina, Juan Bernier, Julio Aumente e Mario López. *Cántico* (1947) tivo dúas etapas e constituíuse nunha revista que deu pulo a unha estética sensorialista, vencellada ó barroco andaluz, ateigada de metáforas e cunha enxoiada linguaxe poética.

Na órbita do lirismo promovido por aquela publicación inscríbese a obra poética de García Baena dende o seu primeiro libro, *Rumor oculto* (1946). A este ían seguir *Mientras cantan los pájaros* (1948), *Antiguo muchacho* (1950), *Óleo* (1958) e *Antes que el tiempo acabe* (1978). *Fieles guirnaldas fugitivas* (1990) é o seu poemario máis recente.

Durante varias décadas os poetas de *Cántico* estiveron marxinados, esquecidos, pois os novos vieiros líricos afastábanse radicalmente da veta seguida polo grupo cordobés. Desa situación rescatounos Guillermo Carnero, que estudiou a súa escolleita concepción poética no libro *El grupo "Cántico" de Córdoba* (1976), no que o poeta e crítico valenciano reivindica ó grupo poético cordobés e ofrece, ó mesmo tempo, unha breve antoloxía da súa obra.

Cántico, no seu número 3 (1954) da segunda etapa da revista, publicou —nos orixinais galegos con traducións ó castelán— unha selección de poemas representativos dalgúns das nosas mellores voces poéticas contemporáneas (dende Manuel Antonio ata Novoneyra). Colaborou tamén nas súas páxinas Castillo-Elefabetia.

GARCÍA NIETO, José

Aínda que fixo estudos de Matemáticas e Xornalismo a existencia de José García Nieto estivo sempre relacionada coa Literatura. Nacido en Oviedo en 1914, participou moi activamente na vida literaria da posguerra. Poeta inscrito nun formalismo a ultranza, na corrente neoclásica da década de 1940, fundou a influente revista *Garcilaso* (1943), da que foi director. Pero colaborou en moitísimas das que viron a luz entre 1940 e 1960, e foi tamén fundador e director de *Poesía Española* (1952). En 1983 ingresou na Real Academia Española.

A traxectoria poética de García Nieto comeza en *Víspera hacia ti* (1940), de latexo neorromántico, para continuar con *Poesía* (1943), *Del campo y soledad* (1944), *Primer libro de poemas* (1951) e *Segundo libro de poemas* (1951). Nese mesmo ano apareceu *Tregua*, que recibiu o Premio Nacional de Literatura e representa unha nova etapa no lirismo do poeta.

La red (1955), *Hablando solo* (1968), *El arrabal* (1980) e *Carta a la madre* (1988) son algúns dos más salientables títulos das últimas décadas da súa produción. Cultivou tamén con asiduidade a crítica literaria en revistas e xornais.

GONZÁLEZ, Fernando

O poeta Fernando González naceu en Teide (As Palmas, Canarias) en 1901. Estudiou Filosofía e Letras e foi catedrático de Lingua e Literatura de ensino medio. En 1930 inicia a súa carreira profesional como profesor de instituto en varias ciudades españolas. A súa obra poética constitúe unha ponte de enlace entre o modernismo canario e os posteriores grupos poéticos que xurdiron nas illas. Poeta intimista de notable sinxeleza formal, salienta tamén pola súa musicalidade e perfección expresiva. Antonio Machado e Juan Ramón son dous dos seus modelos preferidos.

Entre os seus libros poéticos podemos citar *Las canciones del alba* (1918), *Manantiales en ruta* (1923), *Hogueras en la Montaña* (1924), *El reloj sin horas* (1929), *Piedras blancas* (1934) e *Ofrendas a la nada* (1949).

Despois da Guerra Civil instalouse en Valladolid. Alí funda con Luis López Anglada e outros poetas a revista *Halcón* (1945), a cal dirixiu. Esta revista, a carón de *España* (1944) e *Garcilaso* (1944) —pero tamén *Corcel* (1942), *Entregas de Poesía* (1944), *Proel* (1944), *Verbo* (1946) ou *Cántico* (1947)—, constitúe o núcleo fundamental das publicacións poéticas da inmediata posguerra.



IGLESIA ALVARIÑO, Aquilino

Nace en Seivane, concello de Abadín (Lugo) en 1909. Estudia no Seminario de Mondoñedo durante dous anos e de aquí arranca o seu vencellamento co humanismo, do que son mostra evidente os seus primeiros poemas escritos desde 1925 e recollidos no primeiro libro, que publica en 1930, *Señardá*. Despois de abandona-los estudos eclesiásticos reside en Santiago de Compostela, onde coñece a escritores novos como Francisco Fernández del Riego e dirixe *A Nosa Terra* (1916), órgano do Partido Galeguista.

En 1933 trasládase a Vilagarcía de Arousa, onde exercerá o ensino no Colexio León XIII daquela vila. Deste mesmo ano é o seu segundo libro, *Corazón ao vento*, no que o poeta se libera das normas fixas e aparece unha vontade de renovación tanto formal como temática. Durante os anos da República cursa por libre estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Segue escribindo poemas e realiza varias traduccions de clásicos, funda a colección Renacencia e actúa moderadamente no P. G. e na F. M. G. Despois dun silencio de varios anos, en 1941 publica en Bos Aires o seu único libro en

Pura castelán, *Contra el ángel y la noche*.
Vázquez e Iglesia Alvariño (á esquerda) coa muller e o fillo de Isidro Conde. Santiago, 1962

En 1947 Iglesia Alvariño rompe o mutismo imposto polo novo réxime a todo asomo de galleguismo cun poemario titulado *Cómaros verdes*, moi ben acollido pola prensa. No ano 1948 gaña as oposicións á cátedra de Latín e é destinado en primeiro lugar a Lugo e posteriormente a Pontevedra. Trasládase en 1953 a Santiago de Compostela, onde traballa no Instituto Padre Sarmiento. Aquí asiste ó rexurdimento das letras galegas con certo distanciamento.

No mes de abril de 1946 leu o discurso de entrada na Real Academia Galega, *A lengua dos poetas do norte de Lugo* (1964), contestado por Ramón Otero Pedrayo. Na década de 1950 obtén varios premios literarios, pero por dificultades editoriais non publicará nada ata 1960. Neste ano recolle os poemas escritos desde 1955, integrando así un libro que denominou *De día a día* e supón a súa obra de maior variedade métrica e estilística. No ano da súa morte, 1961, sairán do prelo dous poemarios máis: *Lanza de soledá*, onde volve ós sonetos e ó isosilabismo, e *Nenias*, libro elexíaco que semella un presentimento da súa morte. Con carácter póstumo publícase *Leva o seu cantare* (1964)¹¹, recompilación de poemas dispersos non incluídos nos poemarios anteriores.

Aquilino é fundamentalmente un lírico e como tal presenta bastantes facetas da Xeración do 36: imaxinismo, neotrobadorismo, clasicismo, ruralismo, intimismo... Aínda que non podemos esquecer o seu labor de tradutor (traduciu en 1951 os *Carmina* de Horacio e a *Aulularia* de Plauto, á que denominou *A comedia da oíña*, publicada en 1962) e tampouco a súa salientable faceta de crítico, ensaísta e lexicógrafo. É de interese, ó respecto, o gran número de fichas léxicas que deixou e que nunca chegou a publicar.

Por outra banda, Aquilino realizou numerosas traduccions tanto ó galego como ó castelán. O galego traduciu "Poemas de John Masefield"¹²; *Galiciense Carmen*, de Venancio Fortunato

¹¹ En 1986 aparece o libro de Aquilino Iglesia Alvariño, *Poesía galega completa*, edición de Xesús Alonso Montero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1986.

¹² *La Noche*, Santiago de Compostela 15-IX-1949 e 29-X-1949.

(1950); *Carmina*, de Horacio (1951), “A vixilia de Venus”¹³, “As meigas”, II idilio de Teócrito¹⁴ e a antecitada *A comedia da olinña. (Aulularia)*, de Plauto (1962)¹⁵. Ademais de todo o anterior, Manuel Díaz y Díaz publicou no nº 92 de *Grial* “Unhas traducciónns inéditas de Aquilino Iglesia Alvariño”¹⁶. Así mesmo, verteu ó castelán “La canción del siglo” de Horacio (1936).

Á parte do seu labor como poeta e tradutor dos clásicos gregos e latinos é de especial interese salienta-la presencia de Aquilino na prensa da época, en xornais como *Faro de Vigo* (1853), *Las Riberas del Eo* (1881), *La Voz de Galicia* (1882), *El Compostelano* (1920), *Hoja del Lunes* (1920), *El Pueblo Gallego* (1924), *A Nosa Terra* (1932), pero sobre todo no xornal santiagués *La Noche* (1946), fundamentalmente a partir da aparición do Suplemento del Sábado en 1949. Presencia tamén constante nas revistas: *Nós* (1920), *Céltiga* (1924), *Galicia* (1930) de Bos Aires, *Vallibria* (1930), *Logos* (1931), *Cristal* (1932), *Galiza* (1932), *Resol* (1932), *Yunque* (1932), *Papel de Color* (1933), *Alento* (1934), *Lar* (1934), *Revista de Portugal* (1937), *La Estafeta Literaria* (1944), *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1944), *Sonata Gallega* (1944), *Gelmírez* (1945), *Posío* (1945), *Cántico* (1947), *Alba* (1948), *Mensajes de Poesía* (1948), *Xistral* (1949), *Aturuxo* (1952), *Poesía Española* (1952), *Nemancos* (1953), *Atlántida* (1954), *4 Ventos* (1954), *Vida Gallega* (1955), *Papeles de Son Armadans* (1956), *Grial* (1963) e *Dorna* (1981).

Ó xa exposto temos que engadir agora, como referencia bibliográfica, a aparición do importante libro¹⁷ de Luciano Rodríguez que, ademais dunha puntual biografía do escritor de Seivane e do percorrido pola súa lírica, contén unha moi ampla e ben ordenada bibliografía na que sobresae a actividade do escritor nas páxinas de *La Noche* e a súa presencia nas revistas galegas de poesía, *Alba* (1948), *Aturuxo* (1952) e *Posío* (1945) entre elas.

LEZCANO, Pedro

Aínda que xa dende neno vivía en Canarias, Pedro Lezcano naceu en Madrid en 1920. Na Universidade Central madrileña estudiou Filosofía e Letras. De novo nas illas participou moi activamente no ambiente cultural canario. Con Ventura Doreste, foi cofundador da colección poética *El Arca*, das Palmas¹⁸. Publicou colaboracións poéticas nas revistas *Garcilaso* (1943), *Espadaña* (1944), *Planas de Poesía* (1950), *Alisio* (1952), *Ansi* (1952), *Poesía Española* (1952), *San Borondón* (1958) e *Álamo* (1964).

Como poeta Pedro Lezcano iniciouse con *Cinco poemas* (1944), poemario logo seguido por *Poesía* (1945), *Romancero Canario* (1946), *Muriendo dos a dos* (1947) e *Romance del tiempo* (1950).

¹³ En Suplementos de *Estudios Clásicos*, Serie de Traducciones, nº 15, Madrid, 1960.

¹⁴ En *Euphrosyne*, Lisboa, vol. III, 1961.

¹⁵ Estreada pola Compañía de Teatro Ditea en 1970.

¹⁶ Son “A saudade do enfermo” (terceiro poema do libro das *Elexías* de Tibulo), “Carta a Albio Tibulo” (cuarto poema do Libro I das *Epístolas* de Horacio), “Elexía á morte de Tibulo” (noveno poema do Libro III dos *Amores* de Ovidio), “A Virxilio e Tibulo mortos” (epitafio de Domicio Marso) e “Os traballos e os días” (50 primeiros versos da obra de Hesíodo).

¹⁷ Luciano Rodríguez, *Poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo. Servicio de Publicacións, s.d.

¹⁸ Participou como responsable da *Antología cercada* (1947) xuntamente cos irmáns Millares Sall, Ventura Doreste e Ánxel Johán. O devantido libro foi publicado precisamente na colección *El Arca*.

LÓPEZ ELIZALDE, Miguel

A tarefa de ilustración das páxinas de *Posío* corresponden a Isaac Pereira, "Peroxá", e a Miguel López Elizalde. Da mesma idade que os fundadores da revista, López Elizalde tiña estudiado as técnicas do linóleo, a xilografía e a serigrafía. A finais da década de 1940 fixose cargo da Imprenta Otero, en Ourense, na que traballou un tempo. En 1950 marcha emigrado a Suíza. A partir desta data carecemos de calquera outra referencia biográfica sobre el. Nada sabemos tampouco da súa actividade alá.

MANUEL ANTONIO

Manuel Antonio Pérez Sánchez naceu en Rianxo (A Coruña) en 1900. A súa casa natal está situada na rúa de Abaixo, a mesma onde naceron tamén Rafael Dieste e Castelao, cos que mantivo cordiais relacións non exentas de acedas disputas. A morte prematura do seu pai, cuando contaba só catro anos, apartouno da vila natal. Marcha vivir a Padrón coa súa avoa materna ata que no curso 1913-1914 se traslada a Santiago de Compostela para ingresar no Instituto Xeral e Técnico. En 1920 acaba o Bacharelato e vai para Vigo, onde acadará o título de piloto de Mariña Mercante. A partir de entón aumenta a súa relación política co nacionalismo, e participa en Vigo na II Asemblea Nacionalista, en abril de 1922¹⁹. En 1926 inicia as súas singraduras co fin de obte-lo título de piloto. Despois de navegar no Constantino Candeira, no paquebote holandés Gelria e no pesqueiro Arosa, Manuel Antonio regresa á súa casa materna de Asados —preto de Rianxo—, onde a tuberculose pulmonar que padecía pon fin á súa existencia no mes de xaneiro de 1930.

A súa morte prematura non impedirá que un grupo de xoves poetas se sintan identificados coa súa obra e coa súa heterodoxia; poetas como Otero Espasandín, Jesús Bal ou Correa Calderón se sentirán “noviestetas”, tal como se autonominan, fronte ós que chaman academicistas: Cabanillas, López Abente ou Eladio Rodríguez.

Manuel Antonio, o poeta vanguardista galego por excelencia, pertencente á xeración de 1925, publicou antes da súa morte a penas un monllo reducido de poemas, esparexidos por diversos medios²⁰. En 1922 el e mailo debuxante Álvaro Cebreiro asinan o manifesto *¡Mais alá!*, senlleiro exemplo na nosa historia literaria. O seu libro capital *De catro a catro*²¹ é o único que se publica en vida do autor e escribiuno durante as súas singraduras náuticas, como se evidencia incluso no mesmo título. Ata 1972 non se recollen nun volume a totalidade da obra poética deste escritor, os 19 poemas de *De catro a catro* e outros títulos que completan tódolos poemas nesta edición engadidos. Estes son *Con anacos d'o meu interior* —18 poemas compostos entre 1920 e 1922—, *Foulas* —28 poemas



¹⁹ A militancia e paixón galeguista en Manuel Antonio empeza en 1919 con motivo dunha conferencia de Vicente Risco —con quien manterá unha interesante relación epistolar— e en 1922 prodúcese o distanciamento con respecto ós postulados culturalistas dos homes do Grupo Nós.

²⁰ *Nós*, páxinas galegas do diario da Coruña *El Noroeste* (1896), *A Nosa Terra* (1916), *Rexurdimento* (1922), *Galicia* (1924) e *Ronsel* (1924).

²¹ O título completo do libro é *De catro a catro. Follas sin data d'un diario d'abordo* (1928).

escritos entre 1922 e 1925—, *Sempre e más depois* —8 poemas datados após 1928—, *Viladomar* —5 poemas de 1928— e mais un conxunto de poemas soltos —27 datados e 15 sen datar—. Máis tarde aparece *Manuel Antonio, Correspondencia* (1979) novo volume, con limiar e notas de D. García-Sabell, que contén boa parte da interesantísima correspondencia que mantiivo cos seus amigos sobre os máis variados temas.

Como xa apuntamos máis arriba parte da obra de Manuel Antonio quedou espallada en diversas publicacións da época, periódicos como *El Noroeste* (1896), *Galicia* (1924), *El Pueblo Gallego* (1924) e revistas como *A Nosa Terra* (1916), a betanceira *Rexurdimento* (1922) ou *Ronsel* (1924). As primeiras mostras da súa producción poética en castelán, áchanse nas revistas *Suevia* (1917) e *La Raza* (1917), e tamén se constatan na súa documentación privada os intentos seus por publicar na revista *España* (1915). Moitas foron as que recollerón textos deste autor trala súa morte, como *Nós* (1920), *Cántico* (1947), *Claraboya* (1963), *Grial* (1963), etc. En 1979 adicouse o Día das Letras Galegas á súa figura.

MARTIN CODAX

Cando falamos da lírica trobadoresca estamos a facelo do tempo perdido na noite da memoria literaria, de costumes esquecidos polo decorrer da vida, dun mundo que escapa da nosa visión de homes da modernidade; cando falamos do mundo dos trobadores galego-portugueses témo-la impresión de falar dun soño polo feito de que nos movemos na néboa do descoñecemento. Isto verifícase no caso de Martin Codax. ¿Que sabemos del? Sendo coherentes, o único certo é que dependemos en exceso da conjectura e da hipótese que a súa obra nos fornece. Sendo coherentes, diremos que é necesario conjecturar áinda que camiñemos entre suposicións erradas. Por iso, é eloixible o esforzo dos distintos estudiosos da nosa lírica na procura de establece-lo significado exacto do apelido Codax. ¿Trátase dun alcume ou dun patronímico? A crítica divídese en dous sectores. Por unha banda os que pensan que é un alcume, coma Carolina de Michaëlis, para quen Codax sería un alcume de tipo descriptivo co significado de “homem de cotovelos salientes, grossos ou agudos”. Por outra banda está o grupo representado polo filólogo italiano Silvio Pellegrini, quen consideraba que non se trataba dun alcume, senón dun patronímico. Poderíamos seguir coas posteriores aportacións dos estudiosos pero engrosariamos, case que inutilmente, unha lista que chega á desoladora conclusión de que áinda non sabemos cal é o significado e a razón do apelido de Martin Codax.

¿Era Martin Codax de condición humilde? Todo semella sinalar que así era en realidade, se ben cabe apontar que as condicións técnicas e retóricas das súas composicións subliñan unha educación en medios clericais ou aristocráticos. Pero, ¿cales eran esos medios? De novo a ausencia de datos documentais impide calquera hipótese de traballo. Neste sentido temos que botar man da excelente investigación de Resende de Oliveira, *Depois do Espectáculo Trobadoresco*, recentemente saída do prelo, onde se nos di que pola súa colocación nos cancioneiros, no hipotético Cancioneiro de Xograres Galegos, Martin Codax sería un xogral ou segrel galego, probablemente orixinario de Vigo, activo entre mediados e o terceiro cuarto do século XIII. Sen embargo, mesmo Resende, tan prolífico noutras biografías, queda prisioneiro da néboa, do descoñecemento que moitas veces envolve o lirismo medieval.

O esforzo dos estudiosos centrouse, loxicamente, na súa obra literaria, composta por sete cantigas pertencentes ó rexistro de amigo e que foron transmitidas non só polos apógrafos italianos (no da Biblioteca Nacional as cantigas ocupan os números 1278-1284, no da Vaticana os números 884-890) senón tamén por un pergamiño dado a coñecer en 1914 e que recibe o nome de *Pergaminho Vindel* na honra do seu descubridor, o libreiro Pedro Vindel, e que desde 1977 se atopa na Pierpont Morgan Library en Nova York. Este pergamiño fixose famoso por conter non só as sete cantigas, senón, sobre todo, por transcribi-las melodías de seis cantigas

no que foi ata hai pouco o único testemuño musical da nosa lírica trovadoresca. A este testemuño temos que engadi-lo que deu a coñecer en 1990 o profesor americano Harvey L. Sharrer, que contén a partitura musical de sete cantigas de amor fragmentarias do rei Don Denis.

O Pergaminho Vindel foi obxecto dun minucioso estudio na súa vertente musical por parte de Manuel Pedro Ferreira en *O Som de Martin Codax* (1986), con reproducción fotográfica e cun disco que contén unha versión cantada das cantigas. Nesta obra o lector curioso encontrará claras explicacións no que se refire ás características da acentuación, ritmo e temporalidade e demais cuestións relacionadas coa música medieval profana.

As sete cantigas de Martin Codax preséntanse sempre na mesma orde nos tres testemuños manuscritos: I. "Ondas do mar de Vigo", II. "Mandad' ei comigo", III. "Mia irmana fremosa treides comigo", IV. "Ai Deus se sab' ora meu amigo", V. "Quantas sabedes amar amigo", VI. "Eno Sagrado en Vigo", VII. "Ai ondas que eu vin veer".

Esta mesma disposición e o fío narrativo das propias cantigas levaron á meirande parte dos estudiosos a considerar que "as sete cantigas de amigo constitúen un texto unitario e se organizan nunha sucesión serial, coherente e acabada, co valor aparente de canto da expectación defraudada pero en realidade expresión dun desexo frustrado"²². As palabras do profesor Tavani son elocuentes e representativas da tendencia más xeneralizada. Sen embargo, Carolina de Michaëlis, J. J. Nunes e J. Weiss pensan que non existe tal unidade narrativa, ou se existe, é só nas cantigas II, III, IV. M. P. Ferreira no estudio xa referido di que as cantigas se organizan, na orde na que se conservan, segundo o esquema da *dispositio retórica*. Deste xeito, a cantiga I funcionaría como *proemium*, a II como *argumentatio-narratio*, a III como *argumentatio-tractatio*, a IV como *argumentatio-probatio*, a V como *refutatio* e a VI como *epilogus*. Os textos semellan confirma-la idea dunha unidade, da intención do poeta de formar un ciclo, disposto retoricamente, sobre a desolación dunha moza que pasa da esperanza "*ca ven meu amigo / e ven san' e vivo*" (II) e do desexo amoroso representado pola simboloxía do "*baño e banhar-nos-emos nas ondas*" (V) á constatación dunha realidade non desexada, "*porque tarda meu amigo*" (VII). As cantigas de Martin Codax configúranse coma un gran canto que se abre coa impaciente pregunta "*Ondas do mar de Vigo / se vistes meu amigo? / e ay Deus se verrá cedo*" (I) que recibiría a súa resposta na derradeira cantiga coa comprobación de que o seu desexo inicial está condenado a volverse tan fuxidío coma esas ondas do mar de Vigo que asisten insensibles á soildade e á coita da moza "*Ay ondas, que eu vin veer, / se me saberedes dizer / porque tarda meu amigo / sen min?*" (VII). En consecuencia concordamos totalmente con G. Tavani cando afirma que estamos perante un soño de amor, un soño de amor que vive e morre nas ondas do mar de Vigo.

NORA, Eugenio de

Na pequena localidade de Zacos (León) naceu Eugenio García González de Nora en 1923. Na capital leonesa tivo como amigo e orientador literario a Antonio G. de Lama. Rematada a Guerra Civil marcha a Madrid para estudiar Filoloxía Románica e en 1950 traballa xa como lector de español na Universidade de Berna, da que logo será catedrático. En Berna instala a súa residencia.

O nome de Eugenio de Nora ten un inevitable punto de referencia na revista *Espadaña*²³, da que foi cofundador a carón de Victoriano Crémer e Antonio G. de Lama. A esta publica-

²² Vid. G. Tavani, *A Poesía Lírica galego-portuguesa*, Vigo: Galaxia, 1991, p. 302.

²³ Sobre *Espadaña* vid. agora o exhaustivo estudio de Fernando Presa González, *La revista Espadaña en la poesía española de posguerra (1944-1950)*, León: edic. do Excmo. Ayuntamiento de León, 1989.

ción leonesa estiveron vencellados, dende primeira hora, Manuel Rabanal Álvarez²⁴, José Castro Ovejero e Luis López Anglada.

Como poeta, Eugenio de Nora comezou a súa traxectoria con *Cantos al destino* (1945) para seguir despois con *Contemplación del tiempo* (1948), *Siempre* (1953) e *España, pasión de vida* (1954), dentro do ámbito —este último poemario— da poesía social. *Angulares* (1975) foi a súa más recente aportación lírica.

Como crítico e historiador da literatura española publicou, entre 1958 e 1962, *La novela española contemporánea*, libro aínda hoxe de imprescindible consulta para traballar sobre o tema e pionero na investigación do mesmo.

A revista *Espadaña* estivo aberta ós poetas galegos. Publican nela os seus poemas —en castelán— Luís Pimentel, Otto J. Cameselle Barcia, Camilo J. Cela, Álvaro Cornide Ferrant, Miguel González Garcés, Ramón González-Alegre (berciano de nacemento), Álvaro Paradela e Mª Pilar Vázquez Cuesta.

Na sección de libros poéticos temos comentarios críticos sobre *Argos*, de Castillo-Elejabeytia, e *En torno a la voz*, de Pilar Vázquez Cuesta. Figuran así mesmo recensións de *Poesías de la razón cordial*, de Cameselle Barcia; *La avena de Dafnis*, de Castillo-Elejabeytia; *Clamor de tierra*, de R. González-Alegre; *Versos*, de Leal Insua; *El bosque encantado*, de Eduardo Moreiras; *Ánfora*, de Luz Pozo Gaza; *Florilegio poético*, de Faustino Rey Romero, e *Márgenes veladas*, de Pura Vázquez.


PEROXA

Pseudónimo de Isaac Pereira. Os únicos datos que temos del, todos eles da súa actividade artística, proceden da memoria persoal de Segundo Alvarado. Autor da portada repetida nos catro números de *Posío*, Peroxa foi pintor, decorador e debuxante. Traballou dende mozo en Ourense e fixo carteis para os cines, ilustracións de programas, folletos diversos e debuxos de carácter publicitario en xeral.

RISCO, Vicente

Vicente Martínez Risco nace no número 25 da rúa da Paz de Ourense o primeiro día de setembro do ano 1884, no ámbito dunha familia pertencente ó estrato da burguesía, con numerosos membros salientables no panorama da cultura. Transcorre a súa infancia a carón da do seu amigo e veciño Ramón Otero Pedrayo e ós dez anos comeza os estudos de Bacharelato no Centro Provincial de Instrucción da capital. Nos baixos deste edificio asistiría á tertulia da Comisión de Monumentos, que presidía o catedrático de Retórica e Poética don Marcelo Macías. Co cambio de século trasládase a Santiago de Compostela para cursar estudos universitarios de Dereito, dos cales se habería de licenciar en 1906. Ingresa no corpo de funcionarios de Facenda e vai parar á Delegación de Ourense. Participa en máis dunha tertulia e asiste a festas e actos sociais, pero sobre todo é nesta época cando se pon en contacto, a través da lectura, coas vangardas literarias e filosóficas europeas. Así mesmo, da súa amizade con Primitivo Rodríguez Sanjurjo, procede a afección súa polo esoterismo e mailo seu interese polas culturas orientais.

²⁴ En *Gelmírez*, da que Manuel Rabanal era director de redacción, aparecen senllas notas de recensión de *Espadaña*, nos números 2 e 3, na sección Revista de revistas. Sobre a revista leonesa vid. o artigo de Manuel Rabanal “Antología poética del último decenio”, en *La Noche*, Santiago de Compostela, 6-VII-1946.



A principios de 1910 empeza a colaborar profusamente no xornal ourensán *El Miño*, co seu nome e mais cos pseudónimos de Rujú Sahib e Polichinela, traducindo textos de poetas franceses. Na revista da capital ourensá, *Mi Tierra*, Risco publica dous artigos que son os primeiros comentarios seus sobre a nosa literatura, velaí xa o título que os engloba, *De literatura gallega*. En 1913 inicia estudos na Escola Superior de Maxisterio de Madrid. Ali asiste a diversas tertulias, entre as que destacan as do Café Pombo, que Ramón Gómez de la Serna presidía. En 1916 volve a Ourense como catedrático de Historia da Escola Normal e un ano máis tarde funda, con Arturo Noguerol, a revista neosófica *La Centuria*, de carácter literario, onde tamén colaboran os seus amigos Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e Primitivo R. Sanjurjo. Participa nas tertulias literarias do Café Royalty.

A actividade propagandística do por aquel entón catedrático de Filosofía do Instituto da capital, Antón Losada Diéguez, foi determinante para o ingreso destes cultivadores do refinamento no movemento galeguista, producido xa a fins de 1917. Membro das Irmandades da Fala, integrou unha comisión que invitada pola Lliga Regionalista viaxou a Barcelona co fin de celebrar

unha Semana Galega en Cataluña. A incorporación de Risco ás Irmandades foi inmediata e xa nesa data sinalada pronuncia as primeiras verbas en galego nun acto público, con motivo da visita a Galicia de Francesc Cambó, líder da Lliga. Xunto cos seus compañeiros, participa na campaña electoral das eleccións parlamentarias de comezos de 1918 e apoia a candidatura rexionalista de Lois Porteiro Garea por Celanova. O fracaso electoral vai servir de estímulo para estes homes de *La Centuria* —o último número sae en xullo daquel ano— que promoverán un intensísimo labor de dignificación de Galicia e da cultura propia, e en particular Risco, quen inicia unha escrita programática que sentaría os alicerces dos postulados do nacionalismo galego.

Importante é xa o seu papel na I Asemblea Nacionalista, celebrada en Lugo no mesmo 1918. En 1920 publica a *Teoría do nazionalismo galego*, obra que xunto coas anteriores o converten no máximo teórico do movemento nacionalista. Na IV Asemblea das Irmandades da Fala, que se celebrou en Monforte en febreiro de 1922, Risco conseguiu o cargo de Conselleiro Supremo da Irmandade Nazonalista Galega, entidade política que aglutinaba ás distintas Irmandades. É aquí onde xa se manifestan as evidentes diferencias entre os membros da Coruña, vinculados *A Nosa Terra*, que optaban pola vía política, e os ourensáns, partidarios dunha opción culturalista. Confirmada a ruptura, Risco escribe en *Rexurdimento*, órgano da I. N. G., ata que xa en 1924, durante a dictadura de Primo de Rivera, volva colaborar nas páxinas de *A nosa Terra*. Na VI Asemblea das Irmandades da Fala, celebrada na Coruña en 1928 e presidida por Risco, decídese a creación dun Partido Autonomista Republicano Agrario.

Membro fundador da revista que lle había de da-lo nome á súa xeración, ademais do seu labor como director e incansable animador de *Nós* publicou abundantísimos traballos nas súas páxinas —coas súas iniciais ou baixo o pseudónimo Speradan Namaquizos—. Así mesmo, dentro do Seminario de Estudios Galegos desenvolveu unha importante actividade. É el quen dirixe a Sección de Etnografía e Folclore e publica moi interesantes estudios. En 1930 viaxa a Alemaña cunha bolsa para estudiar Etnografía e Folclore e a estadía naquel país producirá nel unha radicalización cara a posturas más conservadoras e no seu sentimento relixioso²⁵.

²⁵ Un ano antes pronunciara o discurso de ingreso na Real Academia Galega —“Un caso de lycantropia (O Home-Lobo)”—, que lle contestou Ramón Cabanillas, e el, pola súa parte, faría o mesmo en 1931 co de Otero Pedrayo.

Unha vez proclamada a II República, funda con Otero Pedrayo o Partido Nacionalista Republicán e preséntase ás eleccións a Cortes Constituíntes, pero, a diferenza daquel, non sairía elixido deputado. Na primeira asemblea do creado Partido Galeguista, Risco forma parte por elección do Consello Executivo. Na III Asemblea do Partido Galeguista, celebrada en Ourense a comezos de 1934, albíscanse dúas tendencias contrapostas, a de Suárez Picallo e o grupo pontevedrés, partidarios da alianza do galeguismo coas forzas de esquerda, e a de Risco e as Mocidades Galeguistas, que non aceptaban esta alianza. Cando se acorda a alianza do P. G. coa Frente Popular para concorrer conxuntamente nas eleccións, constitúese en Ourense con Risco á cabeza, o grupo de Dereita Galeguista, que participa na campaña a favor do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O temor ás represalias ó estoupa-la Guerra Civil provoca nel un posicionamento netamente favorable cara os sublevados. A comezos de 1937, na compaña doutros católicos da capital ourensá entre os que se encontra Otero, funda a revista *Misión*, toda en castelán, dende a que vai espalla-las súas posturas ultraconservadoras. Ó ano seguinte colabora, sen sinatura e con moita frecuencia, no xornal *La Región*, coas glosas incluídas na sección Cosas y Días.

En 1945 trasládase a Madrid e ocupa a cátedra de Paidoloxía e Organización Escolar, co fin de reinicia-la carreira científica e literaria, pero a fortuna foille adversa. Contra finais da década regresa a Ourense, onde comeza outra sección de glosas sen asinar titulada Horas, preside a tertulia do Café Roma e cultivará de novo o galego. En 1954 xubíllase, pero seguirá investigando, sobre todo no terreo da etnografía. En 1962 o Centro Gallego de Madrid concédelle o Premio Galicia e un ano máis tarde morre en Ourense.

Hai bastante consenso por parte da crítica en establece-las etapas fundamentais da vida de Risco. A primeira, correspondente co período de mocidade ou formación, desenvólvese arredor do labor en *La Centuria*; a segunda, a da actividade no seo das Irmandades da Fala, do grupo Nós e do Partido Galeguista, e a derradeira, que abrangue o período franquista e que remata coa morte do autor.

Amplísimo é o labor creativo de Vicente Risco, sexa como teorizador do nacionalismo, como estudioso da etnografía, da historia..., ou ben como literato. As aportacións a este campo iniciais co relato *Do caso que ll' aconteceu ó Dr. Alveiros* (1919), ós que seguirán *O lobo da xente* (1925), *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán* (1925) e a novela curta *A Coutada* (1926). *O porco de pé* (1928) é a única novela longa en galego²⁶, porque a que ía se-la segunda, *Os europeos en Abrantes* (1927), ficou inacabada, e dela tan só se publicaron uns cantos capítulos na revista *Nós*. *O bufón d' El-Rei. Drama en catro pasos* (1928) —galardoada en 1926 na Festa da Lingua Galega— representa a súa contribución á nosa dramaturxia. As impresións da viaxe que efectuou á Alemaña recollense en *Mitteleuropa* (1934)²⁷, incrementadas na revista *Nós* dende 1930 ata 1935. Unha moi importante parte de artigos publicados polo autor axúntanse nos volumes *Leria* e *Libro das horas*, os dous de 1961. É moi saliente tamén o labor de Risco como introductor e divulgador en Galicia dos elementos estéticos da poesía vanguardista²⁸, e chega el incluso a participar das correntes de renovación poética dos movementos de vanguarda, con trazos detectables nos “Poemas novos”, “Versos novos”, “Triadas druídicas”, “U...Ju juu... (Poema futurista)” e “Lírica nova”, compostos entre finais da década dos anos dez e principios dos vinte.

Distintos traballos seus aparecen en libros colectivos, como é o caso de “O sursumcorda”, que pertence ó libro *Homaxe a Florentino L. Cuevillas* (1957) e o de folclore e etnografía incluído en *Terra de Melide* (1933). É autor da traducción galega *A familia de Pascual Duarte*,

²⁶ Con posterioridade publicouse *O porco de pé e outras narracións*, Vigo: Galaxia, 1980².

²⁷ A editorial Galaxia tirou a segunda edición en 1984.

²⁸ Véxase a tal efecto a correspondencia con Manuel Antonio.

de Camilo José Cela, feita algúns anos despois da publicación da versión orixinal do libro pero que non vería a luz ata o ano 1962. O estudio *Manuel Murguía* non apareceu ata 1976.

Moitas son as obras que converten a Risco no principal ideólogo do nacionalismo galego. A “Teoría do nazionalismo galego” (1918) é a súa primeira colaboración en *A Nosa Terra*, publicada un ano despois do “Preludio a toda estética futura” (1917), e de título semellante á fundamental *Teoría do nazionalismo galego* (1920). Outros importantes traballos son “O sentimento da Terra na Raza Galega” (1920), “A interpretación da Historia e o valor do noso tempo” (1926), a serie de artigos “Políteca do noso tempo”, *El problema político de Galicia* (1930)²⁹ e “Nós, os inadaptados” (1933).

Da extensa produción en castelán deste autor cómpre salienta-los libros, tanto de estudio coma de creación, *Elementos de Metodología de la Historia* (1928), *Historia de los judíos desde la destrucción del templo* (1944) —o primeiro que escribe trala guerra—, *Biografía del diablo* (1947), *La puerta de paja* (1953), novela coa que foi finalista do Premio Nadal dese ano, *La tiara de Saitaphernes*, *Doce años después*³⁰, *Gamalandalfa*, *La verídica historia del niño de dos cabezas de Promonta*³¹ *Mitología cristiana* (1963), *Orden y caos* (1968), publicados estes dous trala morte do autor. Foi o encargado, así mesmo, de face-lo volume dedicado a Ourense da *Geografía General del Reino de Galicia*. Colabora no primeiro volume da *Historia de Galiza* (1962) que dirixía Otero Pedrayo.

Ténense feito distintas edicións de traballos publicados por este autor, como é o caso da *Escolma de Vicente Risco* ou *Vicente Risco: escolma de textos*, ámbalas dúas de 1981, e *Prosas de Risco en La Zarpa (1921-1923)* (1982). En 1994 a editorial Galaxia principiou a edita-las súas *Obras Completas*, en seis volumes.

A súa colaboración nos medios de comunicación escrita é enorme e constante ó longo de toda a súa vida: *La Región* (1910), *A Nosa Terra* (1916), *El Sol* (1917), *Nós* (1920), *La Zarpa* (1921), *Rexurdimento* (1922), *Céltiga* (1924), *El Pueblo Gallego* (1924), *Terra* (1927), *Heraldo de Galicia* (1930), *Logos* (1931), *Alento* (1934) e *La Estafeta Literaria* (1944).

Santiago Amaral

Santiago Amaral é un dos pseudónimos máis empregados por Ramón Otero Pedrayo xunto co de Luis Peñanofre. Segundo afirma Filgueira Valverde³², Otero comezou a utilizar este pseudónimo arredor de 1942. Baixo esta sinatura aparecen máis de douscentos cincuenta artigos, todos eles en castelán, nas páxinas de *La Región* (1910), *El Pueblo Gallego* (1924), *Misión* (1937), *El Correo Gallego* (1938), *Sonata Gallega* (1944), *Finisterre* (1946), e *La Noche* (1946), entre outros. Otero Pedrayo xustificaba o emprego dos pseudónimos —anota Manuel Cerezales³³— mediante un motivo perfectamente lícito e respectable: mentres non puidese empregar o galego, a súa lingua amada, absteríase de asina-las súas colaboracións co nome verdadeiro. De tódolos xeitos hai que sinalar que non sempre acontecía así e que aparecen nalgúns xornais ou revistas artigos en castelán asinados co nome de Ramón Otero Pedrayo. Isto pode ser debido a un erro —deliberado ou non³⁴— da publicación ou a un cambio na actitude do propio Otero, cousa que parece menos probable.

²⁹ Publicado tamén en galego, *O Problema Poítico de Galiza* (1976).

³⁰ Novelas ambas inéditas ata a publicación das *Obras Completas*.

³¹ As dúas novelas editaríanse na *Obra Completa* (1981).

³² Filgueira Valverde, *Adral*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1979, pp. 393-396.

³³ Manuel Cerezales, “Os pseudónimos de Otero Pedrayo”, en *O Correo Galego*, Santiago de Compostela, 24-IV-1994.

³⁴ A este respecto véxase a anécdota que cita Manuel Cerezales no apartado “Mensaxeiro” do artigo previamente citado.

Outros pseudónimos de Otero son: o anteriormente citado Luis Peñanofre, que empregou maioritariamente en *Misión* (1937) no triénio 1943-1946, pero tamén aparece en *Finisterre* (1946) e *La Noche* (1946); Luis de Alba, co que asina colaboracións dos anos 1943 e 1944 en *Misión* (1937); Juan Gallego, que é a representación de tódolos galegos na voz dun só galego, que utilizou esporadicamente en *La Noche* (1946); Tristán de Montenegro, nome do heroe pontevedrés, co que asinaba nas tarxetas de felicitación ou nas cartas ou escritos ós amigos (descoñécese colaboracións literarias en prensa baixo este pseudónimo) e Antonio Monteagudo, entre outros. Tamén aparecen en numerosas ocasións as iniciais R. O. P. asinando os seus traballos en *Heraldo Gallego* (1913), *Nós* (1928) e *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1944).

Para rematar, non podemos esquece-lo momento no que estes pseudónimos aparecen e a situación persoal na que se atopaba Otero Pedrayo³⁵ despois da Guerra Civil: afastado da cátedra, impossibilitada a súa expresión en galego, Otero refúxiase en Ourense e no seu pazo de Trasalba. Máis tarde participa activamente na creación dun galeguismo cultural no contexto dunhas moi difíciles circunstancias (fundación do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos, fundación do Padroado Rosalía de Castro, creación de Galaxia...). Estamos ante o que se coñece co nome de “exilio interior”.



Otero
Pedrayo
por Siro

VALENTE, José Ángel

Nacido en Ourense en 1929, tiña José A. Valente dezasete anos cando *Posío* publicaba o seu soneto que pecha as páxinas do número catro da revista. De seguido colaboraría, con poemas³⁶ en galego e castelán, nas páxinas de *La Noche*, o xornal vespertino compostelán que iniciaba a súa andaina tamén en 1946. Pero xa en 1947 pasara á Universidade de Madrid e anos máis tarde, en 1955, á de Oxford, onde obtivo o grao de Master of Arts e impartiu clases ata 1958. Ó ano seguinte viaxou a Xenebra e alí residiu ata 1975 como funcionario das Nacións Unidas. París, Almería e Xenebra son cidades nas que pasa tempadas mentres desenvolve a súa actividade intelectual e creativa.

Valente pertence xeracionalmente ó grupo de escritores que Josefina R. de Aldecoa bautizara como “nenos da guerra”. A carón de Ángel González, Jaime Gil de Biedma, José A. Goytiso, Claudio Rodríguez e Francisco Brines, forma parte do grupo poético do medio século.

Colaborou José A. Valente con poemas ou con artigos de crítica de poesía en revistas literarias ou poéticas como *Cuadernos Hispanoamericanos* (1948), *Clavileño* (1950), *Índice* (1951), *La Tertulia* (1952), *Dabo* (1952), *Ágora* (1955), *Poesía Española* (1960) e *La Caña Gris* (1960), entre outras.

³⁵ A dimensión biográfica do escritor foi estudiada por Carlos Casares, *Otero Pedrayo*, Vigo: Galaxia, 1981; Xosé Ramón Quintana e Marcos Valcárcel, *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*, Vigo: Ir Indo ediciones, 1988, e Carlos Baliñas, *Descubriendo a Otero Pedrayo*, Santiago de Compostela: Coordenadas, 1991.

³⁶ Estes poemas son: “Elegía a Manuel Antonio”, (12-X-1947); “Balada para una madre que espera”, (1-III-1947); “Elegía al Rey de los grillos”, (8-III-1947); Dos romances de mar: “Canción del enamorado y la amada del mar” e “Insomnes”, (2-VI-1947); “La voz implacable”, (7-VII-1947); e “Finisterre”, (11-VIII-1947), este último en galego.



dios del lugar (1989) e, ultimamente, *No amanece el cantor* (1992).

En 1981 Valente recupera o galego como lingua poética en *Sete cantigas de alén* (1981), que ampliará na edición posterior, *Cántigas de alén* (1989). Na colectánea de estudos dedicados ó poeta, *Material Valente* (1994), Claudio Rodríguez Fer, responsable da edición, reunio poemas galegos de Valente escritos con posterioridade a 1989. Presentados coa versión en castelán, estes poemas son: "Paxaro de prata morta" (poema en prosa, lembranza autobiográfica da infancia na que evoca ó seu pai e a Luís Pimentel), "Máscaras" (tamén en prosa), "Romaxe", "Cobiza de lonxe" e "Cantiga do eterno inretorno". Dous deles publicados na revista *Nova Galiza*. A súa más recente contribución á lírica na nosa lingua é *Catro poemas inéditos* (1995).

Importante ensaísta, Valente ten escritos varios libros nese terreo, *Las palabras de la tribu* (1971), *La piedra y el centro* (1983) e *Variaciones sobre el pájaro y la red* (1991) contan entre os más salientes. Poeta no que críticos e estudiosos da poesía teñen reparado nunha rica bibliografía, a súa obra foi obxecto de novas aportacións críticas en *José Ángel Valente* (1992), libro monográfico sobre o poeta, do que tamén fixo a edición Claudio Rodríguez Fer.

VALVERDE, José M^a

Cacereño de orixe —naceu na vila de Valencia de Alcántara en 1926—, doutor en Filosofía e Letras pola Universidade de Madrid, José M^a Valverde foi nun primeiro momento profesor de Español na Universidade de Roma no período comprendido entre 1950 e 1955 e, máis tarde, catedrático de Estética da Universidade de Barcelona, posto que abandonou en 1965 en apoio a unha serie de catedráticos da Universidade de Madrid que foran sancionados. Emigra a Estados Unidos e Canadá, onde exerce a docencia universitaria, para posteriormente regresar a Barcelona para continuar co seu traballo.

Como poeta colaborou nas revistas *Escorial* (1940), *Finisterre* (1942), *Garcilaso* (1943), *Entregas de Poesía* (1944), *Espadaña* (1944), *La Estafeta literaria* (1944), *Proel* (1944), *Fantasia* (1945), *Ínsula* (1946), *Cántico* (1947), *Raíz* (1948), e *Ágora* (1951).

A lírica de José M^a Valverde sitúase nunha fonda relixiosidade cantada dende unha actitude de arraigo na fe, en Deus, no home. *Hombre de Dios* (1945) iniciaba unha liña poética logo seguida en *Salmos, elegías y oraciones* (1947), *La espera* (1949) —co que obtén o Premio Nacional de Literatura José Antonio Primo de Rivera— e *Versos del domingo* (1954). En diante publicaría novos poemarios como *Voces y acompañamiento para San Mateo* (1959), *La conquista de este mundo* (1960), *Años inciertos* (1970) e *Ser de palabra* (1976), unha reflexión

Despois dunha alternancia de xuventude entre a expresión en galego ou en castelán publica, nesta última lingua, *A modo de esperanza* (Premio Adonais en 1955), seguido de *Poemas a Lázaro* (Premio da Crítica en 1960) e *La memoria y los signos* (1966). Máis tarde aparecen *Siete representaciones* (1967), *Breve son* (1968), *El inocente* (1970), *Treinta y siete fragmentos* (1972) e *Interior con figuras* (1976). *Material memoria* (1979), reeditado en 1992, recolle nesta segunda edición poemas escritos entre 1979 e 1989 e representa un punto de inflexión na súa traxectoria, continuada en *Tres lecciones de tinieblas* (1980), *Mandorla* (1982), *El fulgor* (1984), *Al*

metapoética sobre a substancia humana da poesía. *Enseñanzas de la edad. Poesía 1945-1970* (1971) reúne a obra escrita polo poeta entre eses anos. *Poesías reunidas* (1990) constitúe outra nova e más ampla compilación dos seus versos.

No eido dos estudos literarios salienta a súa *Historia de la Literatura Universal* (1957-1959), en tres volumes, en colaboración con Martín de Riquer. Fixo así mesmo moitos traballos de traducción, entre eles o da novela *Ulysses*, de James Joyce, e *Cincuenta poesías*, de R. M. Rilke (1960), ademais de obras de Melville, Goethe ou Shakespeare. No ámbito do ensaio é *Nietzsche, de filólogo a anticristo* (1993) a súa más recente contribución, áinda que non se poden esquecer algúns dos seus numerosos ensaios sobre literatura e estética tales como *Estudio sobre la palabra poética* (1952), *G. de Humboldt y la filosofía del lenguaje* (1955), *Cartas a un cura escéptico en materia de arte moderno* (1959), *Azorín* (1971), *Antonio Machado* (1975) e *Literatura de Hispanoamérica* (1977).

VARELA IGLESIAS, José Luis

No mes de xuño do ano 1924 nace en Ourense o que había de se-lo director da revista *Pósito*, José Luis Varela, un dos integrantes do chamado Círculo Azor. Realizou estudos de Filoloxía Románica en Madrid, dos que se habería de doutorar con premio extraordinario en 1947. Na cidade alemana de Bonn realizou estudos como bolseiro. En 1970 obtivo o Premio Nacional de Literatura Miguel de Unamuno.

Ó longo da súa vida ten exercido unha dilatada actividade relacionada co mundo da cultura, con cargos de relevo en centros coma o Instituto de España en Múnich, e as universidades Internacionais de La Laguna de Canarias, Complutense de Madrid, Valladolid, California, Virxinia, Baía Branca, Asunción, Innsbruck e Salzburgo. Tamén foi director da colección de estudos de crítica e filoloxía El Soto, da editorial Prensa Española. É membro correspondente da Real Academia Galega, da Real Academia Española e da Real Academia de Historia.

Ten impartido cursos e conferencias en distintas universidades e centro culturais europeos e americanos. Son libros da súa autoría *Poesía y Restauración cultural de Galicia en el siglo XIX* (1958), *Vida y obra literaria de Gregorio Romero Larrañaga (1814-1872)*³⁷ (1948), *Ensayos de poesía indígena en Cuba* (1951), *Nicolás Guillén (Selección, prólogo y glosario)* (1952) e *Larra y España* (1983).

Moi abundantes son os traballos de creación literaria, moitos deles sobre temas de literatura galega, en distintos medios especializados, tales como *Arbor* (1944), *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1944), *Papeles de Son Armadans* (1952), *Revista de Literatura* (1952) ou *Grial* (1963). Citemos entre eses estudios, “El celtismo de Pondal” (1950), “Literatura y Regionalismo en Galicia” (1952), “Curros o el Progreso”, “Galicia. Carta a Vicente Risco” —os dous de 1953—, “Sobre la saudade”, “Cartas a Murguía” (1954), “Vicente Risco (1884-1963): in memoriam” (1963), “Rosalía y sus límites” (1966), “El mundo de lo grotesco en Valle-Inclán” (1967) e “Risco y el Diablo” (1968).



³⁷ Este traballo corresponde á súa tese de doutoramento na Facultade de Filosofía e Letras.

VÁZQUEZ CUESTA, Pilar

Filla de Daniel Vázquez, deputado en 1931 das Constituíntes pola ORGA, e de Modesta Cuesta, a primeira muller licenciada en Farmacia na Universidade de Santiago de Compostela, nace Pilar Vázquez Cuesta o 25 de abril de 1926 en Chantada (Lugo), pero dende moi nena residirá fóra de Galicia, xa que os seus pais establecen a súa residencia en Madrid, onde Pilar acudirá á Universidade Complutense para estudiar Filosofía e Letras, especializándose en lingua e literatura portuguesas. Foi premio extraordinario en 1946 e doutorouse en 1961 coa tese "El concepto de España y de los españoles en la literatura portuguesa del siglo XIX". Amplía estudos en Coímbra e viaxa por toda Europa e polo Brasil. En 1956 gaña a cátedra de portugués da Escola Superior de Comercio de Madrid, seis anos máis tarde, en 1962, é profesora adxunta de Filoloxía Románica na Complutense. En 1976 gaña por oposición a praza de agregada na Universidade de Salamanca, da que será catedrática dende 1982 e posteriormente remata na Universidade de Santiago de Compostela, onde exercerá ata a súa xubilación. Actualmente é catedrática emérita de Lingua e Literatura Portuguesas na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela.

A súa produción é predominantemente ensaística (máis de 50 volumes) empregando tanto o galego como o castelán ou o portugués. En galego salientámolo a súa colaboración na obra colectiva *Problemática das linguas sen normalizar* (1980), en portugués *España ante o ultimatum* (1975) pero é no castelán onde é más significativo o seu labor: *Tres poetas do Brasil: Bandeira, Drummond, Schmidt* (1950) —xunto con Leónidas e Vicente Sobrino Porto—, *Miguel Torga: antología poética* (1952), *La poesía portuguesa actual* (1976), *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas* (1980) e *Miguel Torga. Poemas ibéricos* (1984), ademais da súa aportación en *Homenaje universitario a Dámaso Alonso* (1970).

De esquerda a dereita, Pilar Vázquez Cuesta, Luz Pozo e Luz Pozo e Luz Pozo e Pura Vázquez.

Tamén é autora, en colaboración con María Albertina Mendes da Luz, dunha *Gramática portuguesa* (1949), en castelán, traducida ó portugués en 1980.

Pero un dos seus labores fundamentais é o de traductora de autores portugueses e brasileiros principalmente ó castelán. Destacámolo-las seguintes obras: *F. Carvalho Henriques: La gerencia y el personal...* (1953), *Fernando Namora: Escenas de la vida de un médico* (1954), *José Osorio de Oliveira: Pequeña historia de la literatura brasileña* (1958), *Viana Moog: Bandeirantes y pioneros* (1965) e *Claudio Murilo: Escrito en la carne* (1984). Tamouco podemos esquecer a edición da obra de Eça de Queiroz, *El mandarín* (1990).

Publicou numerosos traballos de investigación en revistas como *Revista de Occidente* (1923), *Espadaña* (1944), *Ínsula* (1946), *Verbo* (1946), *Cuadernos Hispanoamericanos* (1948) e *Grial* (1963) entre os que destacamos "Sobre a lira lusitana de Curros Enríquez: Poesías perdidas y nuevamente halladas" (1968), "Curros, os escritores portugueses e o Ultimatum" (1974), "O profesor Hernani Cidade", "A correspondencia de Vicente Risco con Teixeira de Pascoaes", "A recepción da obra de Rosalía en Portugal" e "Cunqueiro e o bilingüismo".

Outro aspecto do traballo realizado por Pilar Vázquez Cuesta é o referido ás innumerables conferencias, comunicacións e congresos nos lugares máis diversos, dende Portugal (Coímbra, Lisboa, Aveiro) ata Brasil (Baía, Río de Xaneiro), pasando por Europa (París, Limoges, Aix-en-Provence) e por suposto todo o territorio español (A Coruña, Oviedo, Salamanca, Cáceres, Granada, Madrid, etc.)



VÁZQUEZ IGLESIAS, Pura

O 30 de marzo de 1918 naceu Pura Vázquez en Ourense. Realizou na súa cidade natal os estudos de Bacharelato para despois ingresar na Escola de Maxisterio e acada-lo título de maxisterio primario. En 1944 obtivo a praza de mestra nacional e dende entón dedicouse case ininterrupidamente á docencia en distintos puntos da xeografía galega e castelá. Fixo tres viaxes a Venezuela, instalando a súa residencia en Caracas, cidade na que traballou e viviu durante varios anos. Alí foi mecanógrafa, secretaria da Escola de Periodismo da Universidade Central de Caracas e directora do Arquivo Fotográfico do Instituto Nacional de Cooperación Educativa. Tras vivir moito tempo lonxe de Galicia, regresou definitivamente por motivos de saúde para se dedicar de novo ó exercicio da súa profesión. Reside hoxe no seu Ourense natal coa súa irmá Dora, poeta tamén. Xubilada dende 1984, dedica agora o seu tempo a revisa-la súa obra e a escribir novos poemas, actividade que segue a se-la súa maior afeción.

A creación literaria de Pura Vázquez céntrase no cultivo da poesía³⁸, tanto en galego como en castelán, labor que compaña coa actividade prosística e dramática. Xa na época de estudiante escribía poemas e contos e cando contaba tan só catorce anos publicou os seus primeiros versos en dous xornais da prensa ourensá: *La Zarpa*, desaparecido ó comezo da Guerra, e *La Región*. A súa actividade poética xa non se paralizou en adiante, a pesar da penuria dos anos da posguerra que dificultou a publicación do seu primeiro libro de poemas. Foi un compañoiro de oficina quen pagou os gastos de edición do seu primeiro libro, *Peregrino de amor* (1943). Contiña este volume na súa terceira parte titulada "Lira galaica" nove poemas³⁹ escritos en lingua galega, composicións marcadas por un realismo tradicional inscrito na natureza. Tamén na nosa lingua editou, entre outros, *Íntimas* (1952), *Maturidade* (1955), *A saudade i outros poemas* (1963), *Versos pra os nenos da aldea* (1968), *Os poetas* (1971), *O desacougo* (1971) e *Oriolos neneiros* (1975), en colaboración con Dora Vázquez. Xa na década dos noventa aparecen *Verbas na edra do vento*, *Zodíaco*, *Anos de navegar* (todas de 1992), *Desmemoria do río* (1993) e *Man que escribiu no mar* (1993), onde continúa a amosa-las mesmas inquietudes presentes na totalidade da súa obra: a violencia no mundo, os fillos, o amor, Galicia, a fatalidade da emigración e o ineludible desexo de volver á terra. En 1994, co título *A carón de min*, publicouse unha selección dos seus poemarios galegos con prólogo de Víctor Campio Pereira e ilustracións de Carlos González. Pura é unha das poucas poetas galegas que cultiva a composición pechada, especialmente o soneto. *Se digo Ourense* (1994) é a última mostra poética en galego desta autora ourensá.

Ademais escribiu unha novela, *Segundo Pereira* (1978), en colaboración coa súa irmá Dora. Tamén en colaboración con ela publicou dúas obras de teatro infantil, *Monicreques*⁴⁰ (1974) e *Ronseles*⁴¹ (1980), que recrean un mundo idealizado cheo de imaxinación e tenrura. Ademais



³⁸ En *Antología* (1990), *Antoloxía* (1991), e máis en *Se digo Ourense* (1994) figura unha puntual bibliografía do conxunto da obra poética de Pura Vázquez.

³⁹ Inclúense neste apartado composicións como "O paxaro y-a rosa", "As margaridas", "Anduriña", "O sol y-a rosa" e "Fogar".

⁴⁰ Onde aparecen insertas as pezas "O paxaro azul" e "O trasno enredador".

⁴¹ Libro que recolle as pezas "Estreliña terra" e "O anel de Pirimpiña".

tirou do prelo varios poemarios en castelán, produción que se enceta con *Peregrino de amor* (1943), seguida por *Márgenes veladas* (1944), *En torno a la voz* (1948), *Desde la niebla* (1951), *Madrugada fronda* (1951), *Columpio de Luna a Sol* (1952), *Tiempo mío* (1952), *Destinos* (1955), *Mañana del amor* (1956), *Presencia de Venezuela* (1966), *Rondas de norte a sur* (1968), *Los poetas* (1971), *Los sueños desandados* (1974), *Fantasías infantiles* (1980), *Contacto humano de recuerdo* (1985) e *13 poemas a mi sombra* (s. d.).

En situación de inéditos, Pura Vázquez conta con varios libros escritos entre 1990 e 1995, algúns deles xa no prelo. No apartado poético, títulos en castelán como *Río de la memoria* ou *Los silencios se alargan*; en galego, *Anos de navegar*, *Desmemoriado río* ou *Orballa en tempo lento*. Tamén sen publicar permanecen *Borboriños* (libro de contos) e *Os Aldán foron a América* (novela).


É membro correspondente da R. A. G. dende o 17 de abril de 1949 e membro de honra da Asociación Internacional Cultura e Paz. Ten recibido, entre outras distincións, a Medalla da Real Academia Galega de Artes e Letras do Centro Galego de Madrid, o primeiro premio Antón Vilar Ponte do Centro Gallego de Bos Aires, o primeiro premio de poesía Educación e Descanso, dous primeiros premios de poesía e de conto de *La Región* de Ourense, dúas veces primeiro accésit do premio Cidade de Barcelona, terceiro accésit do premio Boscán con *Desde la niebla*, primeiro accésit de teatro infantil con *El pájaro azul* e primeira mención honorífica no Certame Nacional de Teatro Infantil con *El payaso de trapo*. Ademais ten pronunciado recitais poéticos na B. B. C. de Londres e nas máis prestixiosas emisoras radiofónicas de España e Venezuela. O seu nome está presente en antoloxías poéticas de España e do estranxeiro como nas de Diego Marín, Enrique Azcoaga, Ernestina Champourcín e en numerosos diccionarios e estudos literarios.

Un capítulo importante do labor literario de Pura Vázquez é o seu paso por unha morea de xornais e revistas. En tempos anteriores á Guerra Civil colabora xa en *La Zarpa* (1921), e en *Galicia* (1929), logo, os seus poemas e artigos aparecerán en *La Voz de Galicia* (1882), *La Región* (1910), *El Ideal Gallego* (1917) e *La Noche* (1946), así como en *ABC* e en *Informaciones de Madrid*.

Non faltan os seus poemas en revistas galegas como *Sonata Gallega* (1944), *Posío* (1945), *Alba* (1948), *Posío. Arte y Letras* (1951), *Mensajes de poesía* (1951), *Aturuxo* (1952), e *Atlántida* (1954). É Pura Vázquez, de tódolos poetas galegos, a máis representada nas revistas poéticas españolas entre 1939 e 1975. Os seus poemas figuran, xa que logo, en *La Estafeta Literaria* (1944), *Platero* (1948), *Correo Literario* (1950), *La Calandria* (1951), *Umbral* (1951), *Arquero de Poesía* (1952), *Caracola* (1952), *Dabo* (1952), *Poesía Española* (1952), *Grímpola* (1957), *Babía* (1968), etc. Como mestra nacional, comparece tamén en revistas de maxisterio como *Escuela Española* e *El Magisterio Español*.

Froito dos moitos anos de estancia en Venezuela é a súa presencia nos xornais daquel país como *El Nacional*, *El Universal* e *La Esfera*, todos eles de Caracas; tamén en revistas como *Elite*, *Momento*, *Páginas*, *Antorcha*, *Vida y Letras*, *Árbol de Fuego*, *Lírica Hispana*, *Poesía de Venezuela*, *Shell*, *Creole*. E aínda ten poemas espallados por outras de moi diferentes xeografías: *Céltica*, de Portugal; *La Gazzetta de las Letras*, de Italia, *Boreal*, de Canadá; *Puerto Norte y Sur*, de Porto Rico; *Alalud*, de California, e no xornal *El Universal*, de Ecuador. En fin, colaborou tamén nas revistas galegas da emigración e do exilio como nas mexicanas *Saudade e Vieiros*, así como noutras das casas e centros galegos da Arxentina, Uruguai, Venezuela e Nova York.

ÍNDICES



5.1. Sumarios

Número 1 (Xullo, 1945)

- “Bajo los piés de Até”
Anónimo
“Al final”
Pura Vázquez
“Posío”
Santiago Amaral
“París”
José M^a Castroviejo
“El mito de las madres”
Vicente Risco
“Después del alma”
Enrique Azcoaga
“A fragata vella” (MN)¹
“SÓS” (MN)
“Recalada” (MN)
“Adeus” (MN)
Manuel Antonio
“Madrigal desesperado”
José García Nieto
“He de morirme en la mar mayor”
José Luis Varela
“Soneto para alguien con gafas negras”
“Plaza del trigo”
Alfonso Alcaraz
“Décimas a una alucinación de ojos”
Segundo Alvarado
“Ramoncito y Carmelita”
Segundo F. Covelo
“Posío representa...”
Anónimo

Número 2 (1945)

- “Londres”
“Berlín”
José M^a Castroviejo
“Montefurado”
José Luis Varela
“¿Qué hicimos del amor?”
Mercedes Chamorro

¹ Sección Musa al Noroeste.

"Viejo testamento"
Alfonso Alcaraz
"En o sagrad'en Vigo" (MN)
"Mandad'e comigo" (MN)
"Ay, deus, sab'ora, meu amigo" (MN)
"Quantas sabedes amar amigo" (MN)
Martín Codax
"...E vou namorada"
Segundo Alvarado
"Amor"
"A un ramo de jazmines"
Pura Vázquez
"Canción"
Eugenio de Nora
"Una muchacha mongbetu"
Vicente Risco
"Elegía"
Pedro Lezcano

Número 3 (1946)

"Oda al botafumeiro"
Joaquín de Entrambasaguas
"Subida"
Pura Vázquez
"Salmo de la infinitud de Dios"
José María Valverde
"Aurora"
Marcelo Arroita-Jáuregui
"Poemas de la vocación"
Carmen Conde
"Alba"
"Como tormenta"
Manuel Alonso Alcalde
"Paráfrasis de Virxilio" (MN)
"Serán en Esposende" (MN)
"Visita de cántigas" (MN)
"A Otero Pedraio trogando uns libros" (MN)
Fermín Bouza Brey
"Viniste a la ciudad"
María del Pilar Vázquez Cuesta
"Niebla"
Alfonso Alcaraz
"Camila (Diez minutos a las puertas del monte)"
José Luis Varela
"Ansia"
"Entrega"
Segundo Alvarado

"Muerte, pensada muerte"
Joaquín Blanco Montes de Oca
"Publicaciones y noticias"

Número 4 (1946)

- "Ritmo de mar"
Gerardo Diego
"El retablo"
Santiago Amaral
"Ginés Liébana. Ibiza 35"
Pablo García-Baena
"A Piornedo?, en la sierra de Ancares"
José María Castroviejo
"Abandonado del amor"
Fernando González
"Sandor Alejandro Petofi" (MN)
Aquilino Iglesia Alvariño
"Milagre d'amor" (MN)
Pura Vázquez
"A un rapaz galego dende Cornualles" (MN)
F. Bouza Brey
"Iste verso, ista chama" (MN)
Álvaro Cunqueiro
"Soldado muerto"
Segundo Alvarado
"Ruán"
Álvaro Cunqueiro
"Atardecer"
Manuel Fabeiro Gómez
"Soneto de la novia perdida en el mar"
Félix Buisán Cidores
"Recuerda: El caracol. Los pies desnudos. La magnolia"
José Luis Varela
"Noche"
Alfonso Alcaraz
"Momento"
José Ángel Valente
"Los libros recibidos"

5.2. Colaboradores

A.

Ramo de romeros (LR)², nº 4

² Sección Los libros recibidos.

- Alcaraz, Alfonso
 "Niebla", nº 3
 "Noche", nº 4
 "Plaza del trigo", nº 1
 "Soneto para alguien con gafas negras", nº 1
 "Viejo testamento", nº 2
- Alonso Alcalde, Manuel
 "Alba", nº 3
 "Como tormenta", nº 3
- Alvarado, Segundo
 "Ansia", nº 3
 "Décimas a una alucinación de ojos", nº 1
 "...E vou namorada", nº 2
 "Entrega", nº 3
 "Soldado muerto", nº 4
- Anónimo
 "Bajo los piés de Até", nº 1
 "Posío representa...", (sen título), nº 1
 "Publicaciones y noticias", nº 3
Tiempo literario (tomo II) (LR), nº 4
- Arroita-Jáuregui, Marcelo
 "Aurora", nº 3
- Azcoaga, Enrique
 "Después del alma", nº 1
- Blanco Montes de Oca, Joaquín
 "Muerte, pensada muerte", nº 3
- Bouza Brey, Fermín
 "A Otero Pedraio trogando uns libros" (MN), nº 3
 "A un rapaz galego dende Cornualles" (MN), nº 4
 "Paráfrasis de Virxilio" (MN), nº 3
 "Serán en Esposende" (MN), nº 3
 "Visita de cántigas" (MN), nº 3
- Buisán Cidores, Félix
 "Soneto de la novia perdida en el mar", nº 4
- C.
Presencia fiel (LR), nº 4
- Castroviejo, José María
 "A Piornedo?, en la sierra de Ancares", nº 4
 "Berlín", nº 2
 "Londres", nº 2
 "París", nº 1
- Chamorro, Mercedes
 "¿Qué hicimos del amor?", nº 2
- Conde, Carmen
 "Poemas de la vocación", nº 3
- Cunqueiro, Álvaro
 "Iste verso, ista chama" (MN), nº 4
 "Ruán", nº 4

Diego, Gerardo

“Ritmo de mar”, nº 4

Entrambasaguas, Joaquín de

“Oda al botafumeiro”, nº 3

F. Covelo, Segundo

“Ramoncito y Carmelita”, nº 1

Fabeiro Gómez, Manuel

“Atardecer”, nº 4

García Baena, Pablo

“Ginés Liébana. Ibiza 35”, nº 4

García Nieto, José

“Madrigal desesperado”, nº 1

González, Fernando

“Abandonado del amor”, nº 4

Iglesia Alvariño, Aquilino

“Sandor Alejandro Petofi” (MN), nº 4

Lezcano, Pedro

“Elegía”, nº 2

Manuel Antonio

“Adeus” (MN), nº 1

“A fragata vella” (MN), nº 1

“SÓS” (MN), nº 1

“Recalada” (MN), nº 1

Martín Codax

“Ay, deus, sab’ora, meu amigo” (MN), nº 2

“En o sagrad’en Vigo” (MN), nº 2

“Mandad’e comigo” (MN), nº 2

“Quantas sabedes amar amigo” (MN), nº 2

Nora, Eugenio de

“Canción”, nº 2

Risco, Vicente

“El mito de las madres”, nº 1

“Una muchacha mongbetu”, nº 2

Santiago Amaral

“El retablo”, nº 4

“Posío”, nº 1

V.

Ventura preferida (LR), nº 4

Vergel habitado (LR), nº 4

Valente, José Ángel
“Momento”, nº 4

Valverde, José María
“Salmo de la infinitud de Dios”, nº 3

Varela, José Luis
“Camila (Diez minutos a las puertas del monte)”, nº 3
“He de morirme en la mar mayor”, nº 1
“Montefurado”, nº 2
“Recuerda: El caracol. Los pies desnudos. La magnolia”, nº 4

Vázquez, Pura
“Al final”, nº 1
“Amor”, nº 2
“A un ramo de jazmines”, nº 2
“Milagre d'amor” (MN), nº 4
“Subida”, nº 3

Vázquez Cuesta, María del Pilar
“Viniste a la ciudad”, nº 3

5.3. Textos

a) Verso

“A fragata vella” (MN), nº 1
Manuel Antonio

“A Otero Pedraio trogando uns libros” (MN), nº 3
Fermín Bouza Brey

“A Piornedo?, en la sierra de Ancares”, nº 4
José María Castroviejo

“A un ramo de jazmines”, nº 2
Pura Vázquez

“A un rapaz galego dende Cornualles” (MN), nº 4
F. Bouza Brey

“Abandonado del amor”, nº 4
Fernando González

“Adeus” (MN), nº 1
Manuel Antonio

“Al final”, nº 1
Pura Vázquez

“Alba”, nº 3
Manuel Alonso Alcalde

“Amor”, nº 2
Pura Vázquez

“Ansia”, nº 3
Segundo Alvarado

“Atardecer”, nº 4
Manuel Fabeiro Gómez

"Aurora", nº 3

Marcelo Arroita-Jáuregui

"Ay, deus, sab'ora, meu amigo" (MN), nº 2

Martín Codax

"Berlín", nº 2

José M^a Castroviejo

"Canción", nº 2

Eugenio de Nora

"Como tormenta", nº 3

Manuel Alonso Alcalde

"Décimas a una alucinación de ojos", nº 1

Segundo Alvarado

"Después del alma", nº 1

Enrique Azcoaga

"Elegía", nº 2

Pedro Lezcano

"En o sagrad'en Vigo" (MN), nº 2

Martín Codax

"Entrega", nº 3

Segundo Alvarado

"Ginés Liébana. Ibiza 35", nº 4

Pablo García-Baena

"Iste verso, ista chama" (MN), nº 4

Álvaro Cunqueiro

"Londres", nº 2

José M^a Castroviejo

"Madrigal desesperado", nº 1

José García Nieto

"Mandad'e comigo" (MN), nº 2

Martín Codax

"Milagre d'amor" (MN), nº 4

Pura Vázquez

"Momento", nº 4

José Ángel Valente

"Muerte, pensada muerte", nº 3

Joaquín Blanco Montes de Oca

"Niebla", nº 3

Alfonso Alcaraz

"Noche", nº 4

Alfonso Alcaraz

- "Paráfrasis de Virxilio" (MN), nº 3
Fermín Bouza Brey
- "París", nº 1
José M^a Castroviejo
- "Plaza del trigo", nº 1
Alfonso Alcaraz
- "Quantas sabedes amar amigo" (MN), nº 2
Martín Codax
- "¿Qué hicimos del amor?", nº 2
Mercedes Chamorro
- "Recalada" (MN), nº 1
Manuel Antonio
- "Salmo de la infinitud de Dios", nº 3
José María Valverde
- "Sandor Alejandro Petofi" (MN), nº 4
Aquilino Iglesia Alvariño
- "Serán en Esposende" (MN), nº 3
Fermín Bouza Brey
- "Soneto para alguien con gafas negras", nº 1
Alfonso Alcaraz
- "SÓS" (MN), nº 1
Manuel Antonio
- "Subida", nº 3
Pura Vázquez
- "Ritmo de mar", nº 4
Gerardo Diego
- "Soldado muerto", nº 4
Segundo Alvarado
- "Soneto de la novia perdida en el mar", nº 4
Félix Buisán Cidores
- "Viejo testamento", nº 2
Alfonso Alcaraz
- "Viniste a la ciudad", nº 3
María del Pilar Vázquez Cuesta
- "Visita de cántigas" (MN), nº 3
Fermín Bouza Brey

b) Prosa

b.1. Prosa literaria

- "Bajo los piés de Até", nº 1
Anónimo

"Camila (Diez minutos a las puertas del monte)", nº 3
José Luís Varela

"...E vou namorada", nº 2
Segundo Alvarado
"El mito de las madres", nº 1
Vicente Risco
"El retablo", nº 4
Santiago Amaral

"He de morirme en la mar mayor", nº 1
José Luís Varela

"Montefurado", nº 2
José Luís Varela

"Oda al botafumeiro", nº 3
Joaquín de Entrambasaguas

"Poemas de la vocación", nº 3
Carmen Conde
"Posío", nº 1
Santiago Amaral

"Ramoncito y Carmelita", nº 1
Segundo F. Covelo
"Recuerda: El caracol. Los pies desnudos. La magnolia", nº 4
José Luís Varela
"Ruán", nº 4
Álvaro Cunqueiro

"Una muchacha mongbetu", nº 2
Vicente Risco

b.2. Prosa varia: recensiós e outras notas

Recensiós de revistas

"Boletín de la Real Academia Gallega (nºs 277-280)" (PN)³, nº 3

"Espadaña (nº 18)" (PN), nº 3

"Halcón (nºs 1, 2)" (PN), nº 3

"Mensaje (nº 10)" (PN), nº 3

³ Sección Publicaciones y noticias.

"*Proel* (nºs 15-17)" (PN), nº 3

"*Sonata Gallega*" (PN), nº 3

Recensiós de libros⁴

Presencia fiel, de Pedro Pérez Clotet (LR), nº 4
C.

Ramo de romeros, de Mercedes Chamorro (LR), nº 4
A.

Tiempo literario (tomo II), de Pedro Pérez Clotet (LR), nº 4
Anónimo

Ventura preferida, de José María Luelmo (LR), nº 4
V.


Vergel habitado, de José María Luelmo (LR), nº 4
V.

Outras notas

"*Posío representa...*" (sen título), nº 1
Anónimo

⁴ As iniciais C., A. e V. representan, respectivamente, a Fernández Covelo, Alfonso Alcaraz e José Luis Varela.

BIBLIOGRAFÍA SOBRE POSÍO



ALTABELLA, José, "Notas para una historia de la prensa en Ourense", en *La Región*, Ourense, 14-II-1960, pp. 19-21.

ALVARADO, Segundo, "La vieja revista *Posío* analizada por el profesor Moreiras Montero", en *La Región*, Ourense, 13-II-1983.

CANDIL (Ramón González-Alegre), "Pulso y tiempo", en *Alba*, nº 4, Vigo, 1950.

FERNÁNDEZ PULPEIRO, Juan C., *Apuntes para la historia de la prensa del siglo XIX en Galicia*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Investigación Universitaria, 1981, p. 327.

FERNÁNDEZ TEIXEIRO, Manuel María, "Breve noticia de las revistas y publicaciones poéticas de Galicia", en *Poesía Española*, nºs 140-141, Madrid, 1964, pp. 30-31.

MÉNDEZ FERRÍN, X. L., *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1992, pp. 216 e 228.

MOLINA, César A., *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1989, pp. 512-515.

OUTERIÑO, Maribel, "Un jardín donde crecían poemas", en *La Región*, Ourense, 23-VII-1989.

RODRÍGUEZ, Luciano, *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, s.d., p. 97.

RUBIO, Fanny, *Las revistas poéticas españolas (1939-1975)*, Madrid: Turner, 1976, pp. 398 e ss.

s. s., "Posío representa una nueva manifestación..", en *Posío*, nº 1, Ourense, 1945.

s. s., "Posío", en *Espadaña*, sección Crítica y notas, nº 17, León, 1945.


s. s., "Publicaciones. El último número de Posío", en *La Noche*, Santiago de Compostela, 1-III-1947.


SALVADOR LORENZANA, "Publicaciones poéticas", en *La Noche*, Santiago de Compostela, 11-VII-1949.


SANTOS GAYOSO, Enrique, *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 1990, p. 687.

VALCÁRCEL LÓPEZ, Marcos, *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Ourense: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 1987, pp. 223-224.

VARELA JÁCOME, Benito, "Prólogo" a Miguel González Garcés, *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)*, Sada-A Coruña: Ediciones del Castro, vol. I, 1976, p. 38.










ISBN 84-453-1394-0



9788445 313947



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA